



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLA OFICIAL DE
IDIOMAS DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE INGLÉS

CURSO 2023/2024

Contido

1. INTRODUCCIÓN	4
1.1. MARCO LEGAL	4
1.2. CONTEXTO EDUCATIVO	4
2. NIVEL BÁSICO A1 E A2	5
2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	6
2.2. OBXECTIVOS XERAIS	6
2.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	8
BÁSICO A1	9
BÁSICO A2 E BÁSICO A1A2	29
3. NIVEL INTERMEDIO B1 E B2	49
3.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	49
3.2. OBXECTIVOS XERAIS	50
3.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	51
INTERMEDIO B1	53
INTERMEDIO B2.1	74
INTERMEDIO B2.1 SEMIPRESENCIAL	89
INTERMEDIO B2.2	105
INTERMEDIO B2.2 SEMIPRESENCIAL	119
4. NIVEL AVANZADO C1 E C2	134
4.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	134
4.2. OBXECTIVOS XERAIS	134
4.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	136
AVANZADO C1.1	138
AVANZADO C1.1 SEMIPRESENCIAL	148
AVANZADO C1.2	163
AVANZADO C1.2 SEMIPRESENCIAL	173
AVANZADO C2	185
AVANZADO C2 SEMIPRESENCIAL	196
5. AVALIACIÓN	212
5.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN	212
5.2. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	212
5.2.1. AVALIACIÓN INICIAL	213
5.2.2. AVALIACIÓN FORMATIVA	213
5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO	214
5.2.4. PROBA FINAL DE PROMOCIÓN E DIRECTRICES PARA A SÚA ELABORACIÓN	214
5.2.5. PRBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN	215

5.2.6. AUTOAVALIACIÓN.....	216
5.3. CONVOCATORIA DAS PROBAS	217
5.4. ASISTENCIA	217
5.5. SESIÓNS DE ESTANDARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS	217
5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	218
6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS	218
7. RECURSOS DIDÁCTICOS	221
8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO	221
9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO	221
10. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC.....	224
11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	225
12. OUTROS CURSOS	228
12.1. CURSOS MONOGRÁFICOS.....	229
12.2 CURSOS CALC E FOR.....	284
12.3. THAT’S ENGLISH.....	287
13. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	288
14. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	290
15. PROCEDEMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO	291

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 16 de maio de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023-2024.

1.2. CONTEXTO EDUCATIVO

O Departamento de inglés da EOI de Santiago de Compostela actualmente conta con 38 profesores, gran parte deles funcionarios de carreira con destino definitivo no centro. Ao longo do curso prevese a incorporación de 5 profesores máis a media xornada para cubrir reducións de xornada do profesorado titular.

Polo que respecta ao alumnado, atopámonos cun alumnado heteroxéneo que, polo tanto, terá diferente:

- nivel de estudos (estudos primarios, secundarios ou universitarios);
- capacidade e ritmo de aprendizaxe;
- interese pola lingua (profesional e laboral, académico ou persoal);
- alfabetización tecnolóxica;
- idade (desde menores de idade a xubilados);
- condicións socioeconómicas (desempregados, persoal da administración pública, alumnado de secundaria ou universitario, persoal docente, etc.);
- coñecemento e contacto previo coa lingua;
- modalidade de acceso aos cursos e niveis que ofrece o departamento.

Se nos centramos nos dous aspectos máis importantes para analizar o contexto educativo do alumnado (o seu interese pola lingua e a modalidade de acceso aos estudos ofertados polo departamento), cómpre comentar o seguinte.

A respecto do interese do alumnado pola lingua, o alumnado que estuda inglés ten a necesidade de aprender e perfeccionar a lingua porque:

- desenvolve unha profesión relacionada co turismo (guía, dependente en comercio, empregado dun establecemento hoteleiro...), co comercio (dependente de comercio, importación e exportación de produtos...) ou quere mellorar o seu currículo;
- precisa un certificado de nivel por motivos académicos (estudantes de secundaria ou universitarios) ou profesionais;
- realiza cursos de linguas para a súa formación profesional (profesorado de primaria e de secundaria);
- ten un interese persoal ao contar con familia ou amigos en/de países nos que se fala a lingua ou porque realiza viaxes de pracer;
- está interesado en facer unha actividade de carácter intelectual no seu tempo libre;
- quere perfeccionar o aprendido no ensino obrigatorio.

No que se refire á modalidade de acceso aos cursos e niveis ofertados polo departamento, atopámonos coas seguintes tipoloxías:

- principiantes absolutos, é dicir, alumnado que accede ao curso A1 ou A1/A2.
- procedente das probas de clasificación, é dicir, alumnado que accedeu, sen certificación, a cursos de A2, B1, B2, C1 ou C2 na convocatoria deste ano ou do curso anterior;
- que conta cunha certificación de EOI en anteriores convocatorias tanto do plano de estudos do 2007 coma do 1989);
- que promocionou de curso dentro da EOI nalgún curso anteriores ou que repite curso;
- con certificacións doutras institucións nacionais (por exemplo, Centro de Linguas Modernas da USC) ou internacionais.

O Departamento de inglés ofrece no presente ano académico para cubrir a demanda de prazas existente os seguintes cursos:

CURSOS OFICIAIS			
Nivel		Nº de grupos	Horario
A1		5	mañá e tarde
A1/A2		5	mañá e tarde
A2		9	mañá e tarde
B1		21	mañá e tarde
B2.1	7	16	mañá e tarde
	semipresencial	4	mañá e tarde
B2.2	presencial	12	mañá e tarde
	semipresencial	5	mañá e tarde
C1.1	presencial	12	mañá e tarde
	semipresencial	5	mañá e tarde
C1.2	presencial	10	mañá e tarde
	semipresencial	2	mañá e tarde
C2	presencial	5	mañá e tarde
	semipresencial	3	mañá e tarde
CURSOS MONOGRÁFICOS PARA O PÚBLICO EN XERAL			
B2	presencial	3	mañá e tarde
	semipresencial (para xornalistas)	1	tarde
C1	presencial	5	mañá e tarde
	semipresencial	2	tarde
C2	presencial	1	tarde
CURSOS DE FORMACIÓN PARA PROFESORADO EN COLABORACIÓN CO CAFI			
B2	presencial	2	tarde
C1	presencial	2	tarde
	semipresencial	1	tarde
C2	presencial	2	tarde
TITORÍAS DE THAT'S ENGLISH			
B1		2	mañá e tarde
B2.1		2	mañá e tarde
B2.2		2	mañá e tarde
C1		2	mañá e tarde

2. NIVEL BÁSICO A1 E A2

O currículo do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten a finalidade de dar resposta ás necesidades dunha comunicación eficaz na sociedade actual plurilingüe e pluricultural.

O proceso de ensino e aprendizaxe de idiomas parte dun modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación, tal e como se define no Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MECRL) e na Lei orgánica de educación (LOE), do 3 de maio de 2006 (BOE do 4 de maio), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. O

nivel básico das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia A2 do MECR: os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección de contidos e os criterios xerais de avaliación son coherentes co establecido para este nivel e co enfoque orientado á acción polo que se pronuncia o MCER.

O Departamento de inglés, tal e como establece o Decreto 81/2018, desenvolverá as ensinanzas deste nivel a través de cursos de nivel A1 e A2, así coma a través de cursos integrados de A1/A2 nun só ano académico.

2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

BÁSICO A1

O alumnado que supere o nivel básico A1 será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

BÁSICO A2

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

2.2 OBXECTIVOS XERAIS

As ensinanzas do nivel básico A1 teñen por obxecto capacitar o alumnado para desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Este nivel de uso do idioma permitirá, igualmente, actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación. Con este fin, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

As ensinanzas do nivel básico A2 teñen a finalidade de capacitar o alumnado para levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Este nivel de uso do idioma permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

Con esta finalidade, o alumnado deberá adquirir as competencias que lle permitan utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro, que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes aos niveis básico A1 e básico A2 respectivamente, o alumnado será capaz de:

	A1	A2
CTO	Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.	Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.
PCTO	Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.	Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.
CTE	Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.	Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.
PCTE	Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiáns e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.	Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.
MEDIACIÓN	Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.	Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

Os obxectivos específicos, actividades, competencias e contidos, criterios de avaliación e mínimos exixibles, secuenciados por unidades didácticas e cuatrimestres, é unha ferramenta dinámica e flexible; como tal, poderá ser modificada en calquera momento segundo as necesidades do alumnado da clase.

A relación de actividades que se especifican en cada unidade hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo.

Os libros de texto que se utilizarán son:

Cursos A1: *English File A1. Fourth edition*. Editorial Oxford.

Cursos A1/A2 e cursos A2: *English File A1/A2. Fourth edition*. Editorial Oxford.

Estes manuais completaranse con distintos materiais doutros métodos comunicativos e materiais auténticos de elaboración propia acordes co currículo e coa programación xeral.

O curso académico está dividido en dous cuatrimestres. A duración de cada sesión de docencia é de 120 minutos.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos ao alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan realimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de realimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

BÁSICO A1

UNIDADE 1: A CAPPUCCINO, PLEASE / WORLD MUSIC			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.		
CTE	Comprender formularios escritos moi básicos con información persoal		
PCTO	Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.		
PCTE	Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.		
MED	Transmitir lle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV – Discursivos
Convencións sociais Fórmulas de cortesía en situacións de vida cotiá.	Ensaia o texto oral ou escrito, mediante a repetición de modelos de textos. Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.	Usos sociais da lingua: Saudar e despedirse. Presentarse ou presentar a alguén. Control da comunicación: Solicitarlle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión. Información xeral: Pedir e dar información sobre datos persoais	Formularios Conversas cara a cara
V – Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
O verbo. Formas máis usuais para a expresión de presente do verbo "to be"	Identificación persoal: datos persoais Números 0-10 Días da semana Viaxes: nomes de países e xentilicios	O alfabeto	
Actividades			
<p>Actividade de escoita sobre presentacións iniciais de persoas. Falar e presentación dos alumnos da clase. Cubrir formularios con datos persoais Conversas cara a cara: presentarse e dar información persoal. Escoitar e repetir actividades cos números 0-10 Actividades de fala sobre os días da semana Escoita e actividades de pronuncia con vocabulario de países e nacionalidades. Mostrar un mapa do Reino Unido e localizar as diferentes cidades e monumentos dese país. Actividade de escoita sobre o deletreo de letras do abecedario. Sinalaro vocabulario da clase ou "classroom language" e fan mímica sobre él.</p>			

Visionar un vídeo sobre como se rexistra un cliente nun hotel. Facer un xogo de roles entre un cliente de un hotel e un recepcionista.		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións persoais. Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.	É quen de comprender textos orais e escritos sobre presentacións e lugares de procedencia.
CTE	Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.	É quen de buscar información sobre temas relacionados cos contidos da unidade e usar páxinas web propostas para iso. É quen de coñecer e integrar o vocabulario propio da unidade: números, días da semana e países, e despedidas. É quen de entender e aplicar a gramática da unidade: verbo "to be" (singular).
PCTO	Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras. Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.	É capaz de falar presentándose a si mesma/o e preguntando polo/a outra/o e despedirse. É quen de aprender a deletrear nomes e/ou apelidos ante determinadas situacións da vida real nun restaurante, nun hotel, etc.)
PCTE	Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.	É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos. É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade. É capaz de empregar a puntuación e a ortografía máis elemental. É capaz de intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.
MED	Actúa tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento	É capaz de reconecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un diccionario, e cometer erros.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Libro de texto, fotocopias, audios e vídeos, internet.

UNIDADE 2: ARE YOU ON HOLIDAY? / THAT'S MY BUS!	
Obxectivos específicos por actividades de lingua	
CTO	Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
CTE	Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.
PCTO	Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e reconecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.
PCTE	Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.

MED	Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Estrutura e relacións sociais. Ensañar o texto oral ou escrito Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas. Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos Usos sociais da lingua: Presentarse ou presentar a alguén. Dirixirse a alguén Información xeral: Pedir e dar información sobre datos persoais. Completar un formulario online con información persoal Conversar cara a cara	Estrutura e relacións sociais. Ensañar o texto oral ou escrito Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas. Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos Usos sociais da lingua: Presentarse ou presentar a alguén. Dirixirse a alguén Información xeral: Pedir e dar información sobre datos persoais. Completar un formulario online con información persoal Conversar cara a cara	Estrutura e relacións sociais. Ensañar o texto oral ou escrito Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas. Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos Usos sociais da lingua: Presentarse ou presentar a alguén. Dirixirse a alguén Información xeral: Pedir e dar información sobre datos persoais. Completar un formulario online con información persoal Conversar cara a cara	Estrutura e relacións sociais. Ensañar o texto oral ou escrito Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas. Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos Usos sociais da lingua: Presentarse ou presentar a alguén. Dirixirse a alguén Información xeral: Pedir e dar información sobre datos persoais. Completar un formulario online con información persoal Conversar cara a cara
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
O verbo. Formas máis usuais para a expresión de presente do verbo "to be" formas en plural. Partículas interrogativas : wh-, how Nomes de países e xentilicios Números 11-100 Identificación persoal: datos persoais Recoñecemento e produción de sons consonánticos :/dʒ/ / tʃ/ /ʃ/	O verbo. Formas máis usuais para a expresión de presente do verbo "to be" formas en plural. Partículas interrogativas : wh-, how Nomes de países e xentilicios Números 11-100 Identificación persoal: datos persoais Recoñecemento e produción de sons consonánticos :/dʒ/ / tʃ/ /ʃ/		O verbo. Formas máis usuais para a expresión de presente do verbo "to be" formas en plural. Partículas interrogativas : wh-, how Nomes de países e xentilicios Números 11-100 Identificación persoal: datos persoais Recoñecemento e produción de sons consonánticos :/dʒ/ / tʃ/ /ʃ/
Actividades			
<p>Actividades de recoñecemento de nacionalidades. Preguntas con xentilicios e países.</p> <p>Actividades con diferentes tipos de preguntas para obter información persoal e outras situacións cotiás. Reproducir textos orais ou escritos seguindo o modelo dado.</p> <p>Exercicios de repaso.</p> <p>Escoita de textos orais en diferentes contextos de comunicación: conversas sobre procedencia, números, información persoal, etc.</p> <p>Practicar preguntas sobre nacionalidades.</p> <p>Intercambiar información persoal Completar un formulario online con información persoal.</p> <p>Practicar conversas cara a cara partindo de modelos proporcionados.</p> <p>O verbo "to be", formas en plural: we, you, they.</p> <p>Práctica coas partículas interrogativas : wh-, how.</p> <p>Escoitar e repetir os números 11- 100</p> <p>Escoitar, recoñecer e producir sons consonánticos :/dʒ/ / tʃ/ /ʃ/</p>			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	

CTO	Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma. Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.	É quen de comprender textos orais e escritos sobre presentacións e lugares de procedencia. É capaz de falar presentándose a un/unha mesmo/a, e preguntando pola/polo outro/a e á súa vez, pola nacionalidade dunha terceira persoa (singular ou plural) É quen de aprender a realizar preguntas con wh- e how, máis concretamente "What's your phone number?" ou "How are you?" e aprender a usalas en contextos reais. É quen de comprender textos orais e escritos sobre presentacións e lugares de procedencia.
CTE	Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.	É capaz de ler, comprender e extraer información xeral e específica de diferentes textos escritos. É quen de coñecer e integrar o vocabulario propio da unidade: nacionalidades, números de teléfono e números do 11 ao 100. É quen de entender e aplicar a gramática da unidade: verbo "to be" (plural) e preguntas con wh- e how co verbo "to be"
PCTO	Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.	É quen de producir textos escritos empregando estruturas e recursos axeitados de cohesión e coherencia. É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un dicionario, e cometer erros.
PCTE	Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.	É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos. É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade. É capaz de empregar a puntuación e a ortografía máis elemental. É capaz de intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.
MED	Actúa tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.	É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Libro de texto, fotocopias, audios e vídeos, internet

UNIDADE 3: WHERE ARE MY KEYS? / SOUVENIRS		
Obxectivos específicos por actividades de lingua		
CTO	Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que tratan sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.	
CTE	Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos, etc.	

PCTO	Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.		
PCTE	Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.		
MED	Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Relacións persoais: intercambios en comercios e tendas	Aproveitar os coñecementos previos. Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.	Saudar e despedirse dirixirse a alguén, agradecer. Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. Expresar intereses, preferencias e gustos. Afirmar e negar algo. Mostrar acordo e satisfacción.	Listaxes, cartas de restaurantes e menús, notas e mensaxes Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais: Conversas cara a cara
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
O nome. Substantivo e adxectivo. O artigo. O pronomes persoal. O demostrativo. Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais Os indefinidos máis frecuentes. As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común. O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente. As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente. A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos.	Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián. Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento. Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe.		Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas.
Actividades			
Actividade de escoita e repetición sobre obxectos pequenos da vida diaria como libro, móbil, portátil, etc. Práctica exercicios de lectura e audición onde se fala sobre tipos de comida/souvenirs, prezos. Ordenar un diálogo sobre obxectos da práctica diaria, ex. mercado nunha tenda. Actividade de pedir e dar información sobre prezos e pedir obxectos e servizos. Entrevistar a un compañeiro con intercambio de información sobre pequenas cousas. Actividades de comprensión e produción sobre ir de compras, pedir nun restaurante ou pub. Falar sobre os obxectos que ten cada alumno no seu peto ou bolso. Preguntar ao compañeiro sobre os seus obxectos persoais no seu bolso.			

<p>Facer un xogo de memoria recordando todo os obxectos que visualiza. escoitar e practicar os prezos de souvenirs nunha tenda do Reino Unido. escoitar e recoñecer os sons: /s/, /z/, /ɪz/, /ð/, /ə/. Facer un xogo de roles sobre prezos de obxectos da vida diaria. Ver e completar un vídeo sobre como pedir comida e bebida nun menú no Reino Unido e tamén en Nova York. Facer un xogo de roles no que un estudante é o barman e outro estudante é o cliente dun bar.</p>		
Criterios de avaliación		Minimos esixibles
CTO	<p>Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma. Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p>	<p>É quen de entender o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma. É capaz de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non coñece.</p>
CTE	<p>Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p>	<p>É quen de comprender o léxico máis elemental sobre temas moi frecuentes ou sobre necesidades esenciais, e deducir o significado do que descoñeza.</p>
PCTO	<p>Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras. Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións. Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p>	<p>É quen de usar expresións básicas, comunicando de xeito comprensible, con pausas, vacilacións e reformulacións. É quen de participar nunha conversa sinxela e moi breve, se falan con lentitude e claridade, preguntando e respondendo para garantir a comunicación e iniciando e pechando a quenda de palabra de xeito moi básico, con incorreccións que permitan a comprensibilidade. É capaz de empregar léxico moi básico suficiente para falar de temas moi frecuentes e necesidades moi básicas, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.</p>
PCTE	<p>Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p>	<p>É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos. É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade. É capaz de empregar a puntuación e a ortografía máis elemental. É capaz de intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.</p>
MED	<p>Actúa tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento</p>	<p>É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un dicionario, e cometer erros.</p>
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre		Libro de texto, fotocopias, audios e vídeos, internet

6 sesións de 2 horas	
----------------------	--

UNIDADE 4: MEET THE FAMILY/ THE PERFECT CAR			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.		
CTE	Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.		
PCTO	Participar en conversacións moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.		
PCTE	Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.		
MED	Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares	Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela. Planificar a estrutura básica do texto. Ensañar o texto oral ou escrito. Aproveitar os coñecementos previos. Probar novas expresións. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.	Presentarse ou presentar a alguén. Indicar posesión. Expresar intereses, preferencias e gustos.	Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos: Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais Conversas cara a cara
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
O posesivo. Formas e usos.	Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos. Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas.	Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos Estrutura silábica Ortografía do vocabulario máis usual. Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes.	
Actividades			
Facer tarxetas de aniversario e comparar as españolas coas británicas.			

<p>Facer un quiz sobre coches e descubrir de que países son algúns coches. Ver un vídeo sobre o Museo do Motor de Beaulieu e responder unhas preguntas sobre esa cidade británica. escoitar unha audición sobre a presentación dunha familia. escoitar unha audición sobre a descrición de dous coches. Ler dous textos sobre distintas familias e responder a varias preguntas. Relacionar debuxos con palabras sobre cousas comúns. Fallarlle ao teu compañeiro sobre a túa familia, quen ten que entender e preguntarlle simultaneamente ao compañeiro anterior. Escribir un post sobre unha foto dunha familia. Relacionar fotos cos nomes despois de escoitalo nunha audición. Facer listas de vocabulario sobre xente en xeral e a familia de cadanseu. Escribir un texto e falar sobre a familia de cada estudante.</p>		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	<p>Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma. Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común</p>	<p>É capaz de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non coñece. É quen de apreciar os sons e a entoación máis común.</p>
CTE	<p>Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p>	<p>É quen de empregar estratexias para entender o esencial do texto. É quen de comprender o léxico máis elemental, e deducir o significado do que descoñeza. É quen de recoñecer o que significan as convencións de formato textual e as ortotipográficas máis básicas. É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos.</p>
PCTO	<p>Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras. Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións. Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p>	<p>É quen de usar expresións básicas, comunicando de xeito comprensible, con pausas, vacilacións e reformulacións. É quen de participar nunha conversa sinxela e moi breve, se falan con lentitude e claridade, preguntando e respondendo para garantir a comunicación e iniciando e pechando a quenda de palabra de xeito moi básico, con incorreccións que permitan a comprensibilidade. É capaz de empregar léxico moi básico suficiente para falar de temas moi frecuentes e necesidades moi básicas, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.</p>

PCTE	Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns). Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.	É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos.
MED	Actúa tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.	É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Libro de texto, fotocopias, audios e videos, internet.

UNIDADE 5: A BIG BREAKFAST/ A VERY LONG FLIGHT			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade. Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.		
CTE	Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.		
PCTO	Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.		
PCTE	Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.		
MED	Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións. Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer.	Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar. Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.	Usos sociais da lingua: Pedir desculpas, convidar, interesarse por persoas. Información xeral: Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. Indicar onde e cando ocorre algo. Referirse a accións cotiáns presentes. Opinións e valoracións.	Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos: Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais: Conversas cara a cara.

	Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.	Afirmar e negar algo. Expresar sensacións físicas e sentimentos. Petición de instrucións e suxestións: Invitar, e reaccionar axeitadamente.	
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
CTO	Comprender frases e expresións habituais relacionadas con temas de saúde cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles relacionadas coa saúde e coas partes do corpo articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.		
CTE	Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.		
PCTO	Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras. Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica. Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.		
PCTE	Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.		
MED	Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo claves lingüísticas e non lingüísticas. Mediar en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas. Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet).		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos

Situacións cotiás relacionadas coa saúde e relacións cos profesionais da saúde.	Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos. Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.	Reaccionar ante un problema de saúde cotiá e ver como se pode solucionar. Ofrecer axuda en determinadas situacións.	Instrucións e conversas sinxelas e breves escritas e orais. Programas de televisión. Artigos xornalísticos breves.
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Uso de should e shouldn't.	Partes do corpo Vocabulario relacionado coa saúde.	Ortografía das palabras de uso moi frecuente	
Actividades			
<p>Reflexionar sobre hábitos de vida saudables e non saudables. Utilizar estratexias memorísticas para aprender a escribir vocabulario relacionado coa saúde e coas partes do corpo. Describir o estado de saúde e como un se sente en momentos determinados. Facer suxestións e dar consellos. Reaccionar e cooperar nunha interacción cun compañeiro. Negociar o significado correcto de vocabulario. Uso de should/shouldn't. Vocabulario acerca de doenzas moi comúns, partes do corpo e profesións relacionadas coa saúde. Adverbios de modo Analizar e reproducir os sons /f/ coa grafía <i>gh</i> e /k/ coa grafía <i>ch</i>.</p>			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo á saúde, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece. Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.	É quen de comprender o sentido xeral de textos sinxelos que falen sobre saúde É quen de distinguir os sons, pronunciacións e entoacións máis comúns.	
CTE	Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos.	É quen de utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito.	
PCTO	É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento. Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non	É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo. Pode utilizar estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes.	

	imposibilitan a comunicación. Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.	
PCTE	Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común. Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.	É quen de producir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas.
MED	Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.	É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir e as intencións elementais dos emisores ou receptores. É capaz de tomar notas breves que sirvan de axuda para transmitir a información oralmente.
Temporalización		Recursos
A2	A1A2	
2º cuadrimestre 2 sesións de 2h	Flexible, entre 2 e 3 sesións en función das necesidades de cada grupo.	Fichas, Internet, libro de texto e do profesor, en formato papel e dixital, libro de texto "Speakout Elementary" , material de elaboración propia, CDs, DVDs, realia.

3. NIVEL INTERMEDIO B1 E B2

O currículo do nivel intermedio das Ensinanzas de Idiomas de Réxime Especial ten a finalidade de dar resposta ás necesidades dunha comunicación eficaz na sociedade actual, plurilingüe e pluricultural.

O proceso de ensino e aprendizaxe de idiomas parte dun modelo de lingua entendida como vehículo de comunicación, tal e como se define no Marco Europeo Común de Referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MECRL) e na Lei Orgánica de Educación (LOE), do 3 de maio de 2006 (BOE do 4 de maio de 2006), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. O Nivel Intermedio das ensinanzas de idiomas ten como referencia o nivel de competencia B1 e B2 do MECRL: os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección de contidos e os criterios xerais de avaliación son coherentes co establecido para este nivel e co enfoque orientado á acción polo que se pronuncia o MECRL.

En definitiva, a actividade do aprendiz é o factor máis importante para que a aprendizaxe se produza, polo que, en último termo, o éxito ou o fracaso das aprendizaxes recaen sobre a persoa que aprende. Non obstante, a aprendizaxe dáse con maior facilidade cando o proceso de ensino do profesorado crea as condicións adecuadas para que esta se produza. Por iso, o ensinante debe propor tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas que estimulen o interese na utilización da lingua dentro e fóra da aula e a sensibilidade cara ás culturas asociadas ao idioma. O deseño axeitado das tarefas será esencial, pois tamén deben contribuír a fomentar a confianza en si mesmos, a motivación para aprender e a capacidade para planificaren, autoavaliaren e aprenderen de xeito autónomo e independente. Estas tarefas serán deseñadas a partir dos criterios de avaliación, que indican o grao de dominio lingüístico que os estudantes deben acadar, e serán esencialmente comunicativas, para lles ofrecer a oportunidade de utilizar o idioma tal e como o farían en situacións reais de comunicación; de aí a importancia de que os materiais empregados nas devanditas tarefas sexan preferentemente auténticos, de xeito que o alumnado perciba a lingua no seu contexto real, como instrumento de comunicación. Para levar a cabo eficazmente as tarefas correspondentes, as alumnas e alumnos deben ser orientados no uso de estratexias de planificación, execución, control e reparación, así como nunha serie de procedementos discursivos xerais e específicos para cada destreza, e deberánlles proporcionar coñecementos que lles permitan comprender e producir textos axeitados ás necesidades das situacións de comunicación en que participen ou poidan participar.

En canto á avaliación, esta debe ser entendida como un instrumento para verificar e valorar o grao de competencia comunicativa do alumnado, como unha ferramenta que ofrece información e permite reflexionar sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Así, este proceso é susceptible de ser permanentemente revisado, concretado e reinterpretado.

O nivel, tal e como establece o Decreto 81/2018, desenvolverase en 3 cursos, un para B1 e dous para B2 (B2.1 e B2.2).

3.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

INTERMEDIO B1

O alumnado que supere o nivel intermedio B1 poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

INTERMEDIO B2

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común.

3.2 OBTXECTIVOS XERAIS

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel intermedio B1 e intermedio B2, respectivamente, o alumnado será capaz de:

	B1	B2
CTO	Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.	Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.
PCTO	Producir e coproducir descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.	Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrrixir.
CTE	Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.	Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.

PCTE	Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.	Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.
MEDIACIÓN	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

3.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

Os obxectivos específicos, actividades, competencias e contidos, criterios de avaliación e mínimos exixibles, secuenciados por unidades didácticas e cuadrimestres, é unha ferramenta dinámica e flexible; como tal, poderá ser modificada en calquera momento segundo as necesidades do alumnado da clase.

A relación de actividades que se especifican en cada unidade hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo.

Os libros de texto que se utilizarán son:

Cursos B1: *English File A2/B1. Fourth edition.* Editorial Oxford.

Cursos B2.1: *English File B1. Fourth edition.* Editorial Oxford.

Cursos B2.2: *English File B2.2. Fourth edition.* Editorial Oxford.

Estes manuais completaranse con distintos materiais doutros métodos comunicativos e materiais auténticos de elaboración propia acordes co currículo e coa programación xeral. Para os cursos semipresenciais non se usará libro de texto, senón os materiais facilitados pola Consellería de Educación para a plataforma Moodle.

O curso académico está dividido en dous cuadrimestres. A duración de cada sesión de docencia é de 120 minutos.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos ao

alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan realimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de realimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

INTERMEDIO B1

UNIDADE 1: ARE YOU? CAN YOU? DO YOU? DID YOU?			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender detalles relevantes referidos a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual.		
CTE	Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.		
PCTO	Dar información sobre a identificación, a caracterización persoal. Resolver nunha viaxe situacións comunicativas previsibles (hoteis).		
PCTE	Cubrir impresos e formularios -seguindo modelos- que requiran datos persoais. Describir o aspecto físico, a roupa e a personalidade.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Relacións interpersoais: coñecemento e uso de fórmulas de presentación, quendas na conversa e pautas de comportamento social.	Estratexias de aprendizaxe: Autoavaliar o propio proceso de aprendizaxe detectando erros e logros. Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua. Estratexias de comunicación: Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas, etc.; informarse se hai axudas visuais. Establecer hipóteses baseadas en elementos extratextuais. Solicitar repeticións ou aclaracións; pedir que se explique unha palabra clave; dicir que non se entendeu.	Presentarse e presentar a outras persoas. Pedirlle á persoa interlocutora confirmación da comprensión. Describir persoas desde o punto de vista físico e do carácter. Protestar e reclamar por un servizo. Pedir, tomar e ceder a palabra.	Coñecemento dos patróns de: Textos orais: conversas formais e informais. Presentacións. Audiovisuais: produtos audiovisuais de ficción. Textos escritos: Descrición biográfica.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
A posición e concordancia dos elementos da oración, especialmente a oración interrogativa. Usos do tempo presente máis frecuente: present simple e present continuous. Uso de conectores de conxunción e oposición.	Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía. Descrición persoal: aspecto físico, personalidade, a roupa. Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento, problemas coa estancia nun hotel.	O alfabeto. Pronunciación de -s e -es final: /s/, /z/, /ɪz/. /ə/ e /ɜ:/	
Actividades			
Actividade oral na que se intercambian datos persoais. Comprensión dun escrito no que se describe unha persoa. Actividade de comprensión oral sobre temas de relacións persoais. Exercicio de comprensión oral no que se describe unha obra artística. Encher un impreso con información persoal simple. Redacción dunha descrición escrita breve dunha persoa.			

Exercicio de repaso do presente, simple e continuo e pasados simple. Actividade de vocabulario relativo á roupa. Exercicio de vocabulario relativo á aparencia física. Exercicio de práctica de preposicións de lugar. Actividade de vocabulario na que o alumno se familiariza con expresións de uso frecuente co obxecto de aprender o uso de estratexias encamiñadas a garantir a comprensión en contextos comunicativos orais de carácter xeral. Actividade con material de ficción incluíndo exercicios de comprensión e expresión oral na que se resolve un problema relacionado cun servizo nun hotel empregando linguaxe formal.			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo sobre experiencias persoais, con pronuncia clara, sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.	É quen de comprender de xeito razoable o que se fala respecto experiencias persoais, se se fala con pronuncia clara, a velocidade normal e sen modismos ou expresións pouco frecuentes.	
CTE	Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular.	É quen de comprender e localizar algunha información relevante en textos do seu interese.	
PCTO	Interactúa utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo; ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.	É quen de iniciar, manter e finalizar unha conversa sobre temas cotiáns utilizando fórmulas simples cun repertorio lingüístico sinxelo, unha fluidez limitada e facendo pausas.	
PCTE	Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou o propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración. Redacta documentos moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.	É quen de encher formularios con información propia básica e ofrecendo unha explicación ou aclaración breve. Pode redactar textos moi breves sobre información persoal con pouca elaboración das ideas.	
MED	Facilita a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.	É capaz de favorecer a comprensión entre falantes da lingua meta transmitindo algún detalle de informacións, opinións e argumentos sinxelos.	
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre 5 sesións de 2 horas		Libro de texto. Material fotocopiabile. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.	

UNIDADE 2: OMG! WHERE'S MY PASSPORT?			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender a liña xeral de produtos audiovisuais de ficción nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.		
CTE	Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.		
PCTO	Facer breves exposicións previamente preparadas sobre eventos pasados nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros. Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.		
PCTE	Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que describe un momento pasado reflectido nunha fotografía. Redactar documentos breves relacionados cunha experiencia acontecida nunhas vacacións no pasado.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos

<p>Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.</p>	<p>Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo. Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...). Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...) Relacionar a información nova con coñecementos previos. Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo. Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...). Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...). Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.</p>	<p>Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión. Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. Relatar accións e circunstancias pasadas. Reaccionar e cooperar na interacción. Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.</p>	<p>Audiovisuais: produtos audiovisuais de ficción, material gravado. Textos xornalísticos: noticias, reportaxes. Textos literarios.</p>
<p>V - Sintácticos</p>	<p>VI - Léxicos</p>	<p>VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</p>	
<p>Uso dos tempos pasados <i>past simple</i> e <i>past continuous</i>. Formas débiles do verbo <i>to be: was, were</i>. Réxime preposicional con verbos frecuentes. Adverbios. Usos e formas máis frecuentes. Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais. Uso de conectores propios do nivel.</p>	<p>Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza. Comprensión de léxico relacionado con viaxes e vacacións. Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias. Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións... Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos. Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento.</p>	<p>A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas. O recoñecemento e uso das formas ortográficas. A pronuncia das formas verbais en pasado dos verbos regulares -ed: /t/, /d/, /ɪd/. O acento dentro da palabra.</p>	

Actividades		
<p>Actividade oral na que se comentan experiencias persoais pasadas relacionadas coas viaxes. Exercio de expresión oral na que se relatan acontecementos pasados usando elementos de cohesión temporais. Descrición oral e escrita de fotografías. Actividade de comprensión escrita de artigos ou narracións breves sobre experiencias persoais concretas. Exercio de comprensión oral de narracións breves sobre temas cotiás en pasado. Exercio no que se transmite de xeito oral e escrito a información contida en carteis publicitarios e anuncios breves. Actividade de comprensión escrita e oral baseada nunha historia de ficción na que se traballan secuenciadores de tempo en conectores.</p>		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.	É quen de comprender e identificar palabras e ideas clave proporcionadas polo texto e as imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico, dos coñecementos do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.
CTE	Comprende as ideas xerais de textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.	É capaz de comprender suficientemente textos narrativos que non sexan difíciles para o seu nivel e coa axuda do dicionario.
PCTO	Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hotéis, transportes, restaurantes). Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos pasados dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel. Pronuncia e entoar de xeito intelixible, aínda que teña evidente acento estranxeiro e cometa erros que non interrompan a comunicación- e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ocasionalmente.	É quen de iniciar, manter e finalizar unha conversa sobre temas cotiás utilizando fórmulas simples. É capaz de utilizar un repertorio lingüístico sinxelo cunha fluidez limitada, facendo pausas cando o precisa. É capaz de opinar de xeito simple e amosar acordo e desacordo sobre temas do seu interese. É capaz de solicitar e intercambiar información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos pasados do seu interese e sobre asuntos familiares, cun repertorio léxico suficiente para o nivel. É capaz de pronunciar e entoar de xeito intelixible, cun evidente acento estranxeiro e cometendo erros de pronuncia que non interrompan a comunicación.
PCTE	Produce textos ben organizados e cohesionados para describir eventos xa acontecidos, así coma imaxes que representan estes momentos, por exemplo, fotografías.	É quen de producir textos con certa organización e cohesión para describir imaxes que reflecten momentos acontecidos no pasado, por exemplo, fotografías.
MED	Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público; acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.	É quen de facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomodarse ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.
Temporalización		Recursos
1º cuatrimestre 5 sesións de 2 horas		Libro de texto. Material fotocopiado. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.

UNIDADE 3: TRIPASIDE		
Obxectivos específicos por actividades de lingua		
CTO	Comprender informacións referidas a transaccións (alojamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.	

	Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade. Entender conversas entre amigos, coñecidos, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.		
CTE	Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese. Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal. Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese. Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.		
PCTO	Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal. Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).		
PCTE	Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.		
MED	Transmitir-lles oralmente a terceiras persoas a idea xeral contida en textos orais e escritos.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.	Práctica de estratexias orais de parafraseo e definición para subsanar carencias léxicas, con expresión do tipo "it's a kind of" .	<p>Desculparse por algo e reaccionar ante a desculpa.</p> <p>Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.</p> <p>Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.</p> <p>Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.</p> <p>Solicitar información sobre servizos.</p> <p>Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.</p> <p>Expresar gustos, afeccións, teimas etc.</p> <p>Falar do futuro e facer hipóteses.</p> <p>Introducir un tema en situacións formais e informais.</p>	<p>Adiviñas</p> <p>Correspondencia informal</p>
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Réxime preposicional con verbos frecuentes. Oración composta. Subordinación: de relativo. Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos.	Actividades económicas e comerciais		A adecuación da entoación ás intencións comunicativas. A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
Actividades			
<p>Actividades de vocabulario relativo ao turismo: viaxes, aeroportos e restaurantes</p> <p>Practica de estratexias orais de parafraseo e definición para subsanar carencias léxicas, con expresión do tipo it's a kind of</p> <p>Actividade de comprensión escrita de textos curtos de tipo xornalístico para identificar vocabulario novo do ámbito das viaxes</p> <p>Exercicios de comprensión oral nos que se fale de planes de viaxe e planes para o tempo libre</p> <p>Exercicio de pronunciación de certos fonemas que poden resultar complexos como son as "e" silenciosas e as letras G/J</p> <p>Actividades orais nos que se fala de viaxes e se planifican viaxes ou saídas a restaurantes ou de tempo libre</p>			

Actividade de vocabulario de repaso de verbos comúns seguidos da preposición axeitada.	
Actividade con exercicios de comprensión e práctica oral no contexto dun restaurante	
Actividade de produción escrita: email informal.	
Actividade de comprensión oral na que se adiviña unha palabra	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
CTO	Comprende que se fala respecto dos temas máis habituais, se se dan opinións, se se fala de experiencias persoais, con pronuncia clara, a velocidade normal e sen modismos ou expresións pouco frecuentes
CTE	Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional.
PCTO	Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes). Fala de plans e actuacións futuras sobre temas persoais, ou do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples. Describe situacións sociais cotiás, por exemplo, comida nun restaurante.
PCTE	Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.
MED	Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.
Temporalización	
Recursos	
1º cuadrimestre 5 sesións de 2 horas	
Libro de texto. Material fotocopiado. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.	

UNIDADE 4: WHO DOES WHAT?	
Obxectivos específicos por actividades de lingua	
CTO	Comprender anuncios e mensaxes que conteñan información relativa á realización de actividades de uso cotiá. Entender en transaccións e xestións cotiás a exposición dun problema. Comprender as ideas principais de programas de radio, tales como entrevistas que tratan temas de actualidade.
CTE	Entender información específica esencial en páxinas web. Comprender o sentido xeral, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en artigos xornalísticos sinxelos, breves ou de extensión media sobre temas de actualidade.
PCTO	Facer presentacións preparadas, breves ou de extensión media, ben estruturadas sobre un tema do propio interese, así como responder a preguntas complementarias breves. Desenvolverse en transaccións comúns da vida cotiá como son as compras.
PCTE	Tomar notas, facendo unha listaxe dos aspectos importantes durante unha conversa formal sobre un tema coñecido nun discurso articulado de maneira simple e clara.
MED	Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

Resumir breves fragmentos de información de diversas fontes, e realizar paráfrases sinxelas de textos escritos.			
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecer aspectos relativos a costumes, valores.	Distinguir tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes). Identificar o tipo de texto, adaptando a comprensión a este. Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Adequar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas. Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto. (respostas)	Narrar accións e acontecementos pasados. Pedir e ofrecer información. Expresar a opinión, o coñecemento e o descoñecemento sobre un tema de actualidade. Describir calidades físicas e valorativas de persoas e actividades. Expresar o gusto e a preferencia. Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. Relatar accións pasadas. Explicar un problema de xeito sinxelo. Pedir, tomar e ceder a palabra. Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que se manexan.	Coñecer e comprender modelos contextuais e patróns textuais comúns como entrevistas, enquisas e documentais Organizar e estruturar o texto segundo o xénero, a función textual e a estrutura interna.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Recoñecer e comprender a localización temporal, a duración e a frecuencia. Comprender o uso perfecto e imperfectivo. Recoñecer o tempo (localización temporal absoluta e relativa) e as relacións temporais (anterioridade, posterioridade)	Léxico de uso común relativo a actividades da vida diaria_ relacións humanas e sociais_ tempo libre e ocio, compras e actividades comerciais.	Percibir os patróns sonoros /j/ e /dʒ / Percibir os patróns sonoros /k/ e /s/ Percibir os patróns sonoros /e/ /ʌ/ /əʊ/	
Actividades			
Lectura de textos sobre hábitos de vida saudable, as tarefas da casa, tipos de tendas e o lecer. Actividades de vocabulario sobre tarefas domésticas e sobre "ir de compras". Conversas sobre o reparto de tarefas domésticas no fogar, e hábitos de compra. Ejercicios de comprensión oral sobre tarefas do fogar e o lecer. Ejercicios de gramática para traballar a distinción entre present perfect/past simple así como o uso de something, anything e nothing. Actividades nas que se usan adxectivos rematados en -ed ou en -ing, tanto na expresión escrita coma na expresión oral. Actividade con ejercicios de comprensión escrita e expresión oral baseado nunha enquisa sobre tendencias sociais (<i>social media</i>) Actividade de comprensión oral dun documental de carácter socio-histórico.			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Recoñece sen dificultade léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses. Infere do contexto os significados dalgunhas palabras e expresións descoñecidas Aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles	É quen de recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses. É quen de inferir do contexto e do contexto os significados dalgunhas palabras e expresións descoñecidas. É quen de aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral e os detalles máis relevantes do texto	

	máis relevantes do texto Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común.	É quen de discriminar os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común.
CTE	Aplica á comprensión do texto os aspectos socioculturais comúns relativos á comunicación escrita nas culturas es que se usa o idioma. Aplica as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto	É quen de aplicar á comprensión do texto algúns aspectos socioculturais comúns relativos á comunicación escrita nas culturas es que se usa o idioma. É quen de aplicar algunhas estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.
PCTO	Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, cun repertorio léxico propio do nivel. Interactúa de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra.	É quen de facer exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, cun repertorio léxico limitado. É quen de interactuar de maneira sinxela e con limitacións en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra.
PCTE	Toma notas concisas nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.	É quen de tomar notas bastante concisas nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.
MED	Utiliza un repertorio léxico escrito de uso frecuente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos teña que adaptar a mensaxe.	É quen de utilizar un repertorio léxico escrito de uso frecuente limitado para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos teña que adaptar a mensaxe.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 5 sesións de 2 horas		Libro de texto. Material fotocopiado. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.

UNIDADE 5: I WANT IT NOW!			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender, nunha conversa informal, descrições e narracións sobre asuntos da vida diaria. Comprender informacións referidas a transaccións (servizos...) expresadas en linguaxe habitual.		
CTE	Localizar con facilidade e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito relacionada con asuntos de interese persoal (folletos, anuncios) Comprender descrições claras e directas de lugares.		
PCTO	Desenvolverse en transaccións comúns da vida cotiá, así coma enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema. Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos. Dar información xeral sobre un asunto de saúde.		
PCTE	Redactar unha descripción de un lugar, por exemplo, facer unha descripción da cidade onde un vive.		
MED	Transmitirilles oralmente a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral como poden ser folletos informativos turísticos sobre unha cidade.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos

Coñecer e aplicar á comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a hábitos de traballo e de lecer.	Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento previo e experiencias	Describir calidades físicas e valorativas de persoas lugares. Expresar a opinión sobre diferentes temas de actualidade, como destinos turísticos. Explicar un sintoma dunha enfermidade. Dar e pedir información con distintos graos de seguridade. Enunciar o peche do discurso e pechar.	Organizar e estruturar o texto segundo a función textual (descrición, narración) Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas... Informes, resumos e esquema Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais... Guións
V - Sintácticos		VI - Léxicos	
Posición e gradación do adxectivo Determinantes, cuantificadores	Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía... Léxico de uso común relativo a actividades de tempo libre e ocio. Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas, industria...	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Recoñecer patróns sonoros de uso común.			
Actividades			
<p>Actividade de comprensión oral de varias persoas falando sobre cambios nos últimos anos da súa vida.</p> <p>Actividade de comprensión oral sobre diferentes padróns de conducta en varias cidades.</p> <p>Actividade de comprensión oral sobre asuntos relacionados coa alimentación</p> <p>Actividade de comprensión oral sobre asuntos relacionados con transaccións de servizos</p> <p>Realización dun cuestionario sobre hábitos de vida persoais.</p> <p>Actividade de comprensión escrita dun artigo breve e sinxelo sobre un asunto da vida cotiá</p> <p>Actividade de comprensión escrita dun artigo sobre asuntos relacionados coa alimentación</p> <p>Actividade escrita e oral para recoñecer, comprender e seleccionar estruturas sintácticas na expresión de comparacións.</p> <p>Actividade oral na que se escoita e fala de cambios de hábitos de vida de varias persoas, empregando expresións temporais.</p> <p>Actividade de práctica oral na que os alumnos describen hábitos persoais con respecto ao ritmo actual de vida, e comentan actitudes da sociedade en xeral.</p> <p>Práctica oral da expresión de cantidades indefinidas usando diferentes tipos de números: moeda, porcentaxes, fraccións, decimais...</p> <p>Actividade de uso de vocabulario e frases utilizadas comunmente en descricións de lugares e cidades en inglés británico e estadounidense.</p> <p>Exercicio de expresión escrita no que se describe o lugar onde un vive.</p> <p>Actividade para identificar e empregar correctamente certos cuantificadores (e.g. <i>too, not enough</i>).</p> <p>Actividade oral para recoñecer e relacionar sons vocálicos co seu símbolo fonético (/Δ/)</p> <p>Actividade oral para recoñecer e practicar o son feble /ə/, e o ritmo e entoación en frases e preguntas.</p>			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal. Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as	É quen de entender de xeito limitado textos non especializados sobre hábitos na sociedade actual. É quen de seguir a trama e comprender información relevante en documentos audiovisuais de natureza narrativa	

	axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información	
CTE	Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece	É quen de entender a maior parte da información de artigos de temática non especializada coa axuda do dicionario É quen de inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece
PCTO	Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p.e. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que os seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel	É quen de participar de xeito limitado en conversas relacionadas con hábitos na sociedade actual É quen de solicitar e intercambiar información de forma sinxela sobre persoas, lugares e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre asuntos familiares cun repertorio léxico propio do nivel.
PCTE	Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos	É quen de escribir textos descritivos usando un léxico non especializado con certa corrección.
MED	Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.	É quen de identificar e reelaborar por escrito información básica e transmitila con claridade e eficacia.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 5 sesións de 2 horas		Libro de texto. Material fotocopiabile. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.

UNIDADE 6: THINK POSITIVE OR NEGATIVE?			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Entender e identificar as ideas principais e secundarias de diferentes tipos de textos orais.		
CTE	Comprender e extraer información xeral e específica de textos escritos.		
PCTO	Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos		
PCTE	Tomar notas a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Relacións persoais	Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua	Describir persoas desde o punto de vista do	Entrevistas, consultas médicas...

	etc. Relacionar a información nova con coñecementos previos	carácter e do estado de ánimo. Dar e pedir información sobre sucesos pasados. Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida. Falar do futuro e facer hipóteses.	Audiovisuais: programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición... Réxime preposicional con verbos frecuentes Posición e concordancia dos elementos oracionais. Correlación temporal nas oracións Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos		Identificación persoal: biografía, valores persoais, afeccións... Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...	Os fonemas que presentan maior dificultade. A adecuación da entoación ás intencións comunicativas. O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
Actividades			
Comprensión oral das ideas xerais dun programa de radio. Comprensión oral xeral e detallada nun diálogo Actividade de debate expresión oral sobre o pensamento positivo e negativo. Expresión oral sobre diferentes situacións dando exemplos e razóns. Comprensión dun texto escrito sobre o pensamento negativo. Actividade de comprensión escrita sobre os dereitos civís en Estados Unidos. Comprensión dun artigo sobre o reencontro dunha parella. Exercicio de vocabulario sobre verbos con significados opostos. Actividade de vocabulario sobre verbos coa preposición <i>back</i> . Exercicio de vocabulario sobre os adverbios: <i>a bit, incredibly, quite, really, very</i> . Actividade de gramática sobre o uso de <i>will/won't/shall</i> para facer predicións e expresar decisións, ofertas e promesas. Exercicio de repaso sobre as formas verbais. Actividades sobre a pronuncia de "ll, won't", o acento en verbos de dúas sílabas, e a grafía "ea".			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Comprende as ideas principais e os detalles de en en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) articulados con certa lentitude e claridade sobre temas coñecidos, aínda sen comprender algunhas opinións.	É quen de comprender de xeito razoable as ideas principais e algúns detalles en textos audiovisuais de carácter informativo, (entrevistas, noticiarios, documentais...) articulados lentamente e claramente sobre temas coñecidos, aínda sen comprender algunhas opinións.	
CTE	Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.	É capaz de identificar as ideas principais e información relevante en textos xornalísticos.	
PCTO	Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simple	É quen de conversar, con limitacións, sobre temas relacionados coas emocións usando léxico	

	Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel	non especializado É quen de aplicar algunhas estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara.
PCTE	Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.	Produción e coprodución de textos escritos É quen de redactar notas simples extraídas de textos orais ou escritos, con posibles incoherencias.
MED	Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos contidos nos textos fonte (orais ou escritos).	É quen de facilitar a comprensión de falantes da lingua meta transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos contidos nos textos fonte (orais ou escritos)
Temporalización		Recursos
2º cuadrimestre 5 sesións de 2 horas		Libro de texto. Material fotocopiabile. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.

UNIDADE 7: FIRST DAY NERVES			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender a liña xeral de produtos audiovisuais nos que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento. Comprender anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual		
CTE	Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional..		
PCTO	Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos. Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.		
PCTE	Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecer aspectos culturais relacionados con actividades de lecer e os servizos de saúde.	Regulación e autoavaliación do proceso de adquisición da lingua Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais e escritos: Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes).	Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc. Explicar un síntoma dunha enfermidade.	Instrucións e indicacións Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...

	Formulación de hipótesis sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipótesis sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Adecurar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.		
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Réxime preposicional con verbos	Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento. Saúde e coidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...		Forma feble de "to" Pronunciación de "-ing" Acento nas preposicións
Actividades			
Actividades de expresión oral a partir de información e patróns textuais lidos e escoitados, na que os alumnos intercambian consellos e suxestións relativos ao traballo, Actividade de expresión oral na que os alumnos falan sobre enfermidades cotiás e como tratalas, Actividade de expresión oral na que os alumnos intercambian opinións, consellos e suxestións sobre como mellorar á aprendizaxe dun idioma. Actividade de expresión escrita nas que os alumnos, tras estudar patróns textuais que se tomarán como modelo, escriben un artigo no que se dan consellos sobre o traballo. Actividade de expresión escrita de emails formais nos que se solicita información. Actividades de comprensión oral de conversas claras e ben estruturadas de temática laboral. Actividade de comprensión escrita na que o alumno identifica a información esencial de textos formais do nivel (artigos, correspondencia), e identifica os seus trazos estilísticos característicos.			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.	É quen de identificar e comprender bastante do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.	
CTE	Comprende textos relacionados coa saúde sempre que non sexan especializados Comprende léxico escrito de estilo formal	É quen de comprender, con limitacións, textos relacionados coa saúde sempre que non sexan especializados. É quen de comprender, con limitacións, léxico escrito de estilo formal	
PCTO	Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles sobre actividades de lecer e saúde. Describe hábitos cotiás relacionados con actividades de lecer.	É quen de interactuar, con limitacións, en intercambios claramente estruturados e resolver situacións comunicativas previsibles sobre actividades de lecer e saúde. É capaz de describir, dun xeito limitado, hábitos cotiás relacionados con actividades de lecer.	
PCTE	Amosa un control razoable de estruturas sintácticas de uso frecuente e emprega mecanismos simples de cohesión.	É quen de amosar un control limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e emprega mecanismos simples de cohesión.	
MED	Identifica e reelabora de xeito oral a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe claramente.	É capaz de identificar e reelaborar de xeito oral a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con certa claridade, pero con limitacións.+	

Temporalización	Recursos
2º cuatrimestre 5 sesións de 2 horas	Libro de texto. Material fotocopiable. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.

UNIDADE 8: SHOULD I STAY OR SHOULD I GO?			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Entender conversas entre amigos, coñecidos, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.		
CTE	Comprender un texto literario sinxelo		
PCTO	Participar con eficacia en conversas informais cara a cara sobre temas cotiáns, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria en que se describen.		
PCTE	Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos. Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e socio-lingüísticos relativos á vida cotiá (actividades diarias e hábitos de estudo e de traballo, lecer, festividadeas, horarios); condicións de vida (vivenda, contorna, estrutura social); relacións interpersoais (familiares, xeracionais, entre persoas coñecidas e descoñecidas); quinésica e proxémica (posturas, xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e ffsico); cultura, costumes e valores (celebracións deportivas), e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).	Regulación e autoavaliación do proceso de adquisición da lingua. Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais e escritos: Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes). Formulación de hipótesis sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipótesis sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.	Pedir e ofrecer consellos e recomendacións. Falar do futuro e facer hipóteses.	Estrutura e trazos dos textos literarios.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Oración composta. Subordinación: de relativo,	Coñecemento, comprensión e selección de léxico escrito e oral	Pronunciación de /u/ e /u:/	

temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais. O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición... Adverbios. Usos e formas máis frecuentes	común relativo a actividades da vida diaria, traballo e ocio, e relacións sociais. Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...	Homófonos Ler en voz alta.
Actividades		
<p>Actividades de comprensión oral e escrita sobre textos que conteñen problemas da vida diaria, e os consellos para eses problemas.</p> <p>Actividades de produción oral e escrita sobre consellos para problemas cotiás.</p> <p>Actividade de mediación oral a partir de textos escritos.</p> <p>Actividade de comprensión oral e escrita sobre situacións hipotéticas e as súas posibles consecuencias.</p> <p>Actividades de produción oral e escrita sobre as consecuencias dunha acción hipotética no presente.</p> <p>Actividade de comprensión lectora dun texto literario cun contido relativo ás relacións sociais.</p> <p>Exercicio de lectura en alto de textos narrativos breves coa entoación adecuada.</p> <p>Actividade de produción escrita dun breve texto narrativo.</p>		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Comprende textos con contidos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá.	É quen de comprender textos con contidos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá.
CTE	Comprende de forma suficiente textos literarios, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.	É capaz de ler cun nivel de comprensión global limitado textos literarios, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario
PCTO	Pronuncia e ento de maneira clara e intelixible, aínda que cometa erros de pronuncia sempre que non interrompan a comunicación.	É capaz de pronunciar e entoar de maneira clara e intelixible, aínda que cometa erros de pronuncia aínda que interrompindo ocasionalmente a comunicación.
PCTE	Escribe un texto narrativo ben organizado, cohesionado e con corrección, aínda que poida presentar erros.	É capaz de escribir un texto narrativo con certa organización e, cohesión, aínda que poida presentar erros.
MED	Extrae ideas clave dunha conversa para entender problemas persoais.	É capaz de Extraer bastantes ideas clave dunha conversa para entender problemas persoais.
Temporalización		Recursos
2º cuatrimestre 5 sesións de 2 horas		Libro de texto. Material fotocopiado. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.

UNIDADE 9: FEAROF.NET			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender detalles relevantes sobre distintos aspectos da vida dunha persoa.		
CTE	Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións, etc.		
PCTO	Preguntar e responder preguntas sobre a vida dunha persoa.		
PCTE	Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe. Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos

Relacións persoais: coñecer as fórmulas de presentación. Saber tomar quendas na conversa. Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.	Estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais e escrito	Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc.	Coñecemento de modelos textuais: conversas informais, biografías e cuestionarios.
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII - Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Aspecto perfectivo: accións inacabadas.		Comprensión de léxico relativo á identificación persoal: biografías, medos.	Percepción dos patróns acentuais.
Actividades			
<p>Actividade de comprensión escrita sobre as fobias Actividade de comprensión oral sobre as fobias e a súa correspondente terapia. Actividade de comprensión oral sobre a duración no tempo de diferentes acontecementos e situacións. Actividade de produción oral sobre acontecementos e situacións no pasado usando tempos perfectivos. Actividades de comprensión oral e escrita sobre a biografía dunha persoa. Redacción dun texto curto sobre a vida dunha persoa Actividade de práctica oral do ritmo na oración.</p>			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Discrimina os patróns sonoros, centuais, rítmicos e de entoación de uso común e reconece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles.	É quen discriminar algúns dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e reconecer, en xeral, as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados.	
CTE	Usa os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.	É quen de usar algúns dos constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.	
PCTO	Aplica adecuadamente as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación.	É capaz aplicar con limitacións as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando procedementos sinxelos para adaptar a mensaxe e reparar a comunicación.	
PCTE	Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información ou as ideas.	É quen de aplicar, con limitacións, estratexias para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información.	
MED	Manexa un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse con fluidez, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o dito.	É capaz de manexar un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse con certa fluidez, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o que dixo.	
Temporalización		Recursos	
2º cuadrimestre 5 sesións de 2 horas		Libro de texto. Material fotocopiabile. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.	

UNIDADE 10: INTO THE NET			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender o sentido xeral e as ideas principais dunha conversa ou discusión (debate) informal que ten lugar na súa presenza dun tema coñecido (os deportes, o lecer, a vida/rutina cotiá, os inventos...).		
CTE	Comprender textos escritos breves sobre temas coñecidos (os deportes, o lecer, a vida/rutina cotiá, os inventos...).		
PCTO	Expresar con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos, facendo comprensibles as propias opinións e convidando a outras persoas a expresar os seus puntos de vista; expresar con amabilidade acordos e desacordos e xustificar de maneira sinxela as opinións. Tomar a iniciativa en entrevistas e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias.		
PCTE	Redactar un artigo sobre unha actividade que realizan facendo no seu tempo de lecer.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento de vocabulario relativo aos países e as súas nacionalidades.	<p>Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais e escritos. Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (escribir un texto argumentativo, presentar información oralmente). Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto.</p> <p>Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso. Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p>	<p>Comprensión e expresión de narracións de acontecementos pasados e descrições de situacións presentes</p> <p>Comprensión e expresión de preferencias, aprobación e desaprobación</p> <p>Comprensión e descrições de calidades valorativos</p> <p>Identificación persoal: nacionalidade</p>	<p>Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).</p> <p>Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; selección de patróns sintácticos, léxicos e ortotipográficos.</p> <p>Organización e estruturación dun texto oral e escrito segundo o xénero (conversas informais), a función textual (descripción, narración, e argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, sintácticas e léxicas cotextuais e por referencia ao contexto).</p>
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
O espazo e as relacións espaciais (movemento, dirección, destino), estados, eventos e accións (estruturas	Política e sociedade: movementos sociais, modas e tendencias sociais.		Pronunciación: <i>linking words</i>

oracionais e orde dos seus constituíntes especialmente "phrasal verbs"); A voz pasiva (estruturas oracionais e orde dos seus consituentes)		Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación... Países, nacionalidade, e léxico para referirse a la xente procedente de países.	
Actividades			
<p>Actividade de comprensión lectora de textos curtos de tipo xornalístico para identificar vocabulario novo do ámbito do deporte. Actividades de vocabulario relativo ao deporte: tipos de deporte e expresar movemento con verbos e preposicións. Actividade oral no que se se compartan opinións e experiencias relacionadas co deporte. Actividade de expresión escrita dun pequeno artigo descritivo sobre un tema relacionado coa vida cotiá e a experiencia directa propia Actividade de mediación no que se explique de viva voz o contido dun pequeno artigo escrito Actividade de vocabulario sobre phrasal verbs habituais na descrición da rutina diaria e os de outros contextos (throw away, sit down, switch off..) Actividade de expresión oral na que os alumnos se entrevistan entre si seguindo un cuestionario no que se inclúen phrasal verbs de uso habitual Actividade de comprensión oral sobre os hábitos cotiáns e a rutina diaria Actividades gramaticais de presentación da pasiva Actividade oral de discusión sobre os inventos. Actividade con exercicios de comprensión oral e escrita e expresión oral na de temática social (o deporte masculino e feminino) Exercicio oral de pronunciación conxunta de phrasal verbs e pronomes. Actividade de escoita dunha canción para a práctica de minimal pairs.</p>			
Crterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Discrimina os patróns sonoros, centuais, rítmicos e de entoación de uso común e reconece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles.	É quen discriminar algúns dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e reconecer, en xeral, as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados..	
CTE	Usa os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.	É quen de usar algúns dos constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.	
PCTO	Aplica adecuadamente as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación.	É capaz aplicar con limitacións as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando procedementos sinxelos para adaptar a mensaxe e reparar a comunicación.	
PCTE	Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información ou as ideas.	É quen de aplicar, con limitacións, estratexias para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información.	
MED	Manexa un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse con fluidez, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o dito.	É capaz de manexar un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse con certa fluidez, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o que dixo.	
Temporalización		Recursos	
2º cuatrimestre 3 sesións de 2 horas		Libro de texto. Material fotocopiabile. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.	

UNIDADE 11: 11A: ASK THE TEACHER 11B: HELP! I CAN'T DECIDE! 11C: TWINSTRANGERS.NET			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender as ideas principais e detalles relevantes de presentacións, charlas ou conferencias breves e sinxelas sobre temas coñecidos, de interese persoal ou da propia especialidade, sempre que o discurso estea articulado dunha maneira clara e nunha variedade estándar da lingua. Comprender, nunha conversa ou nunha discusión informal en que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, descrições e narracións sobre asuntos prácticos da vida cotiá e información específica relevante sobre temas xerais, ou de interese persoal, e captar sentimentos, interese, indiferenza, opinións. Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza dun tema coñecido.		
CTE	Comprender un texto descritivo sinxelo con apoio visual.		
PCTO	Participar con eficacia en conversas informais cara a cara sobre temas cotiáns, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos, e se responde adecuadamente a eles; se ofrecen e piden opinións persoais, se fan comprensibles as propias opinións, e se invita a outras persoas a expresar os seus puntos de vista; se expresan con amabilidade acordos desacordos e xustifican de maneira sinxela as opinións. Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións sobre gustos e preferencias. Facer declaracións breves sobre un tema cotián ou de interese persoal.		
PCTE	Producir textos escritos con distintas finalidades, adecuados a diferentes contexto comunicativos, usando estrutura e recursos adecuados de coherencia e cohesión. Describir persoas desde o punto de vista físico.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá. Diferenzas e semellanzas socioculturais que existen no eido da educación no Reino Unido e os Estados Unidos.	Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes) e mobilizar esquemas correspondentes. Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.	Comprensión e expresión de narracións de sucesos futuros. Comprensión e expresión de opinións, valoracións, gustos e desgustos, preferencias. Comprensión e descrições de calidades físicas e valorativos. Expresión de descoñecemento, dúbida, acordo, desacordo. Petición e ofrecemento de información.	Coñecer e comprender modelos contextuais e patróns textuais comúns como entrevistas, enquisas, etc. Organizar e estruturar o texto segundo o xénero, a función textual e a estrutura interna.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
A entidade e as as súas propiedades (calidades valorativas). A posibilidade.	Coñecemento, comprensión e selección de léxico escrito e oral común relativo a actividades de la vida diaria compras y actividades comerciais.	Ditongos. Percibir os patróns sonoros /ð/ e /θ/.	
Actividades			
Actividade de comprensión oral de temática escolar. Actividade de comprensión oral sobre o exceso de oferta á hora de comprar. Actividade de escoita no que se practica a pronuncia de ditongos. Actividade de escoita no que se practica a pronuncia dos fonemas: /ð/ /θ/. Actividades de expresión oral na que se intercambian experiencias persoais no colexio e debaten sobre o exceso de oferta de artigos nos supermercados. Actividade de comprensión escrita sobre a xuventude de tres personaxes famosos. Actividade de produción escrita partindo de modelos textuais no que inclúe vocabulario sobre as materias no colexio. Actividade de vocabulario na que se forman nomes a partir de verbos cos sufixos.			

Actividade gramatical na que se usa 'might' para expresar posibilidade.	
Criterios de avaliación	
Mínimos esixibles	
CTO	Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes dun texto de temática non especializada.
CTE	Comprende as ideas principais e detalles relevantes en textos biográficos.
PCTO	Expresa descoñecemento, dúbida, gustos e preferencias, utilizando adecuadamente os expoñentes máis habituais das ditas funcións e seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto.
PCTE	Toma notas concisas nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.
MED	Facilita ao interlocutor a comprensión dun texto escrito ou oral sinxelo, utilizando fórmulas ou xestos simples.
Temporalización	
2º cuatrimestre 5 sesións de 2 horas	
Recursos	
Libro de texto. Material fotocopiado. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.	

UNIDADE 12: 12A: UNBELIEVABLE! 12B: THINK BEFORE YOU SPEAK 12C: THE ENGLISH FILE QUIZ			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade. expresadas en linguaxe habitual.		
CTE	Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual. Comprender información sobre o pasado.		
PCTO	Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal. Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros. Comprender descricións claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.		
PCTE	Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese. Tomar notas a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias. Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos. Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos

<p>Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e socio-lingüísticos relativos á vida cotiá: cultura, costumes e valores (celebracións deportivas), e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).</p>	<p>Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais e escritos: Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. Adeguar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.</p>	<p>Comprensión e expresión de narracións de acontecementos pasados e descrições de situacións presentes. Comprensión e expresión de opinións, valoracións, gustos e desgustos, preferencias, aprobación e desaprobación. Petición e ofrecemento de información.</p>	<p>Coñecemento, comprensión e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios tanto da lingua escrita coma oral. Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo). Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo: tema, enfoque e contido; selección de patróns sintácticos, léxicos e ortotipográficos. Conversas informais. Cuestionarios. Entrevistas. Cancións. Textos xornalísticos breves e sinxelos.</p>
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
<p>(Re)coñecemento, comprensión e, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral e/ou escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos para expresar. Posición e concordancia dos elementos da oración. O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto.</p>	<p>Coñecemento, comprensión e selección de léxico escrito e oral común relativo a: Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet... Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...</p>		<p>Pronunciación da letra i. Percepción, selección e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.</p>
Actividades			
<p>Actividades de comprensión e produción de textos orais e escritos sobre accións pasadas. Actividades de mediación oral a partir de textos orais e textos escritos. Actividade de discriminación oral e pronuncia de sons vocálicos /ɪ/ /aɪ/. Actividade de identificación dun tipo de texto, oral ou escrito, e resumo do mesmo. Exercicio de familiarización e práctica de estratexias que garantan a comprensión, tales coma repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.</p>			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	<p>Aplica á comprensión do texto oral os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p>	<p>É quen de aplicar á comprensión do texto oral algúns coñecementos socioculturais e sociolingüísticos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p>	
CTE	<p>Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico,</p>	<p>É quen de identificar e seleccionar parte da información relevante nun texto extenso</p>	

	catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.	(xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.
PCTO	Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, cun repertorio léxico propio do nivel. Interactúa de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra.	É quen de facer exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, cun repertorio léxico propio do nivel.. É quen de interactuar de maneira sinxela e con limitacións en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra.
PCTE	Toma notas concisas nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.	É quen de tomar notas bastante concisas nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.
MED	Facilita á persoa interlocutora a comprensión dunha idea aínda con titubeos.	É quen de facilitar á persoa interlocutora a comprensión dunha idea aínda con erros e titubeos.
Temporalización		Recursos
2º cuadrimestre 5 sesións de 2 horas		Libro de texto. Material fotocopiado. Recursos audiovisuais e interactivos en liña.

INTERMEDIO B2.1

UNIDADE 1: Food / Family			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.		
CTE	Comprender artigos breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista. Comprender con suficiente detalle correspondencia informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.		
PCTO	Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas cotiáns.		
PCTE	Descibir de xeito bastante preciso unha persoa (afeccións e personalidade)		
MED	Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral e a información esencial recompilados de textos escritos, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros da vida cotiá.	Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo. Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).	Expresar sorpresa ou admiración. Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. Expresar acordo e desacordo Referir o contido dun correo electrónico Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.	Instrucións e indicacións. Informes, resumos e esquemas. Textos xornalísticos: Entrevistas
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Réxime preposicional con verbos frecuentes.	Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía. Identificación persoal: biografía, afeccións. relacións familiares, personalidade.	Fonemas que presentan maior dificultade: vogais curtas e longas.
Actividades		
<p>Debata sobre os hábitos alimenticios das familias onde se practique a argumentación e se da a opinión persoal.</p> <p>Explotación dun texto escrito sobre temas gastronómicos.</p> <p>Exercicios de pronuncia de vogais curtas e longas</p> <p>Actividade de comprensión oral baseada nas relacións familiares ou nas costumes gastronómicos.</p> <p>Exercicios de expresión dos hábitos alimenticios, das situacións temporais, e dos plans para o futuro.</p> <p>Conversa en parellas o en grupo sobre as diferentes personalidades e maneiras de describilas.</p> <p>Explotación dunha carta informal</p> <p>Escribir unha poesía curta seguindo un modelo para facer un autoretrato</p> <p>Escribir un correo electrónico informal describindo unha persoa e dando unha opinión e recomendación sobre ela.</p> <p>Exercicio para sintetizar e transmitir oralmente información escrita sobre temas relacionados cos temas da unidade.</p>		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen información precisa como, por exemplo, unha axenda de traballo ou avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas.	É quen de comprender textos con información precisa.
CTE	Comprende información esencial e detalles relevantes en correos electrónicos de interacción escrita na que aparezan peticións que versen sobre temas da vida social e persoal	É quen de comprender o esencial e algúns detalles en interaccións escritas nas que se fagan peticións sobre temas que lle resulten próximos.
	Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións...	É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate. É quen de distinguir o ton e o carácter do texto, interpretando con precisión o que le.
PCTO	Interactúa - inicia, mantén e remata - de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal (alimentación), valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.	É quen de utilizar un repertorio lingüístico sinxelo pero suficiente para expresar as súas opinións e argumentar e de contar ou describir temas do seu interese en lingua estándar.
PCTE	Escrebe correspondencia persoal sinxela na que se expresan sentimentos e reaccións e se explican problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitado.	É quen de escribir correspondencia persoal de xeito sinxelo pero cun rexistro axeitado.
MED	Transmite de maneira oral e con suficiencia información nun texto escrito - sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.	É capaz de transmitir oralmente e suficientemente información douros a utores en lingua estándar e organizadamente.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 5-6 sesións de 2 horas/sesión		Libro de texto (impreso ou dixital), libro do profesor, material audiovisual extra da internet (opcional).

UNIDADE 2: Money / Changing lives			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.		
CTE	Comprender artigos breves nos que se narran experiencias persoais.		
PCTO	Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.		
PCTE	Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.		
MED	Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral e a información esencial recompilados de textos escritos, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros da vida cotiá.	Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.	Construír argumentos razoados. Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado. Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.	Correspondencia persoal. Conversas informais. Artigos.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Present Perfect e Past Simple. Uso de <i>for</i> e <i>since</i> . Present Perfect Continuous. Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos escritos (correo electrónico informal)	Actividades económicas e comerciais. Organizacións benéficas e viaxes. Adxectivos que expresan cualidades extremas.	Fonemas que presentan maior dificultade "o" e "or". Acento e entoación na oración.	
Actividades			
Coñecemento das convencións e normas de cortésia no contexto dunha entrevista de traballo.	Planificar a propia aprendizaxe establecendo obxectivos. Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, axuda doutros/as falantes...) na propia aprendizaxe. Relacionar a información nova con coñecementos previos.	Comparar e contrastar alternativas. Pedir opinións sobre algo ou alguén. Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos. Negociar un acordo. Ofrecerse a facer algo.	Textos orais: - Conversas formais e informais. - Entrevistas. Textos escritos: - Correspondencia persoal e formal. - Textos xornalísticos.
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Morfoloxía do adxectivo composto. Oración simple: posición e concordancia dos elementos (direct and indirect questions, subject questions) Adverbios que expresan cantidade ou grao.	Descrición de persoas: trazos da personalidade. Traballo e profesión: entrevistas de traballo.	Entoación adecuada en preguntas, question tags etc. Patróns de acentuación en palabras compostas Uso do guión curto en adxectivos compostos.
Actividades		
<ul style="list-style-type: none"> • Entrevistas breves para a práctica de formación de preguntas (subject / object questions, wh-questions / Yes/No questions, preguntas indirectas). • Actividades de comprensión escrita e oral sobre entrevistas a famosos, entrevistas de traballo. • Actividade de vocabulario relativo ao traballo e estudos. • Actividade de vocabulario: descrición de personalidade e carácter, características personais. • Actividades de pronuncia: entonación en frases interrogativas e acentuación de palabras compostas. • Actividades de mediación oral e/ou escrita sobre temas relacionados co traballo e/ou a educación. • Actividade de produción escrita: correspondencia formal (application, cover letter). 		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Discrimina patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.	É quen de discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso moi común, segundo as intencións comunicativas.
CTE	Comprende diferentes tipos de textos publicados nos medios de comunicación.	É capaz de comprender textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación
PCTO	Interactúa de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade nas que expón as súas opinións e as argumenta. Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as.	Pode iniciar, manter e rematar unha conversa a unha velocidade lenta e nunha variante estándar sobre un tema de interese persoal usando un repertorio lingüístico sinxelo pero suficiente. É capaz de transmitir oralmente e con suficiencia a información e, a veces, as intencións das persoas falantes que se expresan organizadamente e en lingua estándar.
PCTE	Escribe correspondencia persoal sinxela na que se solicite información utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.	É quen de escribir correspondencia persoal (p. ex. unha carta de motivación para un posto de traballo) solicitando información de xeito bastante efectivo e axustando bastante o rexistro.
MED	Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos	É quen de reelaborar documentos claros e en lingua estándar dos medios de comunicación sen que as diferenzas culturais e/ou lingüísticas supoñan unha barreira.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Libros de texto, fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet

UNIDADE 2: DOCTOR, DOCTOR / ACT YOUR AGE		
Obxectivos específicos por actividades de lingua		
CTO	Comprender programas de actualidade transmitidos nos medios de comunicación, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida.	
CTE	Comprender diferentes tipos de textos escritos, de temática relacionada coa saúde e coa moda, publicados nos medios de comunicación. Comprender con suficiente detalle correspondencia informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.	
PCTO	Describir de xeito preciso e bastante detallado a aparencia de persoas e prendas de vestir.	

	Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre o seu tratamento.		
PCTE	Escribir correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións e desexos e se expliquen problemas utilizando un léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.		
MED	Resumir ou reformular oralmente ou por escrito informacións breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises).		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecementos dos marcadores de relacións persoais e servizos públicos. Reconecemento dos valores e costumes relacionados coa vestimenta e a moda. Respecto pola opinión allea.	Adequar ó texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas en cada caso. Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.	Entender e aventurar un diagnóstico simple. Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos. Desenvolverse con soltura nun comercio. Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. Construír argumentos razoados.	Textos orais: -Instrucións e indicacións -Audiovisuais -Presentacións Textos escritos: -Anuncios publicitarios e anuncios por palabras -Correspondencia persoal. -Textos xornalísticos
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Posición e concordancia dos elementos da oración. Posición e gradación do adxectivo. O aspecto. Uso do present perfect simple e present perfect continuous.	Identificación persoal: descrición da aparencia física de persoas: roupa, complementos... Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais. Saúde, cuidados físicos e atención sanitaria: sensacións, doenzas, servizos de saúde, medicina tradicional e alternativa. Política e sociedade: modas e tendencias sociais.	Puntuación e parágrafos en correspondencia escrita.	
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> ● Actividade para practicar o uso de presente perfecto simple e continuo. ● Actividades de vocabulario sobre as lesións e enfermidades; e vocabulario relacionado ca aparencia física, a roupa e a moda. ● Actividade de comprensión oral sobre problemas de saúde, a aparencia física e a moda. ● Actividade de expresión oral sobre problemas de saúde, a imaxe persoal, a moda e/ou as compras. ● Actividade de comprensión escrita sobre temas relacionados coa saúde e as doenzas. ● Actividade de comprensión escrita dun correo electrónico informal. ● Actividade de produción escrita sobre a orde dos adxectivos e o uso dos adxectivos como nomes. ● Exercicio para practicar a pronunciación dalgúns sons vocálicos longos e consonánticos. ● Actividade de produción escrita: un correo electrónico informal. ● Actividade de mediación oral e escrita sobre doenzas ou temática relacionada coa moda. 			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, seguindo as argumentacións.	É quen de comprender textos de extensión media, de boa calidade acústica, ben organizados e claros.	

	Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.	É quen de comprender conversas en lingua estándar, a velocidade normal e ben organizadas, aínda que as interrupcións poidan afectar momentaneamente a comprensión. É capaz de seguir as argumentacións. É quen de identificar a intención de textos sobre acordos, comprender o máis do seu vocabulario e de reaccionar de xeito bastante axeitado .
CTE	Comprende diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación. Comprende información esencial e detalles relevantes en correos electrónicos que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.	Pode comprender textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación. É quen de comprender información esencial e detalles relevantes en correos electrónicos que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.
PCTO	Desenvólvese en transaccións da vida cotiá explicando o motivo dun problema. Describe de xeito preciso e bastante detallado aparencia física e prendas de vestir.	Pode realizar transaccións habituais, esbozando o motivo dun problema, especialmente se conta coa colaboración do interlocutor. É quen de describir aparencia física e prendas de vestir con certo grao de detalle.
PCTE	Escrebe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.	É quen de escribir correspondencia informal breve e sinxela expresando sentimentos, desexos e reaccións de xeito axeitado á situación e cun repertorio léxico suficientemente amplo para o nivel.
MED	Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.	É capaz de reformular oralmente ou por escrito información de distintas fontes con suficiente claridade.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Libros de texto, fotocopias, audios e vídeos, internet

UNIDADE 3: FASTEN YOUR SEAT BELTS / A REALLY GOOD ENDING?			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.		
CTE	Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda esporádica).		
PCTO	Resolver problemas relativos ao aloxamento, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.		
PCTE	Escribir correspondencia formal en que se dá e solicita información detallada, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.		
MED	Transmitir oralmente ou por escrito a terceiras persoas o sentido xeral ou os detalles máis relevantes de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecementos e aplicación dos aspectos sociolingüísticos e socioculturais relativos ás viaxes, os servizos públicos e aos libros e á lectura en xeral.	Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave. Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.	Especular sobre causas e consecuencias. Expresar intención ou vontade. Presentar unha reclamación ou queixa.	Textos orais: -Conversas formais e informais -Debates e discusións formais -Audiovisuais

	Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos. Pedirlle á persoa interlocutora confirmación da comprensión.	Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado. Presentar unha reclamación ou queixa. Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística.	Textos escritos: -Textos xornalísticos -Textos literarios
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Tempos verbais: Correlación temporal nas oracións Colocación dos adverbios		Viaxes e medios de transporte. Actividades artísticas: literatura.	Fonemas vocálicos nas formas irregulares de pasado.
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de comprensión oral e escrita sobre as viaxes e/ou as vacacións. • Actividade sobre o vocabulario sobre viaxes, vacacións e aloxamento. • Actividade para practicar o uso de "so/such...that". • Exercicio para practicar o uso dos tempos verbais en pasado (past simple, past continuous, past perfect simple e past perfect continuous) para narrar acontecementos pasados. • Actividades sobre a pronunciación dalgúns fonemas vocálicos en verbos irregulares en pasado e sobre a entoación en oracións. • Actividade de expresión oral sobre as viaxes e os hábitos de lectura. • Actividade para practicar o uso e a colocación dos adverbios e as frases adverbiais en oracións. • Actividade de interacción escrita: un e-mail ou carta de reclamación. • Actividade de mediación oral sobre a temática das viaxes. 			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Comprende textos producidos en diferentes situacións comunicativas que conteñen informacións precisas, por exemplo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas.	É quen de comprender algunhas informacións precisas en textos orais, aínda que as condicións acústicas non sexan excelentes.	
CTE	Comprende textos periodísticos, incluídos artigos e reportaxes sobre temas de actualidade ou especializados, en que o/a autor/a adopta certos puntos de vista, expresa opinións de maneira tanto implícita como explícita.	É quen de comprender artigos e reportaxes sobre temas de actualidade onde se expresan opinións e argumentos, aínda que non procese toda a información implícita.	
	Le cun bo nivel de comprensión global textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.	É capaz de ler cun nivel de comprensión global aceptable textos narrativos adaptados, coa axuda do dicionario.	
PCTO	Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.	É capaz de intercambiar información sobre asuntos cotiáns do seu interese con algunhas fórmulas simples.	
PCTE	Narrar e describir de xeito coherente e ben estruturado en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional-	É quen de narrar ou facer descrições con suficiente claridade sobre temas do seu interese en lingua estándar.	
	Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.	É quen de escribir correspondencia persoal na que intenta explicar problemas de xeito bastante efectivo e axustando bastante o rexistro.	

MED	Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.	É capaz de reformular oralmente ou por escrito información de distintas fontes con suficiente claridade.
Temporalización		Recursos
1º cuatrimestre 6 sesións de 2 horas		Libros de texto, fotocopias, audios e vídeos, recursos de internet

UNIDADE 4: STORMY WEATHER / RISKY BUSINESS			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.		
CTE	Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.		
PCTO	Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.		
PCTE	Producir textos argumentativos transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que cun grao de elaboración limitada.		
MED	Mediar entre falantes comparando vantaxes e desvantaxes de distintas posturas e argumentos e ofrecendo posibles solucións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Conciencia ecolóxica e medio-ambiental. Diferenzas socioculturais na percepción de fenómenos meteorolóxicos.	Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.	Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente. Facer predicións. Poñer condicións para unha acción futura. Redactar textos argumentativos. Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.	Textos orais e escritos: -Presentacións -Anuncios publicitarios -Textos xornalísticos -Informes, resumos e esquemas -Documentos oficiais
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
O futuro perfecto e o futuro continuo. O uso de adverbios en predicións. Oración composta. Subordinación: -condicionais tipo 0 e tipo 1. -temporais de futuro.	Clima, condicións atmosféricas e ambiente: meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais. Riscos e deportes extremos.	A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas. A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.	
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de vocabulario relativo ao medio ambiente e o clima. • Actividades de comprensión escrita e oral sobre problemas medioambientais e fenómenos meteorolóxicos. • Actividades de produción, coprodución e mediación oral sobre o clima e o medio ambiente. • Actividades de gramática: predicións para o futuro (future simple/perfect/continuous, going to ...) e expresión de hipóteses sobre o presente ou o futuro. • Actividades de vocabulario sobre actividades perigosas e riscos. • Actividades de comprensión oral e escrita sobre actividades perigosas e riscos. • Actividade de produción e coprodución oral sobre actividades perigosas e riscos. • Actividade de produción escrita: <i>for/against essay</i>. 			

<ul style="list-style-type: none"> Actividades de mediación escrita e/ou oral sobre a prevención de riscos. 		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Comprende textos orais bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate.	É quen de comprender textos orais de extensión media, de boa calidade acústica, ben organizados e claros.
CTE	Comprende artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.	É quen de comprender as liñas xerais e algún detalle específico de artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten puntos de vista.
PCTO	Fai presentacións breves sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias. Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais.	É quen de facer breves presentacións preparadas sobre temas do seu interese, en lingua estándar, claras e estruturadas. Pode responder a preguntas adicionais aínda que necesite repeticións e aclaracións. É quen de empregar unha pronuncia en xeral clara, aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro.
PCTE	Redacta textos breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.	É quen de redactar textos breves e sinxelos, informando sobre os feitos e desenvolvendo os aspectos negativos e positivos.
MED	Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible ás persoas receptoras.	É quen de simplificar a información para que as persoas receptoras a entendan.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Libros de texto, fotocopias, audios e vídeos, recursos de internet

UNIDADE 5: I'M A SURVIVOR / WISH YOU WERE HERE			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con limitacións.		
CTE	Comprender con suficiente detalle correspondencia na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.		
PCTO	Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade. Formular hipóteses en relación a situacións imaxinarias.		
PCTE	Producir textos escritos onde se facilite consello en relación a situacións cotiás ou temas da súa especialidade.		
MED	Transmitir oralmente ou por escrito a terceiras persoas consellos relacionados con aspectos prácticos da vida cotiá.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento da expresión das emocións/ sentimentos segundo convencións sociais. Valores e crenzas relativos á protección medioambiental.	Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua. Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais e extratextuais.	Expresar hipóteses e posibilidades no pasado. Advertir/aconsellar a outra persoa sobre algo. Amosar sorpresa e admiración.	Textos orais e escritos: -Instrucións e indicacións. -Textos literarios
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Oración composta: subordinación; condicionais.	Tempo libre e actualidade	Pronunciación de adxectivos rematados en -ed.	

Uso do imperativo afirmativo e negativo. Correlación temporal nas oracións.		Viaxes e transportes Medio ambiente: natureza, ecoloxía e problemas ambientais.	
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de produción de textos orais ou escritos para dar consellos e recomendacións. • Actividades para a ampliación de léxico relacionado coa expresión de sentimentos/emocións e do descontento. • Actividades para practicar a expresión de desexos "imposibles" no presente (wish+past simple) e do arrepentimento sobre feitos xa ocorridos (wish +past perfect) • Actividades de comprensión e expresión oral sobre aspectos relacionados coa reciclaxe. • Actividades de mediación escrita e/ou oral sobre a xestión emocional. 			
Crterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Comprende textos producidos en diferentes situacións comunicativas que conteñen informacións precisas, sen condicións acústicas idóneas.	É quen de comprender algunhas informacións precisas en textos orais, aínda que as condicións acústicas non sexan excelentes.	
CTE	Reacciona á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.	É capaz de identificar a intención de textos e de reaccionar de xeito bastante acertado.	
PCTO	Formula hipóteses sobre o momento presente. Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais.	É quen de formular hipóteses sobre o momento presente con suficiente corrección. É capaz de expresarse cunha pronuncia suficientemente clara aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.	
PCTE	Produce textos escritos nos que se facilita consello sobre situacións da vida cotiá.	É quen de producir textos escritos suficientemente coherentes onde se facilita consello.	
MED	Reelabora información procedente de distintas fontes, sintetízaa e comunicaa de maneira oral.	É capaz de resumir información someramente e comunicala de maneira oral.	
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Libros de texto, fotocopias, audios e vídeos, recursos de internet	

UNIDADE 6: NIGHT NIGHT / MUSIC TO MY EARS			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.		
CTE	Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.		
PCTO	Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.		
PCTE	Realizar en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.		
MED	Sintetizar oralmente ou por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recopilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento dos marcadores lingüísticos das relacións sociais, na vida cotiá, os valores e crenzas.	Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.	Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo.	Textos orais e escritos: -Audiovisuais -Textos xornalísticos

	Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).	Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc. Explicar un sintoma dunha enfermidade. Reaccionar e cooperar na interacción. Introducir un tema en situacións formais e informais.	
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Usos do xerundio e do infinitivo. Uso das estruturas <i>used to, be used to e get used to</i> . Posición e concordancia dos elementos oracionais		Actividades artísticas: música. Saúde e coidados físicos: coidado do sono	A entoación, o ritmo e o acento en enunciados. Pronunciación de préstamos lingüísticos.
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de familiarización e práctica de vocabulario relacionado coa música. • Actividade de produción oral grupal para intercambiar gustos e preferencias musicais. • Actividades de produción oral para expresar hipóteses usando a estrutura <i>If you were</i>. • Exercicios para a práctica de estruturas gramaticais: <i>help sb+ bare inf/to e make sb +bare inf</i>. • Actividade de comprensión oral sobre os cambios de hábitos relacionados co sono. • Actividade de produción oral grupal sobre os hábitos do sono e cambios de hábitos no pasado usando as formas verbais: <i>used to, be used to, get used to</i>. • Actividades de comprensión lectora sobre textos referentes ao sono. • Actividades para a identificación e práctica de patróns verbais seguidos de xerundio ou infinitivo, incluíndo os verbos que admiten ambos. • Actividades de mediación escrita e/ou oral sobre a hixiene do sono e/ou actividades musicais. 			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Comprende exposicións públicas de certa complexidade, aínda que o nivel de comprensión diminúa se o discurso non está ben organizado ou carece de fio condutor.	É quen de comprender as liñas xerais de exposicións de certa complexidade do seu interese, resultándolle difícil comprender todo se non están ben organizadas.	
CTE	Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos, os matices e as posturas concretas.	É quen de distinguir o ton e o carácter do texto, e interpretar o que le con bastante precisión.	
PCTO	Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional. Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para describir, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza estruturas complexas.	É quen de contar ou facer descricións sobre temas do seu interese en lingua estándar. É quen de expresarse de xeito suficientemente claro e a un ritmo bastante uniforme usando suficientes recursos lingüísticos para describir, opinar, e utilizando algunhas estruturas complexas.	
PCTE	Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.	É quen de empregar con razoable corrección os patróns ortotipográficos e as convencións formais máis habituais de redacción de textos. É quen de organizar adecuadamente a información que recibe e transmitila con suficiente claridade e eficacia.	
MED	Repete ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.	É quen de simplificar a información para que as persoas receptoras a entendan.	

	Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.	
Temporalización		Recursos
2º cuatrimestre 6 sesións de 2 horas		Libros de texto, fotocopias, audios e vídeos, recursos de internet

UNIDADE 7: IT'S ALL AN ACT			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible e articuladas con claridade. Facer preguntas sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade..		
CTE	Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.		
PCTO	Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela. Facer comentarios sobre películas, libros ou outras manifestacións artísticas.		
PCTE	Resumir a trama e a secuencia de acontecementos de libros, películas, biografías, series ou outra manifestación artística.		
MED	Repetir ou reformular a información referida a recomendacións cinéfilas de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras, aínda que teña que pedir información complementaria ou aclaracións.. Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia. Resumir e transmitir a trama e secuencia de acontecementos dunha película ou libro.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Reflexión sobre actividades culturais de diversos tipos.	Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.	Sintetizar unha información. Facer aclaracións, rectificacións etc. Discutir sobre a información recibida.	Textos orais: - Conversas formais e informais Textos escritos: - Textos xornalísticos - Biografías.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Sintaxe da oración con verbos dos sentidos.	Actividades artísticas: cine e teatro. Descrición de persoas: estados de ánimo, sentimentos Saúde e coidados físicos: partes do corpo, órganos, movementos, sensacións e percepcións físicas.	Formas débiles de have Consonantes mudas	
Actividades			

<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de expresión oral: descrición de fotografías e obxectos empregando <i>looks, looks like, looks as if...</i> • Actividades de comprensión escrita e oral sobre técnicas interpretativas e diferentes xéneros cinematográficos. • Exercicios gramaticais sobre verbos e expresións relacionados cos sentidos: <i>feel, smell, taste, look, look like, look as if, etc.</i> • Actividades de comprensión escrita e ampliación de léxico do corpo humano. • Actividade de produción escrita: recensión dun libro, película, serie ou manifestación artística. • Actividade de comprensión oral: conversa informal sobre eventos culturais como cine, teatro, música, etc. • Actividade de expresión oral: conversa informal sobre cine. • Actividade de mediación escrita ou oral sobre recomendacións cinéfilas. 		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Comprende exposicións públicas referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional.	É que de comprender exposicións de certa complexidade do seu interese, con dificultade se non están ben organizadas.
CTE	Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas e reacciona axeitadamente. É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.	É quen de identificar a intención de textos interactivos, comprender máis do seu vocabulario e de reaccionar de modo suficientemente axeitado.
PCTO	Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais, pedindo información e ofrecendo razoamentos e explicacións.	É quen de ofrecer e pedir puntos de vista en conversas formais breves de xeito suficientemente claro.
PCTE	Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais, utilizando vocabulario específico e propio do nivel.	É quen de escribir breves recensións cun uso bastante axeitado de vocabulario específico.
MED	Repite e ou reformula a información referida a recomendacións cinéfilas de maneira máis sinxela para facerllela máis comprensible ás persoas receptoras, aínda que teña que pedir información complementaria ou aclaracións. Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.	É quen de repetir ou reformular a información referida a recomendacións cinéfilas de maneira máis sinxela para facerllela máis comprensible ás persoas receptoras, aínda que teña que pedir información complementaria ou aclaracións. Organiza minimamente e adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia. É quen de resumir e explicar a trama e secuencia de acontecementos de unha película/novela.
Temporalización		Recursos
2º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Libro de texto, textos audiovisuais, textos xornalísticos, recursos de internet.

UNIDADE 8: CUTTING CRIME / FAKE NEWS		
Obxectivos específicos por actividades de lingua		
CTO	Comprender as liñas argumentais e as ideas principais de textos orais e escritos de certa complexidade.	
CTE	Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación, sobre temas actuais, onde poden adoptarse diferentes puntos de vista.	
PCTO	Dar opinións e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.	
PCTE	Escribir textos coherentes e con cohesión nos que se argumenta unha opinión persoal sobre temas coñecidos ou de actualidade.	

MED	Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises). Resumir e transmitir oralmente ou por escrito o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións ou actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento e aplicación na comprensión de textos dos aspectos socioculturais relativos ao quebrantamento da lei e aos distintos delitos. Reflexión sobre os aspectos socioculturais relativos aos medios de comunicación.	Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.	Expresar e pedir opinións sobre comportamentos, feitos e situacións; razoar argumentos. Transmitir mensaxes e opinións doutras persoas. Sintetizar información. Expresar información de xeito impersoal por medio da voz pasiva. Reproducir mensaxes doutras persoas: (interese, desculpa, orde, autorización e prohibición: aconsellar, alertar, dar permiso, denegar ou dispensar a alguén de facer algo). Referir o contido dunha información periodística.	Textos orais: - Conversas formais e informais - Audiovisuais. Textos escritos: - Textos xornalísticos - Textos narrativos
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Uso da impersonalidade e voz pasiva O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto. Oración composta: subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais	Información e medios de comunicación Política e sociedade: lei, delitos e penas. Traballo e profesión: medios de comunicación.		Fonemas que presentan dificultades. Percepción e utilización dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de comprensión oral sobre o crime e os medios de comunicación. • Exercicios de vocabulario relacionado co crime e os medios de comunicación. • Exercicios de práctica fonética sobre as diferentes pronuncias da grafía <i>u</i> e das ligazóns entre verbos en <i>-ed</i> e a preposición <i>to</i>. • Práctica da estrutura gramatical <i>have/get something done</i> e os distintos usos da voz pasiva. • Práctica oral e/ou escrita de <i>reporting verbs</i>. • Actividades de produción, coprodución e mediación oral: a lectura, a prensa, como previr o crime... • Actividade de produción escrita: un artigo de opinión. 			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Comprende textos producidos en diferentes situacións comunicativas que conteñen información precisa e se producen en condicións acústicas non moi boas.	É quen de comprender algunhas informacións precisas en textos orais, aínda que as condicións acústicas non sexan boas.	
CTE	Comprende textos periodísticos sobre temas de actualidade onde o autor adopta certos puntos de vista e expresa opinións, de maneira implícita e explícita.	É quen de comprender en xeral textos periodísticos onde o autor expresa opinións implícitas e explícitas.	

PCTO	Exprésase e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais, pedindo información e ofrecendo razoamentos e explicacións.	É quen, usando unha lingua estándar e un rexistro formal, de expresar puntos de vista e razoamentos, de xeito sinxelo e brevemente.
PCTE	Escrebe textos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, presentando o seu punto de vista sobre feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.	É quen de expresar a súa opinión de xeito suficientemente claro por escrito en textos cunha estrutura bastante fácil de seguir.
MED	Reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir a información orixinal da fonte. Compara e contrasta información de distintas fontes e resume os aspectos máis relevantes.	É quen de reelaborar, e sintetizar por escrito a información de distintas fontes sen que as diferencias culturais e/ou lingüísticas supoñan unha barreira. É quen de comparar ideas en distintas fontes de información e expresar de xeito sinxelo as similitudes e diferencias entre elas.
Temporalización		Recursos
2º cuatrimestre 6 sesións de 2 horas		Libro de texto, material audiovisual, fotocopias, recursos de internet.

UNIDADE 9: GOOD BUSINESS? / SUPER CITIES			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos,-a velocidade normal, en lingua estándar cunha pronuncia clara.		
CTE	Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.		
PCTO	Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada. Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.		
PCTE	Redactar escritos breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade.		
MED	Tomar notas para terceiras persoas recollendo os puntos máis relevantes nun relatorio claramente estruturado sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento e aplicación na comprensión de textos dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á publicidade. Coñecemento sobre aspectos culturais propios doutros países e respecto polas distintas crenzas.	Recoñecer as dificultades de comprensión.	Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado. Redactar textos de ámbito académico. Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.	Textos orais: -Conversas formais e informais -Audiovisuais Textos escritos: -Guías de viaxes -Informes, resumos e esquemas -Documentos comerciais.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Substantivos contables e incontables Oración simple Oración composta Gramática textual.	Política e sociedade: condicións de vida nas grandes cidades. Tempo libre e actualidade: turismo, acontecementos do momento... Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas, industria... Información e medios de comunicación: publicidade Viaxes: experiencias persoais, problemas e incidencias...	Procesos propios da lingua: patróns de acentuación en palabras con prefixos e sufixos.	
Actividades			

<ul style="list-style-type: none"> • Conversas informais sobre a importancia do mundo publicitario e empresas de éxito recoñecido. • Actividade de comprensión oral ou escrita sobre a publicidade • Ampliación de vocabulario relacionado co mundo empresarial. • Exercicio de gramática para a práctica das construcións gramaticais relativas as cláusulas de contraste e propósito (<i>Although, in spite of, despite, to, in order to and so as to</i>). • Conversas sobre os problemas e as vantaxes de vivir nunha gran cidade. • Actividade de comprensión oral sobre aspectos relacionados coa preparación, o enriquecemento socio-cultural e o desfrute dunha viaxe. • Actividade de expresión escrita: un artigo sobre unha cidade. • Actividades de mediación escrita e/ou oral sobre publicidade, negocios ou finanzas. 		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Comprende textos orais bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas.	Pode comprender exposicións de certa complexidade do seu interese, resultándolle difícil comprender todo se non están ben organizadas. Pode comprender textos de extensión media, se teñen boa calidade acústica, están ben organizados e son claros.
CTE	Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos, ... e interpreta o que le con precisión.	É quen de poñer en marcha as estratexias mínimas para a comprensión e distinción de feitos, opinións, argumentos, sucesos de xeito preciso en textos escritos.
PCTO	Interactúa de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade nas que expón as súas opinións e as argumenta.	Pode iniciar, manter e rematar unha conversa a unha velocidade lenta e nunha variante estándar sobre un tema de interese persoal. Nela pode utilizar un repertorio lingüístico sinxelo pero suficiente para expresar as súas opinións e argumentar.
PCTE	Toma notas e redacta escritos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra. Utiliza os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.	É quen de tomar notas e redactar escritos breves e sinxelos, informando sobre os feitos e desenvolvendo os aspectos negativos e positivos. É capaz de empregar con razoable corrección os patróns ortotipográficos e as convencións formais máis habituais de redacción de textos.
MED	Organiza adecuadamente información procedente de diversas fontes que pretende transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.	Pode organizar adecuadamente a información que recibe e transmitila con suficiente claridade e eficacia.
Temporalización		Recursos
2º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Libros de texto, fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet

UNIDADE 10: SCIENCE FACT, SCIENCE-FICTION	
Obxectivos específicos por actividades de lingua	
CTO	Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa.
CTE	Comprender instrucións e indicacións técnicas de produtos de uso común ou textos técnicos de relativa complexidade.
PCTO	Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.
PCTE	Producir escritos referidos a manuais técnicos de uso común ou textos técnicos de complexidade media.
MED	Mediar entre falantes transmitindo información específica, opinións e argumentos e ofrecendo as opinións propias con amabilidade e claridade.

Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecementos e aplicación dos aspectos sociolingüísticos e socioculturais relativos á ciencia.	Organizar o material de aprendizaxe.	Expresar opinións.	Textos orais: -Audiovisuais Textos escritos: -Informes, resumos e esquemas
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Cuantificadores.	Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos.		Cambio de patróns de acentuación en procesos de derivación morfolóxica.
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de expresión oral sobre temas relacionados co ámbito científico. • Actividades de comprensión escrita de textos científicos • Exercicios para a práctica de <i>quantifiers</i> (<i>all, every, both etc.</i>) en contexto. • Actividades de expresión oral e/ou escrita sobre xeografía ciencia e tecnoloxía, prestando especial atención ao uso de artigos. 			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos técnicos habituais e entende normativas con vocabulario técnico e específico.	É capaz de seguir en liñas xerais as instrucións en textos técnicos e/ou normativos e con vocabulario específico de asuntos habituais, aínda que poida omitir algún detalle.	
CTE	Comprende instrucións e indicacións técnicas de produtos de uso común ou textos técnicos de relativa complexidade	É quen de comprender algunhas instrucións e indicacións de produtos de uso común ou textos técnicos que, aínda non sexan comprendidas na súa totalidade, non impidan a comprensión da mensaxe escrita.	
PCTO	Reelabora información procedente de distintas fontes, sintetízaa e comunícaa de maneira oral. Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir.	É quen de reelaborar, e sintetizar de modo sinxelo a información de distintas fontes de xeito oral. Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir, aínda que poida existir pequenas paradas que non impidan esa comprensión e a comunicación.	
PCTE	Reelabora información procedente de distintas fontes, sintetízaa e comunícaa de maneira oral.	É quen de expresarse de xeito suficientemente claro e sen moitas pausas usando suficientes recursos lingüísticos para describir, opinar, e empregando algunhas estruturas complexas.	
MED	Transmite oralmente ou por escrito a terceiras persoas o sentido xeral ou os detalles máis relevantes de diversos textos específicos orais ou escritos procedentes de distintas fontes argumentando e ofrecendo opinións con claridade e eficacia.	Pode organizar adecuadamente a información que recibe e transmitila con suficiente claridade e eficacia.	
Temporalización		Recursos	
2º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Libro de texto, fotocopias, textos audiovisuais, textos xornalísticos, recursos de internet.	

4. NIVEL AVANZADO C1 E C2

O nivel avanzado deberá ter como referencia as competencias propias dos niveis C1 e C2, segundo se definen no MECRL do Consello de Europa.

Este nivel ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para a utilización do idioma oralmente e por escrito con fluidez, flexibilidade e eficacia, en situacións comunicativas diversas relativas a temas coñecidos ou propios do campo de especialización do falante, que requiran comprender e producir textos de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros, que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, con riqueza léxica. Este nivel de uso do idioma deberá permitir igualmente actuar mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de xeito directo, e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

4.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

AVANZADO C1

O alumnado que supere o nivel avanzado C1 poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada. O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e un repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e trasladar matices de significados.

AVANZADO C2

O alumnado que supere o nivel avanzado C2 poderá comunicarse sen esforzo aparente, con precisión e corrección, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional; comprenderá practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, independentemente da súa extensión, velocidade, complexidade, temática ou tipoloxía e será quen de recoñecer os sentidos implícitos. Ademais, será capaz de empregar axeitadamente os mecanismos de organización e cohesión textual e elixirá o léxico e as expresións apropiadas ao nivel, ao rexistro e á finalidade de cada discurso. Así mesmo, transmitirá ideas de forma oral ou escrita con naturalidade, soltura e fluidez. O alumnado que acade este nivel disporá dun amplo coñecemento da lingua e dun repertorio extenso de expresións idiomáticas e coloquiais que lle permitan apreciar, sintetizar, expresar e trasladar matices sutís de carácter semántico, lingüístico ou pragmático.

4.2 OBXECTIVOS XERAIS

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes aos niveis C1 e C2, respectivamente, o alumnado será capaz de:

	C1	C2
CTO	Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.	Comprender, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, practicamente a calquera persoa interlocutora e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e da velocidade, aínda que a calidade do son non sexa óptima. Será quen de recoñecer significados implícitos e apreciar matices de estilo.
PCTO	Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.	Producir e coproducir, con soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros, salvo algún descoido ocasional, e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.
CTE	Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.	Comprender, apreciar e interpretar de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, practicamente calquera texto extenso e complexo, tanto literarios como técnicos -nos que se empreguen xogos de palabras, coloquialismos, expresións idiomáticas e outras variantes lingüísticas que poidan conter xuízos de valor ou nos que parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua- apreciando distincións sutís de estilo e significado, tanto implícito como explícito.

PCTE	Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.	Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade -aínda que poida presentar algún descoído de carácter tipográfico- sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como trasladar en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.
MEDIACIÓN	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para trasladar con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.

4.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

Os obxectivos específicos, actividades, competencias e contidos, criterios de avaliación e mínimos exixibles, secuenciados por unidades didácticas e cuatrimestres, é unha ferramenta dinámica e flexible; como tal, poderá ser modificada en calquera momento segundo as necesidades do alumnado da clase.

A relación de actividades que se especifican en cada unidade hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo.

Os libros de texto que se utilizarán son:

Cursos C1.1: *English File C1.1. Fourth edition*. Editorial Oxford.

Cursos C1.2: *English File C1.2.. Fourth edition*. Editorial Oxford.

Cursos C2: material de elaboración propia.

Estes manuais completaranse con distintos materiais doutros métodos comunicativos e materiais auténticos de elaboración propia acordes co currículo e coa programación xeral. Para os cursos semipresenciais non se usará libro de texto, senón os materiais facilitados pola Consellería de Educación para a plataforma Moodle.

O curso académico está dividido en dous cuatrimestres. A duración de cada sesión de docencia é de 120 minutos.

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe

por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudamos ao alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Ditas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan realimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de realimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

AVANZADO C1.1

UNIDADE 1: WE'RE FAMILY & A JOB FOR LIFE			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude sobre temas familiares e laborais mesmo se non está familiarizado e captar a intención do que se di.		
CTE	Comprender a información contida en textos de carácter interactivos sobre a familia ou o traballo, identificando niveis de formalidade e as actitude ou opinións implícitas.		
PCTO	Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten sobre familia, personalidade ou traballo.		
PCTE	Escribir correspondencia formal para solicitar un posto de traballo.		
MED	Recoñecer significados complexos en textos orais ou escritos e transmitir a idea principal.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento, valoración e respecto por diferentes personalidades e tipos de familia. Aplicación dos recursos lingüísticos que lle permitan ao alumnado redactar unha solicitude de traballo con efectividade.	Planificar a propia aprendizaxe establecendo obxectivos propios a curto e a longo prazo. Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...) Relacionar información nova con coñecementos previos Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.	Funcións relacionadas coa expresión do coñecemento, da opinión, e da crenza: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo.	Coñecer e aplicar as competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. Producir correspondencia formal especializada.
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Usar mecanismos de cohesión para a organización de textos	Relacións familiares e de parentesco, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas... Identidade persoal: dimensión anímica, carácter e valores. Tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais.		A correspondencia entre unidades de ortografía y pronunciación: homófonos
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> - Actividade de comprensión oral sobre relacións familiares. - Actividade de coprodución oral intercambiando conceptos e opinións sobre a familia e das relacións familiares. - Actividade de consolidación de estratexias de aprendizaxe autónomo para a adquisición de vocabulario. - Actividade de comprensión oral e escrita sobre as características e condicións de distintos postos de traballo. - Actividade de coprodución oral de temática laboral. - Actividade de produción escrita de redacción dunha solicitude dun posto de traballo. - Actividades de activación de vocabulario referido a relacións laborais e personalidade. 			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.	É quen de recoñecer a intención e o significado de diferentes actos de fala, aínda que as diferencias de rexistro ou contexto provoquen dificultades.	
CTE	Identifica con rapidez o contido dunha ampla serie de textos profesionais e académicos.	É quen de identificar con certa rapidez o contido de textos profesionais e académicos.	
PCTO	Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.	É quen de expresar o que quere dicir, aínda que presente algunha dificultade. É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira bastante apropiada e fluída. É capaz de producir un texto oral bastante coherente e cohesionado a partir de textos fonte.	

	Inicia, mantén e remata unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as queandas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos interlocutores. Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte. Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.	É quen de variar a veces a entoación para expresar matices de significado.
PCTE	Presenta feitos, ideas e puntos de vista destacando os aspectos máis importantes con amplitude e precisión, sen ambigüidades.	É quen de presentar feitos, ideas e puntos de vista destacando algún dos aspectos máis importantes.
MED	Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que se di e os medios de expresalo á situación, ao receptor e formalidade requirida.	Utiliza o idioma con suficiente flexibilidade e eficacia, adaptándose a situación e formalidade requiridos.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 8 sesións de 2 horas		Libro de texto do profesor e do alumno, libro de exercicios, actividades interactivas en liña, material textual e audiovisual real extraído de internet e outros recursos educativos.

UNIDADE 2: DO YOU REMEMBER? & ON THE TIP OF MY TONGUE			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, sobre adquisición de linguas e memorias biográficas mesmo se non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.		
CTE	Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, os pormenores e as conclusións implícitas.		
PCTO	Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, sobre adquisición e uso de linguas, diferentes estándares dunha mesma lingua e memorias biográficas.		
PCTE	Escribir artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre adquisición e uso de linguas ou cambios sociais, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.		
MED	Recoñecer significados complexos en textos orais ou escritos e transmitir a idea principal e os detalles máis relevantes.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas relacións persoais, os valores e as crenzas.	Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...) . Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...). Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.	Funcións ou actos de fala expresivos. Funcións de fala asertiva para expresar opinión persoal.	Sondaxes e cuestionarios complexos. Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Formación de palabras: derivación e composición.	Educación e adquisición de linguas, e evolución lingüística.	Trazos acentuais e de pronunciación de diferentes estándares do inglés. Sufixos e acentuación de palabras.	

Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> - Actividade de comprensión lectora sobre a aprendizaxe de linguas ou a evolución lingüística. - Actividade de comprensión escrita dun texto de carácter autobiográfico. - Actividade de comprensión oral de textos relacionados coa adquisición dunha segunda lingua e a vida nun país de fala estranxeira. - Actividade de comprensión oral para a identificación de emocións ou actitudes explícitas. - Actividade de produción de textos orais breves e intercambios orais grupais sobre a posición do inglés como lingua franca e a adquisición de linguas. - Actividade de produción escrita sobre cambios lingüísticos ou cambios sociais. 			
Criterios de avaliación	Mínimos esixibles		
CTO	Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e reconece matices de significado.	É quen de percibir un mínimo de variedades fonético-fonolóxicas e reconecer matices de significado.	
CTE	Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos. Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.	É quen de identificar o contido e a importancia de textos de bastantes temas profesionais ou académicos. É capaz de localizar os detalles máis relevantes en textos extensos e complexos.	
PCTO	Rebate os argumentos dos interlocutores de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.	É quen de rebater os argumentos dos interlocutores de maneira apropiada, intervindo de forma bastante fluída e espontánea.	
PCTE	Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión. Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencíalos e eliminar posibles ambigüidades.	É quen de escribir textos o suficientemente complexos e extensos, mostrando suficiente dominio dos recursos lingüísticos para expresarse cun nivel aceptable de eficacia e precisión. É capaz de presentar ideas e puntos de vista conseguindo en ocasións destacalos e diferencíalos, aínda que poida haber algunha ambigüidade.	
MED	Transmite con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.	É quen de transmitir con certa claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como a meirande parte dos detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.	
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre 7 sesións de 2 horas		Libro de texto do profesor e do alumno, libro de exercicios, actividades interactivas en liña, material textual e audiovisual real extraído de internet e outros recursos educativos.	

UNIDADE 3: A LOVE-HATE RELATIONSHIP & DRAMATIC LICENCE			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude sobre relacións persoais e temas históricos mesmo se non está familiarizado co e captar a intención do que se di. Identificar actitudes implícitas dos e das falantes.		
CTE	Comprender artigos e outros textos complexos sobre relacións persoais ou temas históricos e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.		
PCTO	Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, mantendo e desenvolvendo o discurso.		
PCTE	Conectar ideas de xeito preciso e eficaz mediante unha ampla variedade de marcadores do discurso.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta para trasladar oralmente ou por escrito de xeito obxectivo unha ampla gama de textos.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Familiarizarse con estereotipos e anacronismos históricos, adaptacións cinematográficas, música pop e transmisión de información incómoda	Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.	Expresar admiración, lelicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...	Cancións Conversas especializadas Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

<p>Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos Usos sintácticos complexos</p>	<p>Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións... Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais... Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...</p>	<p>Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrán, poemas...)</p>
Actividades		
<ul style="list-style-type: none"> - Actividade de comprensión oral de temática cinematográfica, televisiva ou teatral. - Actividade de comprensión escrita dunha recensión cinematográfica. - Actividade de co-produción oral sobre relacións de parella. - Actividades de comprensión oral e escrita sobre as relacións de parella. - Actividade de produción escrita de práctica de estratexias de coherencia e conexión do discurso. - Actividade de mediación centrada na obxectividade do texto meta. - Actividade de consolidación e repaso gramatical e léxico de expresións idiomáticas con "GET" - Actividade de comprensión oral ou escrita sobre sinopse de películas históricas. - Actividade oral de práctica e consolidación do léxico sobre guerras e conflitos. - Actividades de produción oral sobre preferencias cinematográficas. 		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Sigue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.	É quen de seguir un discurso extenso na súa meirande parte aínda que non estea claramente estruturado
CTE	Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto o xénero e o tipo de texto.	É quen de recoñecer con frecuencia a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto o xénero e o tipo de texto.
PCTO	Responde a preguntas complexas, e pode analizar e explicar os puntos de vista e ideas que tratan, así coma de explicar a actitude dos falantes e a súa postura.	É quen de responder preguntas bastante complexas, e analizar e explicar os puntos de vista e ideas que tratan con certa precisión, así coma tentar explicar a actitude dos falantes e a súa postura.
PCTE	Redacta un texto e o adapta á situación requirida.	É quen de redactar un texto e adaptalo con certo grao de precisión á situación requirida.
MED	Transmite con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.	É quen de transmitir con certa claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como a meirande parte dos detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. É quen de xestionar con certa flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con bastante claridade as posturas e a desfacer malentendidos, e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 7 sesións de 2 horas		Libro de texto do profesor e do alumno, libro de exercicios, actividades interactivas en liña, material textual e audiovisual real extraído de internet.

UNIDADE 4: AN OPEN BOOK & THE SOUND OF SILENCE	
Obxectivos específicos por actividades de lingua	
CTO	Comprender as ideas principais e os detalles máis relevantes de conversas entre terceiras persoas sobre temas literarios ou relacionados co son, aínda que non se estea

	familiarizado co tema.			
CTE	Comprender textos literarios contemporáneos e captar a mensaxe, as ideas ou conclusións implícitas.			
PCTO	Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, e defendendo puntos de vista con argumentos adecuados.			
PCTE	Escribir recensións sobre obras artísticas claras e ben estruturadas, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.			
MED	Mediar entre falantes da lingua meta para transmitir oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.			
Competencias e contidos				
I – Socioculturais e sociolingüísticos		II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Identificar certos sons e expresar o que transmiten ao interlocutor. Aspectos socioculturais relacionados co ruído e os sons.		Utilizar estratexias de aprendizaxe como tomar notas para contribuír á comprensión de textos orais Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia e planificar a estrutura Relacionar a información nova con coñecementos previos para encontrar sinónimos a partir dun texto. Asegurar a comprensión dun texto oral, preguntando sobre o dito, volvendo escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos. Autoavaliar o propio proceso de aprendizaxe detectando os erros e os logros nas tarefas.	Expresión de opinións e experiencias relacionadas cos hábitos de lectura. Expresar dedución e especulación	Recensións de libros e películas, comentarios en liña
V - Sintácticos		VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Uso de estruturas de inversión gramatical para engadir énfase Uso de verbos modais para expresar especulación e dedución en pasado.		Ampliación dos campos semánticos de libros e películas, e sons.		Pronunciación de estranxeirismos
Actividades				
<ul style="list-style-type: none"> - Actividade de comprensión oral entre varios interlocutores relacionado coa lectura. - Actividade de comprensión escrita relacionado coa lectura - Recensión dun libro. - Actividade de mediación de temática literaria - Exercicios consolidación de léxico: libros e películas, sons. - Exercicios de consolidación gramatical: inversión, especulación e dedución. - Exercicios de consolidación fonética e pronuncia: estranxeirismos. - Comprensión dun texto oral sobre fenómenos acústicos. 				
Criterios de avaliación			Mínimos esixibles	
CTO	Comprende o que se pretende comunicar co fin de tirar as conclusións axeitadas		É quen de comprender o esencial que se pretende comunicar co fin de tirar as conclusións axeitadas.	
CTE	Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.		Comprende o esencial do que se pretende ou do que se lle require en cada caso.	
PCTO	Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando loxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.		É quen de desenvolver argumentos parcialmente detallados, relacionando os puntos principais, resaltando algúns puntos importantes, e concluíndo adecuadamente.	

PCTE	Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.	É quen de producir un texto escrito con certos elementos de cohesión e coherencia a partir doutros textos.
MED	Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.	Transmite de xeito oral e con bastante claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como o meirande número de detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.
Temporalización		Recursos
1º cuatrimestre 7 sesións de 2 horas		Libro de texto do profesor e do alumno, libro de exercicios, actividades interactivas en liña, material textual e audiovisual real extraído de internet.

UNIDADE 5: NO TIME FOR ANYTHING & NOT FOR PROFIT			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender a información específica e ideas principais en declaracións sobre a xestión do tempo ou temas económicos, aínda que poidan ter mala calidade ou un son distorsionado.		
CTE	Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos sobre xestión do tempo ou economía e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.		
PCTO	Facer declaracións públicas sobre xestión do tempo ou temas económicos con fluidez, case sen esforzo, empregando a entoación para transmitir o significado con precisión.		
PCTE	Escribir propostas de mellora claras e ben estruturadas resaltando as ideas principais e ampliando con subtemas.		
MED	Recoñecer significados complexos en textos orais ou escritos e comunicalo con claridade e eficacia.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento e aplicación dos recursos que permiten comportarse e comunicarse con efectividade nun debate onde hai opinións contrarias.	Aplicar estratexias para elaborar textos complexos axustados ao seu contexto específico, planificando a mensaxe e os medios en función do efecto sobre o/a receptor/a.	Expresar desexo. Expresar distancia con respecto á mensaxe que se emite.	Conversas especializadas Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade.
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Usos sintácticos complexos para a expresión do desexo e da distancia con respecto á mensaxe.	Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual. Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción. Identidade persoal: estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas.		O discurso rápido: unión de fonemas.
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> -Actividade de comprensión escrita sobre o concepto de estar moi ocupado. -Actividade de comprensión escrita sobre o estilo de vida capitalista. -Actividade de comprensión oral sobre os efectos do estrés nas persoas. -Exercicio de adquisición e consolidación gramatical sobre a expresión de condicións irrealis. -Adquisición e consolidación de expresións idiomáticas sobre o tempo. -Escribir unha proposta de mellora. -Exercicio de repaso e consolidación fonética e discriminación de acento británico e americano. 			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Recoñece moitas expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.	É quen de recoñecer unha cantidade apreciable de expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar connotacións e matices de significado, se está familiarizado co acento.	

CTE	Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos en a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.	É quen de empregar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos nos que normalmente a estrutura, a distribución en parágrafos en a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, pero pode presentar erros de carácter esporádico.
PCTO	Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.	É quen de expresarse cun grao suficientemente alto de corrección.
PCTE	Transmite de xeito escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos receptores.	É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría de puntos relevantes dos textos fonte, e selecciona detalles que considera importantes para os receptores.
MED	Transmite a idea principal do texto ou infografía e explica detalladamente os puntos destacados.	É quen de transmitir a idea principal dun texto ou infografía e explicar en bastante detalle os puntos destacados.
Temporalización		Recursos
Segundo cuadrimestre 5 sesións de 2 horas		Libro de texto do profesor e do alumno, libro de exercicios, actividades interactivas en liña, material textual e audiovisual real extraído de internet.

UNIDADE 6: HELP, I NEED SOMEBODY! & CAN'T GIVE IT UP			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender conversacións de certa lonxitude sobre asesoramentos variados e tecnoloxía, aínda que non estean claramente estruturadas.		
CTE	Comprender indicacións, avisos ou instrucións sobre temas tecnolóxicos, sempre que se poidan releer as seccións máis difíciles.		
PCTO	Participar en conversas que traten temas específicos, expresando as ideas con precisión e presentando liñas argumentais de maneira convincente.		
PCTE	Escribir ensaios claros e ben estruturados, sobre tecnoloxía ou distintos tipos de asesoramento, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada		
MED	Adaptar o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión que permita transmitir o significado e aclarar posibles confusións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Comparar as diferenzas culturais e sociolingüísticas entre os países de fala inglesa. Entender os problemas que entrañan os problemas culturais.	Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas. Recoñecer dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa.	Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, prohibir, recomendar.	Conferencias, presentacións, declaracións públicas específicas e detalladas.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.	Ciencia e tecnoloxía. Relacións persoais e sociais.	Buscar nun dicionario as palabras con problemas ortotipográficos. Familiarizarse coa fonética das palabras máis difíciles.	
Actividades			
- Lectura e comprensión de textos sobre o uso das tecnoloxías e sobre situacións da vida persoal e familiar.			

<ul style="list-style-type: none"> - Escoita e comprensión dun monólogo ou conversa sobre as tecnoloxías e o uso que se fai delas no día a día. - Monólogo ou conversa sobre situacións que provocan estrés e sobre as adicións ás novas tecnoloxías. - Actividade de gramática sobre a forma e o uso das oracións condicionais. - Exercicio de vocabulario de adxectivos seguidos de preposicións e de adxectivos compostos ("compound adjectives"). - Redacción dun "balanced essay" sobre o uso das tecnoloxías. 		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Recoñece expresións feitas, apreciando matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición. Distingue os diferentes acentos nun rexistro estándar.	É capaz de recoñecer expresións feitas aínda que non sempre aprecie e poida necesitar unha repetición. É quen de distinguir algúns acentos nun rexistro estándar
CTE	Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.	É quen de comprender as intencións comunicativas dunha gama considerable de convencións ortotipográficas, independentemente do soporte.
PCTO	Rebate os argumentos dos interlocutores de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.	É quen de rebater os argumentos dos interlocutores de maneira apropiada, intervindo de forma bastante fluída e espontánea.
PCTE	Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.	É quen de expresarse con razoable corrección - os erros son illados - e bastante precisión.
MED	Explicar con precisión un texto e argumentar as ideas principais, facéndose entender.	É quen de explicar con bastante precisión un texto e identificar con bastante claridade as ideas principais.
Temporalización		Recursos
Segundo cuadrimestre 5 sesións de 2 horas		Libro de texto do profesor e do alumno, libro de exercicios, actividades interactivas en liña, material textual e audiovisual real extraído de internet.

UNIDADE 7: AS A MATTER OF FACT & A MASTERPIECE?			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender información complexa sobre procedementos ou fenómenos coñecidos ou menos habituais relacionados con temas educativos. Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre arte, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.		
CTE	Comprender indicacións ou normativas complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións ou advertencias, sempre que se poidan volver ler as seccións máis difíciles. Comprender artigos, informes ou outros textos complexos sobre temas artísticos, identificando detalles que denoten actitudes.		
PCTO	Realizar presentacións claras e ben estruturadas sobre un tema complexo relacionado coa educación ou o arte.		
PCTE	Redactar ideas con flexibilidade e eficacia incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.		
MED	Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades do/a receptor/a.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Comparar as diferenzas culturais e sociolingüísticas entre os países de fala inglesa.	Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.	Funcións ou actos de fala directivos relacionados con dar instrucións e dar ou pedir permiso.	Audiovisuais. Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo. Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos.
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Usos sintácticos complexos para a expresión da obriga, necesidade e permiso. usos sintácticos con verbos de percepción e sensación.	Cultura e actividades artísticas: pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, literatura.		Patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas.

Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> - Análise e redacción dun informe escrito. - Comprensión xeral e en detalle de textos sonoros sobre temas educativos e manifestacións artísticas. - Comprensión xeral e en detalle de fragmentos de libros e textos escritos xornalísticos . - Reflexión e intercambio de ideas sobre normas, obrigas e necesidades. - Actividades de expresión e interacción oral sobre manifestacións artísticas. - Actividade de produción escrita para ser quen de resumir ideas principais sobre o tema da arte. 			
Criterios de avaliación	Mínimos esixibles		
CTO	Comprende as ideas principais e detalles específicos en textos orais sobre unha grande variedade de programas de especializados.	É quen de comprender a meirande parte das ideas principais e moitos detalles específicos en textos orais en programas especializados.	
CTE	Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.	É quen de recoñecer expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar connotacións de significado, aínda que, con frecuencia, necesite un dicionario.	
PCTO	Domina un considerable repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.	É capaz de utilizar un repertorio léxico variado que inclúe algunha expresión idiomática e coloquial.	
PCTE	Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son salientables. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico. Produce textos escritos con finalidades variadas e sobre distintos temas, utilizando estratexias e recursos adecuados de cohesión e coherencia.	É quen de utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación e a ortografía son polo xeral adecuados. É quen de producir textos escritos con finalidades variadas e sobre distintos temas, nos que emprega estratexias e recursos de cohesión e coherencia con bastante adecuación.	
MED	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	É quen de adaptar os textos bastante adecuadamente ao propósito comunicativo, receptores e canle, sen grandes alteracións da información e posturas orixinais.	
Temporalización		Recursos	
2º cuatrimestre 7 sesións de 2 horas		Libro de texto do profesor e do alumno, libro de exercicios, actividades interactivas en liña, material textual e audiovisual real extraído de internet.	

UNIDADE 8: THE BEST MEDICINE? & A "MUST-SEE" ATTRACTION			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre saúde e turismo, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.		
CTE	Comprender alusións en notas ou mensaxes que poidan tratar sobre temas complexos relacionados coa saúde ou o turismo e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico.		
PCTO	Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. expresando as propias ideas e opinións con precisión, presentando liñas argumentais de maneira convincente e respondendo con eficacia.		
PCTE	Escribir ensaios claros e ben estruturados, sobre temas de carácter sanitario ou artístico, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.		
MED	Mediar entre falantes para transmitir oralmente ou por escrito textos sobre temas sanitarios ou artísticos.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Comparar as diferenzas culturais e sociolingüísticas entre os países de fala inglesa.	Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.	Funcións ou actos de fala asertivos especialmente relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, predicir.	Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral. Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos.

			Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas.
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII - Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso. Correlación temporal na construción de textos orais e escritos.		Saúde, cuidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios... Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas.	Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e orto-tipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios de este nivel. Secuencias sinxelas cunha entoación característica: Similes. Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas: similes.
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> - Completar un cuestionario para familiarizarse e utilizar vocabulario e expresións relacionadas coa saúde - Exercicios de comprensión escrita baseados en diversos textos fonte sobre a saúde, as viaxes e o turismo, e os similares. - Exercicios de repaso e consolidación léxico: saúde e medicina, viaxes e turismo. - Exercicios de repaso e de consolidación gramatical: xerundios e infinitivos; expresar planes e preparativos no futuro - Exercicios de repaso e de consolidación fonética e pronuncia: /ə/ e homófonos - Exercicios de comprensión oral baseados en diversos textos fonte sobre a saúde (medicina alternativa e os cuidados físicos e mentais) e as viaxes e tendencias turísticas. - Debate en parellas sobre temas relacionados coa saúde: tratamentos médicos e medicina, medicina alternativa - Debate en parellas para intercambiar opinións acerca do turismo e viaxes. - Escribir un texto discursivo para defender un punto de vista sobre o turismo ou a saúde. 			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. Segue un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.	É quen de comprender o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.	
CTE	Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos. Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.	É quen de identificar con relativa rapidez o contido e a importancia de textos de bastantes temas profesionais ou académicos. É quen de localizar información específica ou seguir o fío argumental nun texto complexo aínda que presente vacilacións nas partes nas que as conexións non sexan explícitas ou a estrutura non sexa clara.	
PCTO	Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.	É quen de contraargumentar adecuadamente e intervir de forma bastante natural.	
PCTE	Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.	É quen de expresarse cun considerable grao de corrección e empregando ocasionalmente estruturas sintácticas avanzadas que incidan na precisión do discurso.	
MED	Xestiona eficazmente a interacción entre as partes para que flúa a comunicación, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión.	É quen de xestionar a interacción entre as partes para tentar manter o fluxo da comunicación e organizar a discusión.	
Temporalización		Recursos	
2º cuatrimestre 7 sesións de 2 horas		Libro de texto do profesor e do alumno, libro de exercicios, actividades interactivas en liña, material textual e audiovisual real extraído de internet.	

UNIDADE 9: PET HATES & HOW TO COOK, HOW TO EAT
Obxectivos específicos por actividades de lingua

CTO	Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de documentos sonoros sobre temas medioambientais ou culinarios que poidan conter expresións idiomáticas ou linguaxe coloquial.		
CTE	Comprender indicacións complexas sobre temas gastronómicos e nutricionais.		
PCTO	Facer un uso emocional ou humorístico do idioma. Participar en conversas formais cunha ou varias persoas interlocutoras, nas que se traten temas abstractos e se se expresen opinións con precisión e se presenten liñas argumentais convincentemente.		
PCTE	Escribir correspondencia formal na que se fagan reclamacións con complexidade.		
MED	Adaptar o formato e/ou contido de textos orais e/ou escritos sobre temas medioambientais ou gastronómicos ás necesidades do receptor e manter unha expresión que permita aclarar posibles confusións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
CTO	Comprende descrições especializadas de aparellos tecnolóxicos e a súa función. Comprende opinións e datos de ponencias relacionadas coa tecnoloxía e o desenvolvemento.	É capaz de comprender descrições especializadas de aparellos tecnolóxicos e a súa función en certo detalle. É capaz de comprender a maioría das opinións e datos de ponencias relacionadas coa tecnoloxía e o desenvolvemento.	
CTE	Comprende artigos académicos sobre a tecnoloxía e o seu impacto na sociedade. Comprende textos especializados nos que se emprega o subxuntivo.	É capaz de comprender en certo detalle artigos académicos sobre tecnoloxía e o seu impacto na sociedade. É capaz de comprender a meirande parte de textos especializados nos que se emprega o subxuntivo.	
PCTO	Inicia, mantén e remata conversacións dinámicas sobre aspectos relacionados cos aparellos tecnolóxicos e o impacto da tecnoloxía, expresando e xustificando as súas opinións, apoiándose nas intervencións dos seus interlocutores. Produce descrições realistas e creativas de posibles novos aparellos tecnolóxicos.	É quen de iniciar, manter e rematar conversacións dinámicas sobre aspectos relacionados cos aparellos tecnolóxicos e o impacto da tecnoloxía, expresando certa claridade e xustificando bastante eficazmente as súas opinións, apoiándose ás veces nas intervencións dos seus interlocutores. É capaz de producir descrições bastante realistas e creativas de posibles novos aparellos tecnolóxicos.	
PCTE	Escribe unha proposta, expresando e xustificando a súa aportación de maneira coherente e	É quen de escribir unha proposta, expresando e xustificando a súa aportación de	

	cohesionada, sobre temas relacionados co tratamento dos datos persoais en liña.	maneira bastante coherente e cohesionada, sobre temas relacionados co tratamento dos datos persoais en liña.
MED	Resume, parafrasea e sintetiza as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa tecnoloxía e desenvolvemento Adapta a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor, empregando un axeitado grao de formalidade e cohesión fonolóxica.	É capaz de resumir, parafrasear e sintetizar con bastante eficacia as ideas principais de artigos ou material audiovisual relacionado coa tecnoloxía e desenvolvemento É capaz de adaptar a súa produción oral e escrita ao seu interlocutor, empregando un grao bastante axeitado de formalidade e cohesión fonolóxica.
Temporalización		Recursos
2º cuatrimestre 6 sesións de 2 horas		

AVANZADO C1.2

UNIT 1: LANGUAGE LEARNING AND MOTIVATION			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender con relativa facilidade presentacións e exposicións orais, conversas ou entrevistas sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, sendo quen de entender os detalles relevantes.		
CTE	Comprender en detalle a información contida en textos de carácter profesional ou académico en calquera soporte, mesmo con expresións coloquiais ou frases idiomáticas, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.		
PCTO	Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, sobre temas complexos ou específicos.		
PCTE	Escribir ensaios ben estruturados sobre temas complexos resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión axeitada. .		
MED	Recoñecer significados complexos en textos orais ou escritos e adaptar o formato en función das necesidade do receptor e aclarar posibles confusións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento e uso de mecanismos e fórmulas que suavizan a mensaxe. Aprecio e valoración doutras culturas.	Reflexión e planificación da propia aprendizaxe. Organización do material de aprendizaxe. Emprego dos coñecementos previos para relacionar e assimilar información nova. Deducir e establecer conexións entre linguas coñecidas.	Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza. Funcións ou actos de fala fácticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional.	Entrevistas e conversas especializadas. Textos académicos e textos de rexistro coloquial aínda que se apoien excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica.
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Correlación temporal e aspecto perfecto. Disposición de constituintes oracionais: frases adverbiais. Formación de palabras.	Dominio lingüístico e identidade persoal Educación e actividades académicas.		Grafía e pronuncia:<ea><ee><ie> Entoación
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> -Actividade de comprensión oral sobre diferentes xeitos de motivación persoal -Actividade de comprensión escrita dun texto relacionado coa educación dos adolescentes -Actividade de expresión oral sobre a educación no entorno familiar dos adolescentes. -Actividade de expresión escrita dun ensaio de tipo discursivo 			

-Actividade de mediación na que se transmite de xeito oral información sobre a motivación persoal a partir dun texto escrito.		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.	É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas.
CTE	Comprende o que pretende comunicar un texto escrito e diferencia entre a idea xeral e as máis específicas de cada un dos parágrafos.	É quen de comprender o que se pretende comunicar un texto escrito e diferencia entre a idea xeral e a maioría das ideas específicas de cada un dos parágrafos.
PCTO	Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter. Recoñece a intención e o propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.	É quen de expresarse e superar dificultades para facerse entender. É quen de recoñecer, case sempre, a intención ou o propósito comunicativo segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.
PCTE	Redacta un texto e adáptalo á situación requirida.	É quen de redactar un texto e adaptalo con suficiencia á situación requirida.
MED	Transmite de xeito oral e por escrito con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.	É quen de transmitir de xeito oral ou escrito a maioría dos puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como bastantes detalles que considere importantes tendo en conta aos destinatarios.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 7 sesións de 2 horas		Libro de texto, fotocopias, material extra de consulta (manuais, dicionarios, libros de texto de outras editoriais), material gráfico, de audio e vídeo adicional, PDI, aplicacións en rede, aula virtual.

UNIT 2 : ADVERSITY & ENVIRONMENT			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender os detalles de conversacións e discusións entre terceiras persoas, mesmo sobre temas cos que non se está familiarizado, e captar a intención do que se di.		
CTE	Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).		
PCTO	Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas específicos. Expresar as propias ideas e opinións con precisión.		
PCTE	Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta para transmitir oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos ámbitos profesional e académico.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Recoñecemento de marcadores lingüísticos de relación sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas relacións persoais, e as convencións sociais, os valores e as crenzas.	Autoavaliación do propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. Resumos para comprender e producir textos orais ou escritos. Activación e revisión de coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas. Identificación do tipo de texto para adaptalo á audiencia. Toma de conciencia do que se quere aprender: contidos xerais, específicos...	Funcións ou actos de fala directivos: ofrecer consello, advertir, previr, recomendar.	Entrevistas Sondaxes e cuestionarios Conferencias, presentacións e declaracións públicas Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Usos sintácticos complexos nos verbos modais, cláusulas	Prefixos e sufixos, medio ambiente e problemas medioambientais		A énfase.Os patróns melódicos específicos dalgunhas

de participio		estruturas sintácticas. Palabras con dúas pronunciacións, clusters consonánticos
Actividades		
<p>-Actividade de comprensión oral de narrativas persoais, entrevistas e conversas sobre problemas e preocupacións e sobre o medio ambiente.</p> <p>-Actividade de comprensión escrita na que se deduce o significado de palabras novas nun texto escrito, a través do contexto.</p> <p>-Actividade de expresión oral na que se narran experiencias de superación persoal</p> <p>-Actividade de expresión escrita na que se toman de notas a partir dunha conversa entre varios falantes, comprendendo e anotando detalles, opinións e actitudes en discursos e entrevistas.</p> <p>-Actividade de mediación na que se adapta un texto sobre problemáticas persoais ou temas medioambientais ao tipo de audiencia. Adaptación dun texto sobre problemáticas persoais ou temas medioambientais ao tipo de audiencia. Lectura de artigos e descrições detalladas comprensión de detalles, identificando sinónimos.</p>		
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles
CTO	Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.	É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas. É quen de seguir as liñas xerais dun discurso extenso aínda que a estrutura non sexa clara.
CTE	Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.	É quen de identificar con relativa rapidez o contido e a importancia de textos de bastantes temas profesionais ou académicos.
PCTO	Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida. Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.	É quen de utilizar o idioma con relativa eficacia para fins sociais variando de rexistro para adaptarse á situación comunicativa. É quen de expresarse e superar dificultades para facerse entender.
PCTE	Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.	É quen de escribir textos bastante complexos e extensos, expresándose con bastante eficacia e precisión.
MED	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	É capaz de adecuar suficientemente os textos á intención comunicativa, aos receptores e á canle sen que a información orixinal se vexa significativamente alterada.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 7 sesións de 2 horas		Recursos: libro de texto, fotocopias, material extra de consulta (manuais, dicionarios, libros de texto de outras editoriais), material gráfico, de audio e vídeo adicional, PDI, aplicacións en rede, aula virtual.

UNIT 3: AGEING / EDUCATION			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender, sen demasiado esforzo, programas de radio, televisión ou podcasts que poidan conter linguaxe coloquial e expresións idiomáticas.		
CTE	Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista e opinións.		
PCTO	Inicia, mantén e remata unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.		
PCTE	Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribíndoa información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.		
MED	Recoñecer significados complexos en textos escritos, adaptar o formato e contido en función das necesidades do receptor e aclarar posibles confusións		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos

Recoñecemento de expresións idiomáticas e coloquiais	Uso de estratexias de autocorrección. Elaborar resumos para comprender e producir textos orais e escritos. Informarse se hai axudas paratextuais nos documentos escritos ou sonoros presentados. Solicitude de aclaración e/ou repetición para evitar confusións ou posibles malentendidos.	Desenvolver as destrezas de mantemento dunha conversa a través de dúas estratexias clave: reaccionar ao que alguén está a dicir e facer preguntas eficaces.	Anuncios publicitarios e textos audiovisuais complexos. Entrevistas longas e complexas con vocabulario específico sobre diferentes épocas da vida, envellecemento e educación. Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade estilos de vida, educación. Textos de opinión sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral envellecemento, modelos / etapas / problemas educativos.
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Organización estrutural de textos escritos e orais: focalización e tematización. Uso das formas verbais na composición de textos.	Etapas da vida, etapas e modelos educativos		Word stress para diferenciar categorías gramaticais.
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> -Actividade de comprensión oral sobre os adolescentes na sociedade -Actividade de comprensión escrita dun texto relacionado co envellecemento. -Actividade de expresión oral sobre o rol da literatura na educación. -Actividade de expresión escrita na que os alumnos collen notas dunha fonte oral. -Actividade de mediación escrita na que se describe un gráfico de tendencias. -Actividade de comprensión escrita dun texto sobre as diferentes épocas da vida. -Actividade de práctica de vocabulario para describir gráficos e estatísticas. -Actividade de expresión oral sobre diversos aspectos relacionados coa educación. 			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Recoñece algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia certas connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.	É quen de identificar algunhas expresións idiomáticas e coloquiais, e apreciar algunhas connotacións e matices de significado, contando con repeticións se ten dificultades co acento.	
CTE	Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.	É quen de localizar a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura bastante complexa ou que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.	
PCTO	Inicia, mantén e remata unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.	É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira adecuada e bastante fluída, respectando as quendas de palabra e aproveitando as intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.	
PCTE	Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.	É quen de producir un texto relativamente coherente no que recolla información de varias fontes.	
MED	Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como aqueles detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.	É quen de transmitir algúns dos puntos relevantes dos textos fontes en función das necesidades comunicativas.	
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre 7 sesións de 2 horas		Libro de texto, fotocopias, material extra de consulta (manuais, dicionarios, libros de texto de outras editoriais), material gráfico, de audio e vídeo adicional, aplicacións en rede, aula virtual.	

UNIT 4 GENDER ISSUES / WORK			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender con relativa facilidade charlas e documentais, sobre temas complexos de carácter público e profesional como son a discriminación de xénero e a conciliación familiar, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen. Comprender, sen demasiado esforzo extractos dun programa de radio sobre novas tendencias no ámbito laboral que inclúe linguaxe coloquial e expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.		
CTE	Comprender as ideas e posturas expresadas en artigos xornalísticos de certa extensión e extractos de libros, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinión sobre a identidade de xénero e as reunións de traballo.		
PCTO	Participar en conversas e debates formais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas complexos como son cuestións de xénero e a satisfacción laboral. Expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia. Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas.		
PCTE	Escribir un artigo claro e ben estruturado, sobre temas complexos como é a discriminación de xénero en contornas de carácter público ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.		
MED	Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Reflexionar sobre o sexismo na linguaxe (formas que reflicten parcialidade cara un dos dous sexos) e intentar usar léxico máis neutral. Reflexionar e dar opinión acerca da discriminación por xénero no traballo, en especial no ámbito STEM.	Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as) Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. Relacionar a información nova con coñecementos previos. Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia. Asegurar a comprensión, repetir o comprendido.	Desenvolver as destrezas de mantemento dunha conversa a través de dúas estratexias clave: reaccionar ao que alguén está a dicir e facer preguntas eficaces.	Aplicar as competencias discursivas necesarias para producir un artigo sobre a discriminación de xénero e participar nun debate formal acerca do sexismo na linguaxe e no traballo. Repasar o uso de normas de puntuación para crear un ton e un estilo apropiados.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
A expresión da causa e do efecto a través de conxuncións, frases preposicionais e outras estruturas fixas. A forma e uso dos aspectos continuo e perfecto.	Relacións persoais e sociais: roles de xénero asociados ao entorno familiar, social e laboral. Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos, discriminación no ámbito de traballo, reunións de traballo produtivas. Binomios e acrónimos de uso común.	A pronuncia e acentuación de binomios e acrónimos de uso común.	
Actividades			
<p>Actividade de comprensión oral xeral e en detalle sobre cuestións de xénero</p> <p>Actividade de comprensión escrita sobre cuestións relativas á produtividade e eficiencia laboral</p> <p>Actividade de expresión oral sobre as diferenzas de xénero e sobre</p> <p>Actividade de expresión oral sobre retos e melloras no ámbito laboral.</p> <p>Actividade de expresión escrita: artigo sobre a discriminación no traballo</p> <p>Actividade de mediación oral na que se transmite información sobre experiencias persoais no ámbito laboral</p> <p>Comprensión xeral e en detalle dunha charla sobre o sexismo nas lingua, dun extracto dun programa de radio sobre novas tendencias no ámbito laboral, e dun documental sobre a conciliación no traballo.</p> <p>Análise dos contidos, estrutura, puntuación e conectores nun artigo sobre a discriminación por xénero nas disciplinas STEM.</p>			

Análise da forma e uso dos binomios e dos aspectos perfecto e continuo a partir de textos breves relacionados co tema do traballo. Consolidación destes puntos gramaticais a través de exercicios incluídos no banco de gramática.		
Análise da forma e uso de acrónimos a partir dunha viñeta e de textos orais breves relacionados co tema do traballo.		
Criterios de avaliación		Minimos esixibles
CTO	Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.	É quen de comprender o que se pretende comunicar e sacar conclusións bastante apropiadas. É quen de recoñecer, dependendo do contexto e do rexistro, a intención e o significado dun bo repertorio de actos de fala.
CTE	Comprende as intencións comunicativas que se expresan mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en papel como en soporte dixital.	É quen de recoñecer case sempre a intención comunicativa expresada con diferentes convencións ortotipográficas.
PCTO	Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida. Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente. Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración de aspectos ambiguos. Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.	É quen de utilizar o idioma con bastante flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida. É quen de desenvolver case sempre argumentos detallados e ben estruturados, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente. É quen de expoñer preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue, case sempre, aclaración de aspectos ambiguos. É quen de variar a entoación e colocar a énfase da oración con bastante corrección para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.
PCTE	Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.	É quen de escribir textos bastante complexos e extensos, expresándose con bastante eficacia e precisión.
MED	Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. Transmite de xeito oral ou escrito e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	É capaz de facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. É quen de transmitir de xeito oral ou escrito e con certa claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como a meirande parte dos detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. É quen de adaptar con certa eficacia os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 7 sesións de 2 horas		Libro de texto, fotocopias, material extra de consulta (manuais, dicionarios, libros de texto de outras editoriais), material gráfico, de audio e vídeo adicional, PDI, aplicacións en rede, aula virtual.

UNIDADE 5: EMOTIONS / PSYCHOLOGICAL HEALTH	
Obxectivos específicos por actividades de lingua	
CTO	Comprender con relativa facilidade conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de interese público.
CTE	Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar elementos relacionados coas actitudes humanas.
PCTO	Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados relacionados cos sentimentos e as actitudes.

PCTE	Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.		
MED	Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nos servizos públicos, nos valores e as crenzas.	Relacionar información nova con coñecementos previos. Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.	Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese.	Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo. Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos.
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Correlación de preposicións e patróns de oracións (en oracións relativas, preposicións despois de adxectivos e verbos, frases preposicionais) Mecanismos para expresar comparación e contraste.	Identidade persoal: dimensión física e anímica, sensacións e percepcións físicas. Saúde, cuidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos.		Os patróns característicos sobre o acento en adxectivos polisilábicos.
Actividades			
<p>Actividade de comprensión oral dun texto oral sobre as emocións negativas.</p> <p>Actividade de comprensión oral sobre saúde mental.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre ocasións nas que se recibiu unha boa ou mala noticia.</p> <p>Actividade de expresión oral na que se debate sobre como combater o estrés.</p> <p>Actividade de expresión oral na que se intercambian opinións sobre situacións que poden provocar estrés.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre métodos para mellorar a saúde mental.</p> <p>Comprensión escrita dun artigo sobre como lidar cos sentimentos de estrés no traballo.</p> <p>Actividade de produción escrita contando unha boa ou mala noticia que se acaba de recibir e responder con linguaxe axeitada.</p> <p>Actividade de mediación oral na que se transmite información a partir de notas referidas a un texto oral.</p> <p>Comprensión escrita dun artigo sobre a saúde mental.</p> <p>Actividade de vocabulario sobre emocións máis sofisticadas.</p> <p>Exercicio sobre vocabulario relacionado coa saúde mental.</p> <p>Exercicio sobre o uso de preposicións e patróns de oracións.</p> <p>Actividade de pronunciación sobre o acento en adxectivos polisilábicos.</p>			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.	É quen de seguir a liña argumental principal de discursos extensos, a pesar de teren unha estrutura pouco clara.	
CTE	Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita. Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.	É quen de entender bastantes dos significados asociados a diferentes estruturas sintácticas na lingua escrita.	
PCTO	Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente. Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.	É quen de manter un grao bastante alto de corrección. É quen de amosar un dominio considerable de expresións léxicas idiomáticas e coloquiais que poden permitir lle superar carencias.	
PCTE	Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.	É capaz de facer uso de variadas estruturas sintácticas de xeito bastante preciso e correcto. É quen de citar de modo axeitado	
MED	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os	É quen de adaptar suficientemente o texto á situación comunicativa.	

	receptores e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	
Temporalización		Recursos
2º cuadrimestre 7 sesións de 2 horas		Recursos: libro de texto, fotocopias, material extra de consulta (manuais, dicionarios, libros de texto de outras editoriais), material gráfico, de audio e vídeo adicional, PDI, aplicacións en rede, aula virtual.

UNIT 6: MEASUREMENTS / SOCIAL ISSUES			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos menos habituais. Comprender normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico ou complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade como se non, sempre que se poidan releer as seccións máis difíciles.		
CTE	Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas		
PCTO	Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.		
PCTE	Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.		
MED	Mediar entre falante para transmitir oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Recoñecemento de expresións idiomáticas e coloquiais.	Establecemento de hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...) .	Funcións o actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: pedir desculpas	Debates e discusións sobre temas complexos ou específicos. Presentacións públicas específicas e detalladas. Conversas informais. Texto xornalísticos de carácter informativo e de opinión.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Gramatical textual: focalización (cleft sentences) Mecanismos de cohesión en textos escritos para salientar e poñer exemplos.	Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos. Sociedade: relacións sociais e tendencias sociais. Identidade persoal: Relacións persoais e sociais: relacións de amizade, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións.	Énfase. Patrón acentuais. Normas de puntuación en palabras compostas.	
Actividades			
<ul style="list-style-type: none"> -Actividade de comprensión escrita de detalles específicos e actitudes en artigos e entrevistas de carácter científico e tecnolóxico. -Actividade de mediación na que se interpretan e transmiten significados complexos sobre temas científicos e legais adaptándoos para a súa comprensión polos interlocutores. -Actividade de expresión oral de especulacións e deducións sobre o pasado, o presente, e o futuro. -Actividade de comprensión oral de información xeral en declaracións e opinións sobre tecnoloxías. -Actividade de comprensión oral de detalle en programas de radio sobre comportamentos humanos. -Actividade de comprensión escrita de información específica en artigos sobre ciencias do comportamento. -Actividade de comprensión de información específica en entrevistas sobre problemas sociais. -Actividade de expresión escrita dunha proposta formal sobre temas complexos. -Actividade de mediación oral na que se describen diversos obxectos a partir de fotografías. 			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.	É quen de recoñecer en liñas xerais, dependendo do contexto e do rexistro, a intención e o significado dun bo repertorio de actos de fala.	

CTE	Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos. Reconece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.	É quen de localizar a maioría dos detalles relevantes en textos extensos e complexos. É quen de reconecer en moitos casos a intención e o significado do propósito comunicativo segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.
PCTO	Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias. Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.	É quen de usar un repertorio léxico suficientemente amplo que pode incluír algunhas expresións idiomáticas de xeito que as posibles carencias sexan poucas veces evidentes. É capaz de empregar a énfase da oración ocasionalmente para comunicar significado.
PCTE	Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.	É quen de escribir textos bastante complexos cun certo dominio de diferentes recursos lingüísticos que permiten unha expresión bastante eficaz e precisa.
MED	Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.	É quen de transmitir por escrito e oralmente os puntos máis relevantes dos textos fonte e a maioría dos detalles que considere importantes tendo en conta ao destinatario.
Temporalización		Recursos
2º cuatrimestre 7 sesións de 2 horas		libro de texto, fotocopias, material extra de consulta (manuais, dicionarios, libros de texto de outras editoriais), material gráfico, de audio e vídeo adicional, PDI, aplicacións en rede, aula virtual.

UNIT 7: URBAN DEVELOPMENT AND CITY PROBLEMS			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender a maioría de conferencias e debates sobre temas complexos de carácter público, entendendo os argumentos que se esgrimen.		
CTE	Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.		
PCTO	Realizar presentacións claras sobre temas complexos, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión adecuada.		
PCTE	Escribir artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.		
MED	Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Reflexionar sobre aspectos socioculturais relacionados coa familia, amizade e relacións de parella.	Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...). Reconecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.	Expresar de forma eficaz opinión e crenza, acordo e desacordo, descoñecemento ou dúbida.	Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Usos sintácticos complexos: complex passive forms		Punishment; life in prison. Urban development, city problems	Pronunciación de palabras illadas e no contexto dunha oración ou frase.
Actividades			
-Actividade de comprensión escrita das ideas principais e específicas dun texto sobre historias policiais. -Actividade de comprensión oral das ideas principais e de detalle dun texto sobre aspectos do sistema penitenciario. -Actividade de comprensión oral das ideas principais e específicas dun texto sobre aspectos da vida nas cidades -Actividade de produción e coprodución oral de textos sobre algún aspecto da vida en privación de liberdade. -Actividade de produción escrita dun informe formal. -Actividade de mediación oral na que se predín as ideas xerais dun texto a partir de axudas visuais.			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.	É quen de recoñecer, dependendo do contexto e do rexistro, a intención e o significado dun bo repertorio de actos de fala.	
CTE	Localiza a información ou segue o fio da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.	É quen de localizar a maioría dos detalles relevantes en textos extensos e complexos. É quen de recoñecer a intención e o significado do propósito comunicativo segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.	
PCTO	Presenta ideas e puntos de vista co fin de destacalos, diferenciarlos e eliminar posibles ambigüidades.	É capaz de argumentar e contraargumentar de xeito bastante eficaz e intervir de forma bastante natural, desenvolvendo ideas principais e secundarias.	
PCTE	Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando de maneira lóxica os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo os aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.	É quen de expresar con suficiente claridade ideas e puntos de vista, intentando evitar ambigüidades.	
MED	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.	É quen de adaptar suficientemente o texto á situación comunicativa. É quen de transmitir por escrito e oralmente os puntos máis relevantes dos textos fonte e a maioría dos detalles que considere importantes tendo en conta ao destinatario.	
Temporalización		Recursos	
2º cuadrimestre 7 sesións de 2 horas			

UNIT 8: CULTURE AND ARTISTIC ACTIVITIES			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender, independentemente da canle, a información específica de declaracións, mensaxes, anuncios e avisos, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.		
CTE	Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan releer as seccións difíciles.		
PCTO	Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas complexos ou específicos. Expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.		
PCTE	Escribir artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con sub-temas e rematando cunha conclusión apropiada.		
MED	Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos

Hábitos gastronómicos e culinarios das illas británicas. Museos e cultura museística nas illas británicas. O <i>British Museum</i> .	Uso de todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as). Reformulación de hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias. Confirmación da comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.	Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como a admiración, a (des)aprobación, o reproche, a decepción, o (des)interese ... Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir.	Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos.
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Mecanismos de cohesión en textos orais e escritos. Orde dos adxectivos na frase.	Verbos específicos para falar da mirada e substantivos derivados. Cultura e actividades artísticas: pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, artesanía.	Acentuación e entoación para atraer e manter a atención do interlocutor.	
Actividades			
-Actividade de comprensión oral xeral e detallada de textos orais sobre algunha obra artística e sobre políticas públicas de saúde. -Actividade de comprensión escrita dun texto relacionado coa arte. -Actividades de produción e coprodución oral sobre algunha obra artística ou obxecto de produción humana significativa para a historia. Produción oral sobre o sistema público de saúde. -Actividade de comprensión escrita produción escrita dun texto de opinión sobre a expresión artística ou os museos. -Actividades de mediación oral e escrita relacionadas con textos sobre saúde e arte.			
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.	É quen de recoñecer bastantes expresións idiomáticas, incluso se o acento non é moi familiar.	
CTE	Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.	É quen de identificar rapidamente o contido e importancia de bastantes textos sobre temas profesionais ou académicos.	
PCTO	Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.	É quen de expresar oralmente os puntos principais e aspectos máis concretos de textos fonte con suficiente claridade.	
PCTE	Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.	É quen de redactar textos extensos cun grao considerable de corrección e precisión.	
MED	Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.	É quen de adaptar suficientemente os textos ás necesidades comunicativas.	
Temporalización		Recursos	
2º cuatrimestre 7 sesións de 2 horas		libro de texto, fotocopias, material extra de consulta (manuais, dicionarios, libros de texto de outras editoriais), material gráfico, de audio e vídeo adicional, PDI, aplicacións en rede, aula virtual.	

AVANZADO C1.2 SEMIPRESENCIAL

UNIDADE 1: LIKE FATHER, LIKE SON	
Obxectivos específicos por actividades de lingua	
CTO	Comprender en detalle información sobre temas relacionados coa familia e a personalidade en textos de índole científica.

EOI de Santiago de Compostela

Programación didáctica Departamento de Inglés – Curso 2023/2024

CTE	Comprender en detalle información sobre relacionados coa familia e a personalidade en textos semi-formais.		
PCTO	Participar en debates animados sobre temas relacionados coa personalidade ou a familia.		
PCTE	Describir en detalle diferentes trazos de personalidade.		
MED	Transmitir oralmente a idea xeral e os detalles máis relevantes en textos escritos sobre a personalidade ou a familia.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Emprego do rexistro coloquial adaptado ao interlocutor e ao contexto. Inglés conversacional: expresións e características empregadas no discurso oral informal	Resumo e síntese das ideas principais como conclusión a un debate anterior. Predición de información na comprensión oral. Emprego de definicións e sinónimos para expresar unha idea ou concepto.	Descrición da personalidade. Expresión da opinión persoal. Resumir e/ou interpretar información dun texto oral o/ou escrito.	Tipos de texto: mensaxe de voz e perfil persoal nunha páxina de contactos en internet. Uso de conectores. Características propias da lingua oral, especialmente en contextos informais.
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Categorías gramaticais: adxectivos vs. substantivos; adverbios intensificadores. Uso de determinantes: artigos, demostrativos e cuantificadores.	Vocabulario relacionado coas relacións persoais, a crianza e a familia. Frases idiomáticas. Vocabulario relacionado coa descrición da personalidade. Frases idiomáticas.		Formas fortes e débiles. Uso do acento dentro da oración.
Actividades			
<u>Learning about it</u> Comprensión de textos escritos e vocabulario Modern theories on character traits. Personality adjectives. Word categories. Personality idioms. Comprensión de textos orais e gramática My child is turning into a teenager. How do I handle it? Tips for positive parenting. Pronuncia e produción de textos orais Strong forms vs. weak forms. Conversational English. Sending a voice message to a friend.		Produción de textos escritos: How to write an online personal profile. Enhance your writing: intensifying adverbs and synonyms. <u>Communicating and sharing</u> Mediación e/ou coprodución de textos escritos por medio de foros e textos orais nas sesións presenciais: Collaborative glossary What's your personality type? Helicopter parenting: Is it widely practised? What's in a name? <u>Working on it</u> Oral mediation: Sending a voice message to a friend. Writing an online personal profile.	
Criterios de avaliación		Mínimos esixibles	
CTO	Comprende conversacións e recomendacións sobre temas relacionados coas relacións familiares e a crianza dos fillos en distintos rexistros.	É quen de comprender a meirande parte das conversas e recomendacións sobre temas relacionados coas relacións familiares e a crianza dos fillos, aínda que o cambio de rexistro lle ocasione dificultades.	
CTE	Comprende en detalle textos expositivos especializados sobre personalidade e a familia.	É quen de comprender textos expositivos especializados sobre personalidade e a familia, aínda que poida malinterpretar algún detalle.	
A avaliación formativa (a partir de agora AF) é unha ferramenta PARA a aprendizaxe. Trátase dun proceso que se desenvolve ao longo de toda a instrución na aula, tanto na ensinanza como na aprendizaxe, co único obxectivo de mellorar e optimizar o proceso educativo. É importante lembrar que a AF difire da avaliación sumativa, unha avaliación DA aprendizaxe que mide os obxectivos acadados e que emprega puntuacións e baremos numéricos ao final do curso nas probas terminais de promoción e de certificación.

Neste sentido, a AF require unha constante reflexión sobre tres cuestións clave:

1. Cara onde vou? Cales son os obxectivos de aprendizaxe que se están a traballar?
2. Onde estou? Cal é o progreso actual do alumnado respecto a eses obxectivos?
3. Como chego? Cales son os pasos que debería dar o alumnado para achegarse aos obxectivos desexados e superar a fenda entre eles e o seu progreso real?

Os axentes da AF son tanto o profesorado como o alumnado e os seus compañeiros de clase. Todos eles deben realizar actividades de reflexión, comprensión, e avaliación para obter a información que lles permita facer axustes constantes na docencia e na aprendizaxe, coa finalidade de acadar os obxectivos de aprendizaxe.

Empregaranse un abano de técnicas e estratexias, segundo o contexto da aula e as necesidades do alumnado. Entre elas, destácanse as seguintes:

- Técnicas (tradicionais e dixitais) para comprobar a comprensión
- Técnicas (tradicionais e dixitais) para proporcionar feedback/realimentación
- A autoavaliación
- A avaliación entre pares (coavaliación)
- Análise e avaliación de textos modelo, escritos e orais, para comprender os criterios de calidade esixidos.

A continuación preséntase un gráfico co resumo das principais estratexias da AF segundo os axentes implicados (tomado de Leahy et. al, 2005):

	Cara onde vou?	Onde estou?	Como chego?
DOCENTE	Aclarar, compartir e comprender os obxectivos de aprendizaxe	Obter evidencias de aprendizaxe	Proporcionar <i>feedback</i> que permita avanzar na aprendizaxe
COMPAÑEIRO/A		Activar o alumnado como recurso mutuo de aprendizaxe	
APRENDIZ		Facer de cada alumno o responsable da súa propia aprendizaxe	

De acordo cos principios da AF, é moi importante que o alumnado participe nas actividades de autoavaliación e coavaliación e, por tanto, o profesorado non avaliará todos os seus produtos de aprendizaxe. Os avaliadores, sexan alumnado ou profesorado, empregarán unha variedade de instrumentos de AF, orais e escritos, tales como listas de verificación, rúbricas, cadros de comentarios, símbolos de corrección, así como *feedback* ou realimentación sobre producións en audio e en vídeo.

Para máis información sobre a AF, recoméndase consultar [esta presentación interactiva](#) e esclarecer calquera dúbida co profesorado.

5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO

O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua (comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos orais, comprensión de textos escritos, produción e coprodución de textos escritos, e mediación). Esta avaliación terá unicamente valor orientador para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

O profesorado realizará un mínimo dunha tarefa por actividade de lingua, sendo recomendable que o alumnado se familiarice con todos os tipos de tarefa que terá que realizar na proba de promoción ou certificación ao final do curso.

5.2.4. PROBA FINAL DE PROMOCIÓN E DIRECTRICES PARA A SÚA ELABORACIÓN

A proba final de promoción será elaborada e administrada polo profesorado do departamento de acordo coas especificacións establecidas para os niveis A1, B2.1 e C1.1. Terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixiadas polo profesor ou profesora correspondente.

Esta proba realizarase tras a finalización do segundo cuadrimestre, en convocatoria ordinaria, ou ao finalizar o correspondente cuadrimestre no caso dos cursos intensivos.

Haberá unha convocatoria extraordinaria da proba final de promoción, previsiblemente no mes de xuño, na que o alumnado só terá que examinarse das partes non superadas na convocatoria ordinaria.

Puntuación e cualificación

Nos cursos de nivel A1, a proba final de promoción terán un valor de 100 puntos e constarán de catro partes (comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita). Cada parte terá un valor de 25 puntos.

Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro actividades de lingua. O alumnado que na convocatoria ordinaria non acadou o mínimo de 15 puntos en todas as actividades de lingua, deberá examinarse daquelas nas que non obtivera 15 puntos na convocatoria extraordinaria.

Nos cursos de nivel B2.1 e C1.1, a proba final de promoción terán un valor de 125 puntos e constará de cinco partes (comprensión de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos orais; produción e coprodución de textos escritos; e mediación). Cada parte terá un valor de 25 puntos.

Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das actividades de lingua, e unha puntuación mínima do 65% da puntuación total da proba (81,25/125). O alumnado que non acadou o mínimo do 65% (16,25/25) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, o alumnado que non promocione deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua.

5.2.5. PROBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN

Para obter os certificados dos niveis básico A2, intermedio B1 e B2, avanzado C1 e C2 será necesario superar as probas terminais de certificación. O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel, isto é A2, B1, B2.2, C1.2 e C2, terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, que terá lugar tras a finalización do segundo cuadrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará previsiblemente na segunda quincena de xuño.

Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

As probas terminais específicas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior, e o nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos no currículo correspondente.

As probas conducentes a obtención do certificado de nivel básico A2 e intermedio B1 serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as pautas establecidas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na guía de elaboración do nivel correspondente.

As probas correspondentes aos niveis intermedio B2 e avanzado C1 e C2 serán deseñadas, a partir de tarefas redactadas polos departamentos didácticos das distintas escolas, por unha comisión de

validación que a Dirección Xeral de Formación Profesional e Innovación Educativa designará para tal efecto.

A administración, avaliación e cualificación das probas será responsabilidade dos departamentos didácticos.

As guías informativas das probas de certificación de cada nivel pódense consultar na páxina web da escola, www.eoisantiago.org.

Estrutura e contido

Seguirase o disposto nas instrucións que envíe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade. No momento en que se produza algunha modificación desta normativa, será notificada na páxina web do centro, www.eoisantiago.org e aplicada nesta programación.

Puntuación e cualificación

A puntuación total da proba terminal de certificación do nivel A2 será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba.

A puntuación total da proba terminal de certificación para os niveis B1, B2, C1 e C2 será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba e se obteña unha puntuación mínima do 65% no total da proba. O alumnado que non acadese o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, a cualificación outorgada ao alumnado será de apto, non apto ou non presentado, segundo corresponda.

O alumnado que non obteña a cualificación de apto nas probas terminais de certificación dos diferentes niveis poderá solicitar unha certificación académica na que se faga constar, con mención de todas as partes que conforman a proba, que acadou o grao de dominio requirido nas actividades de lingua que avalíen as partes superadas.

5.2.6. AUTOAVALIACIÓN

Avaliar o progreso da aprendizaxe propia é fundamental para o proceso de aprendizaxe. Avanzar na aprendizaxe só é posible despois de darse conta do que necesita ser aprendido. Se o/a estudante pode identificar o seu progreso, isto pode resultar motivador (animalo a afondar e avanzar na aprendizaxe) e animar á reflexión crítica sobre o proceso de aprendizaxe. Relacionado co anterior, a autoavaliación promove responsabilidade, independencia e activación do aprendiz.

Especialmente, a autoavaliación conecta coa avaliación formativa, e co énfase na aprendizaxe do alumno (frente á ensinanza do docente). O estudante 'traballa para si' (e interioriza esa aprendizaxe dun xeito diferente a cando o traballo simplemente lle ven imposto dende arriba, polo docente). Conecta co punto anterior subliñando a autonomía do alumno, e a 'aprendizaxe para a vida'. Cando o alumnado ten que participar na elaboración de grellas de autoavaliación e en tarefas de meta-aprendizaxe, isto vai axudar a afondar no concepto de 'bo resultado / resultado satisfactorio' nunha área de aprendizaxe concreta.

Moi conectada co autoavaliación está tamén á práctica da coavaliación, posto que o desenvolvemento de estratexias para ser quen de avaliar aos compañeiros/as contribúe directamente no fomento da capacidade autoavaliadora do alumnado.

5.3. CONVOCATORIA DAS PROBAS

As datas das probas terminais de certificación serán fixadas pola Dirección Xeral de Formación Profesional, entidade que establece anualmente o calendario de probas.

As probas terminais de certificación (niveis básico, intermedio e avanzado) realizaranse nos meses de maio/xuño (convocatoria ordinaria para o alumnado oficial). Haberá unha única convocatoria para o alumnado libre. Ademais, haberá unha convocatoria extraordinaria no mes de xuño unicamente para o alumnado oficial.

As datas das probas e o horario concreto serán anunciados no seu momento na páxina web da escola www.eoisantiago.org.

5.4. ASISTENCIA

O profesorado está obrigado a levar un control diario de asistencia ás clases, aínda que calquera falta de asistencia considerase xustificada e as faltas de asistencia non lle causan ningún prexuízo ao alumnado á hora de realizar a avaliación de progreso ou as probas terminais de certificación.

O alumnado pode comprobar o rexistro da súa asistencia na súa sesión da aplicación Centros-Net.

5.5. SESIÓNS DE ESTANDARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

Para garantir a fiabilidade das certificacións das escolas oficiais de idiomas, a Resolución do 17 de decembro de 2014 establece que o profesorado deberá participar en sesións de estandarización para a corrección destas probas. Estas sesións dedicaranse á estandarización dos criterios de avaliación da expresión oral e expresión escrita dos niveis que certifique o departamento (que poden ser básico, intermedio, avanzado). Estas sesións leváranse a cabo ao menos unha vez no curso académico, preferiblemente antes da administración das probas de certificación.

Para levar a cabo as sesións, o/a xefe/a de departamento ou a persoa coordinadora das probas de certificación seguirá as seguintes pautas:

- Seleccionará mostras de probas de expresión oral e escrita feitas por candidatos dos distintos niveis da convocatoria anterior.
- Estas mostras repartiranse entre o profesorado do departamento, que deberá avalialas de forma individual, utilizando as ferramentas propias das probas de certificación (baremos, guías de administración, criterios de avaliación, MECR, etc.).
- profesorado fará unha posta en común dos seus resultados, ben reunido como departamento, ou ben en grupos pequenos, co obxectivo de chegar a un entendemento común dos descritores dos baremos de avaliación.
- Se hai desacordo nas notas outorgadas, o profesorado deberá chegar a un consenso a través do debate, sempre apoiado nos criterios de avaliación do nivel.

Este proceso levará a que o profesorado chegue a unha comprensión máis profunda das características da produción oral e escrita dos candidatos en cada un destes niveis, e tamén resultará nun maior grao de fiabilidade na avaliación das probas de expresión.

5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación formativa e continuada ao longo de todo o proceso de aprendizaxe, empregaranse ferramentas que permitan cumprir os principios deste tipo de avaliación. A modo de exemplo, suxírese empregar ferramentas como:

- rúbricas de avaliación de un ou máis puntos
- listas de cotexo
- guías de observación
- *tickets* de entrada e saída
- dianas de avaliación
- ferramentas dixitais coma portafolios, formularios, aplicacións tipo *Kahoot*, *Wooclap*, *Answergarden*, etc.

Para as probas terminais de certificación utilizaranse os baremos incluídos na Guía da Administración das Probas de Certificación dos correspondentes niveis. Estes mesmos baremos empregaranse tamén na avaliación das probas de promoción dos cursos A1, B2.1 e C1.1.

Pódense consultar na seguinte ligazón as táboas de baremación:

http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/node/1253/#instrumentos_avaliacion

6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía empregada ten como base un modelo de ensinanza comunicativa (cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma) e orientado á acción, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está a estudar. Parte dunha idea do alumnado como usuario da lingua.

Este enfoque ten como centro a realización de tarefas: na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, compramos billetes de avión, solicitamos información en ámbitos da nosa vida profesional, pública ou persoal, expresamos dúbidas respecto de opinións ou proxectos familiares ou profesionais...), e isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

Estas tarefas deseñaranse tomando como base os obxectivos definidos no currículo e nesta programación, pero tendo tamén en conta as necesidades reais e intereses e contextos de uso do alumnado.

A miúdo na aula existirá un perfil de competencias desigual e motivacións e intereses diversos; daquela, deberase adaptar a metodoloxía para que todo o mundo acade os obxectivos correspondentes ao nivel e por outra parte reciba resposta ás súas necesidades e intereses.

Os principios metodolóxicos en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe serán os seguintes:

- A realización de tarefas e a recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas en cada nivel do currículo.
- A aprendizaxe centrada no alumnado e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación deste na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo en conta á hora de deseñar as tarefas; tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe; identificando os seus coñecementos previos para actualalos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de autoavaliación.
- O fomento de actitudes como o plurilingüismo e o multiculturalismo, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo. Deben aproveitarse os

coñecementos doutras linguas para mellorar a competencia na lingua que se está a aprender, salientando as similitudes e diverxencias.

- A variación das formas de socialización e da organización tradicional da aula. Unha aula con mesas orientadas cara ao profesor non favorece a realización de actividades de comunicación; é preferible optar, por exemplo, por un deseño en U, ou distribuír as mesas en varios grupos. O deseño en U ou ben en pequenos grupos (4-6 mesas) garante a cohesión, a interacción e a motivación de cara á aprendizaxe significativa e fai que o profesorado non teña un lugar predominante que estableza barreiras físicas e psíquicas e pase a ser un presentador, informador, guía e avaliador das diferentes actividades.
- O estímulo da capacidade de aprender a aprender e o fomento da autonomía na aprendizaxe, da autoaprendizaxe e das condicións que permiten o seu desenvolvemento para aprender ao longo da vida, que é un dos obxectivos principais que ten o centro ao promover a implantación da avaliación formativa.
- O fomento na clase dunha dinámica que favoreza a interacción comunicativa (entre os alumnos e co profesor), creando un clima de axuda mutua, cordialidade, empatía, respecto e interese, de confianza e motivación dentro e fóra da aula.
- A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, mediante recursos metodolóxicos que teñan en conta estas diferenzas, e que é obxecto dun apartado específico na programación.
- A concepción da aula como un espazo social e de aprendizaxe; e da clase como un acontecemento comunicativo en que se produce lingua nun contexto social real.
- A reflexión do docente (individualmente e en colaboración co alumnado) sobre o proceso de ensino-aprendizaxe e sobre a propia docencia, para obter conclusións e tomar así decisións relevantes sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.

Daquela, debemos dedicar momentos da aprendizaxe:

- Á análise do proceso de aprendizaxe: que erros se cometen e por que, que se sabe facer respecto da tarefa proposta e que se necesita aprender para abordala con éxito e corrección lingüística.
- Á identificación dos coñecementos doutras linguas (lingüísticos, textuais, sociolingüísticos e culturais de uso) que poden axudar a aprender esta.
- Á referencia a recursos que favorezan autonomía do/da aprendiz e a autoaprendizaxe. Por exemplo, as TIC, o Portfolio etc. O profesorado informará sobre a existencia de recursos educativos na rede, así como do material interactivo dispoñible.
- Ás estratexias de comunicación (planificación, execución, control e reparación) requiridas para levar a cabo as actividades comunicativas.

Os contidos introducíranse, pois, en función das necesidades do proceso de aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. Aínda que estes aparezan no currículo e na programación separadamente, non se trata de velos na aula de forma illada, senón integrados no marco dunha tarefa e en función das necesidades lingüísticas para levala a cabo. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica.

Canto ao tratamento do erro, débese optar por unha avaliación distinta da tradicional, que se baseaba fundamentalmente na corrección dos mesmos. Estes son proba da vontade que ten o alumno de comunicarse a pesar de equivocarse, e son produto inevitable e pasaxeiro da interlingua que desenvolve, polo que se consideran un elemento natural dentro do propio proceso de aprendizaxe e adquisición da lingua. Por tanto, a corrección é só un aspecto máis da avaliación (máis importante conforme o nivel é máis alto), a carón da riqueza, a cohesión, a coherencia e a adecuación, pero non o único aspecto.

É conveniente que o alumnado realice tarefas tamén fóra da aula. O profesorado debe revisar tanto estas como as realizadas na aula e entregarllas ao alumnado con *feedback* relevante ou comentalas na aula de forma non personalizada.

Evitarase na medida do posible o uso de metalinguaxe gramatical na practica diaria e sobre todo na avaliación.

Así mesmo, as clases organizaranse de modo que se favoreza a comunicación entre o alumnado. O traballo en parellas ou de grupo será o preferente para romper a limitada estrutura de interacción profesorado-alumnado e permitir que o alumnado fale máis tempo e de forma máis auténtica.

Para procurar o dinamismo na clase e evitar a monotónia, é conveniente alternar as tarefas relativas ás diferentes destrezas (de expresión oral e escrita e de comprensión oral e escrita). Daráselles preferencia ás actividades de tipo práctico e fomentaranse as actividades comunicativas máis lúdicas e creativas e utilizarase, sempre que for posible, o material adicional do que dispón o departamento (vídeos, DVD, CD, cintas, cancións, xogos didácticos...) así como o material dispoñible na rede para dinamizarmos as clases e ao mesmo tempo consolidar os contidos nocionais e funcionais, lingüísticos e temáticos desenvolvidos.

Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introduciranse orientados á realización dunha tarefa concreta, para axudar ao desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo).

A lingua usada na aula polo alumnado e polo profesorado como vehículo de comunicación será, preferentemente, o inglés, para garantir unha exposición directa e unha inmersión total do alumnado no idioma obxecto de estudo, se ben nos niveis máis iniciais poderá usarse o español ou o galego de maneira puntual para aclarar determinados conceptos.

A aprendizaxe debe ser activa, amena e atractiva para manter vivo o interese pola lingua inglesa. Así, aplicarase unha metodoloxía que resulte:

- Práctica: de xeito que lle proporcione ao alumnado soltura no manexo do idioma.
- Realista: que estea en consonancia coa realidade de coñecementos previos e cos centros de interese do propio alumnado.
- Flexible: que permita a adecuación do programa ás necesidades e preferencias do alumnado.
- Integral: que procure a formación do alumnado dunha maneira completa, que non se limite soamente á forma da lingua, senón que toque tamén a realidade social que a conforma e todos puntos sobre a cultura cuxo coñecemento poida supoñer para o alumnado unha mellora da competencia;
- Contextualizada: permitir a adecuación do programa ao contorno así como ás necesidades e carencias do alumnado.
- Progresiva, partindo do básico, para conseguir, pouco a pouco, unha maior complexidade e participación do alumnado.

A metodoloxía nos cursos na modalidade semipresencial guiarase tamén polos principios expostos anteriormente, se ben incorporará necesariamente algunhas peculiaridades propias deste tipo de ensino:

- O profesorado procurará a continua conexión entre o traballo da aula presencial e o traballo na plataforma virtual.
- O profesorado e o alumnado aproveitará os recursos tecnolóxicos que ofrece a plataforma Moodle para poñer en práctica técnicas de avaliación formativa para fomentar a autoavaliación e coavaliación entre o alumnado.
- O profesorado aproveitará tamén os recursos de Moodle para ofrecer *feedback* individualizado sobre o progreso do alumnado a través das evidencias das tarefas entregadas.
- O profesorado terá un papel fundamental na dinamización dos foros, como espazos tanto de comunicación coma de aprendizaxe, e fomentará a participación do alumnado nos mesmos.
- O profesorado porá especial atención ao acompañamento do alumnado no seu proceso de aprendizaxe na plataforma virtual, así coma ao apoio que necesite para resolver incidencias técnicas sinxelas.

7. RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos cos que conta o centro son os seguintes:

a) Biblioteca. A actual biblioteca da EOI de Santiago de Compostela pertence á rede MEIGA de bibliotecas da Xunta de Galicia. O departamento de inglés dispón dun amplo fondo de libros de lectura, orixinais e adaptadas, películas, documentais, series, revistas, dicionarios e libros especializados na práctica da lingua. Na actualidade está en proceso de reforma dentro do marco dun Plan de mellora de bibliotecas escolares (PLAMBE), polo que se prevé que no futuro poidan desenvolverse actividades interesantes para o fomento da lectura.

b) Departamento. Pola súa parte, o departamento ten á súa disposición os recursos didácticos tradicionais como poden ser libros de texto, dicionarios, e libros de material fotocopiado, así coma outros recursos como xogos, e suscripcións a recursos en liña. O departamento conta tamén con fondos bibliográficos relacionados coa temática de metodoloxía de linguas, a disposición de todo o profesorado que o queira consultar.

c) Aula virtual con contidos culturais. Dende hai algúns anos, como apoio á didáctica dos aspectos socioculturais do currículo, o departamento ten en uso un curso na Aula Moodle da escola con actividades de autoaprendizaxe para que o alumnado utilice de maneira autónoma.

d) Paneis interactivos. Todas as aulas están equipadas con paneis interactivos de recente instalación, que permiten o uso dos libros de texto dixitais e recursos variados de contido audiovisual na Internet.

e) Aula móbil. O centro conta cun carro provisto de 20 iPads que se poden levar á aula para o uso de profesorado e alumnado.

8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO

A elaboración da programación didáctica é unha oportunidade para que o profesorado poida reflexionar sobre os materiais e as ferramentas que utilizará para poñer en práctica o contido da mesma. Nalgúns casos, todo o material didáctico será elaborado polo profesorado que imparta o nivel. Noutros, o profesorado utilizará un libro de texto como apoio á docencia. En todos os casos, e tratándose tanto de materiais creados con anterioridade como publicados por editoriais, o momento da elaboración da programación didáctica irá da man da revisión destes materiais e a análise das carencias nos mesmos. Tamén irá acompañado dunha proposta de materiais que deberán ser creados ou atopados para poder completar a programación dunha forma satisfactoria. Estes materiais incluírán actividades de mediación para así garantir que o alumnado teña suficiente tempo de dedicación a esta actividade de lingua.

O departamento seguirá a ampliar e mellorar o banco de materiais como ben facendo dende hai moitos anos, co obxectivo de facilitar que o profesorado pertencente ao mesmo poida acceder facilmente aos materiais antes descritos, tanto dende a sede central coma dende as seccións. O banco clasificará os materiais en dous tipos - material obrigatorio, que forma parte esencial da programación didáctica, e material de uso opcional, presente para completar e enriquecer a docencia. O profesorado que imparta o nivel clasificará e organizará este material, manténdoo actualizado, e facilitará o acceso ao mesmo, mantendo unha copia en formato dixital.

9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO

NIVEL BÁSICO A1

ENGLISH FILE A1, fourth edition, by Clive Oxenden & Christina Latham-Koenig. Student's Book and Workbook with online practice. Oxford University Press

NIVEL BÁSICO A2 e A1/A2

EOI de Santiago de Compostela

Programación didáctica Departamento de Inglés – Curso 2023/2024

ENGLISH FILE A1/A2, fourth edition, by Clive Oxenden & Christina Latham-Koenig. Student's Book and Workbook with online practice. Oxford University Press

BIBLIOGRAFÍA DE CONSULTA RECOMENDADA:

Destrezas básicas

-New English File Elementary MultiROM. Oxford University Press

Destrezas orais

-Real Listening & Speaking 1 (with answers), by Miles Craven. Cambridge University Press

Gramática

-**Grammar is Great. Student's Book 1 and Answer Key 1, Student's Book 2 and Answer Key 2**, by Peta L. Nelson. Macmillan Heinemann

-Elementary Language Practice for Spanish Students, by M. Vince. Macmillan Heinemann

-Essential Grammar in Use, 3rd edition with CD-ROM by Raymond Murphy. CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS

-The Good Grammar Book, by M. Swan & C. Walter. OXFORD UNIVERSITY PRESS

Vocabulario

-**English Vocabulary in Use Elementary**, by McCarthy & O'Dell. CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS

-Test Your English Vocabulary in Use-Elementary, by McCarthy & O'Dell. CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS

Fonética e pronuncia

-New Headway Pronunciation Course Elementary, by Cunningham & Moor. OXFORD UNIVERSITY PRESS

-New Headway Pronunciation Course Pre-Intermediate, by Bowler & Parminter. OXFORD UNIVERSITY PRESS

- English Pronunciation in Use – Elementary

Diccionarios

-Diccionario Cambridge Pocket English-Spanish, Español-Inglés. (with CD)

-Diccionario Oxford Pocket para estudiantes de inglés. OXFORD UNIVERSITY PRESS

-Diccionario Pocket Plus. Inglés-Español, Español-Inglés. Longman

-Diccionario Oxford Study English-Spanish, Español-Inglés. (with CD)

-Diccionario elemental Inglés-Galego, Galego-Inglés. Edicións Xerais de Galicia

NIVEL INTERMEDIO B1

ENGLISH FILE A2/B1, fourth edition, by Clive Oxenden & Christina Latham-Koenig. Student's Book and Workbook with online practice. Oxford University Press

NIVEL INTERMEDIO B2.1

ENGLISH FILE B1, fourth edition, by Clive Oxenden & Christina Latham-Koenig. Student's Book and Workbook with online practice. Oxford University Press

NIVEL INTERMEDIO B2.2

ENGLISH FILE B2.2, fourth edition, by Christina Latham-Koenig & Clive Oxenden. Student's Book and Workbook with Key Pack. Oxford University Press

BIBLIOGRAFÍA DE CONSULTA RECOMENDADA:

Destrezas orais

-Real Listening & Speaking 2 (with answers), by Sally Logan and Craig Thaine. Cambridge University Press

-Real Listening & Speaking 3 (with answers), by Miles Craven. Cambridge University Press

Gramática

-English Grammar in Use (third edition), by Raymond Murphy. Cambridge University Press

-How English Works, by M. Swan. Oxford University Press

-Intermediate Language Practice (with key), by M. Vince. Macmillan Heinemann

-English Grammar with exercises (para EEOOII), by Fernández, Fraile & Zrzalejos. Longman

-Natural Grammar, by S. Thornbury. Oxford University Press

-Grammar Express, by M. Fuchs & M. Bonner. Longman

-Grammar in View 2 Self-Study Guide Intermediate. McGraw-Hill

Vocabulario

- English Vocabulary in Use-Pre-Intermediate and Intermediate New Edition, by Redman. Cambridge University Press
- English Vocabulary in Use Upper-Intermediate New Edition, by McCarthy & O'Dell. Cambridge University Press
- Test Your English Vocabulary in Use-Pre-Intermediate and Intermediate, by Redman & Gairns. Cambridge University Press
- English Idioms in Use, by McCarthy & O'Dell. Cambridge University Press.
- English Phrasal Verbs in Use, by McCarthy & O'Dell. Cambridge University Press.

Fonética e pronuncia

- English Pronunciation in Use (Book and CDs), by Mark Hancock. CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS
- New Headway Pronunciation Course-Intermediate, by Bowler & Cunningham. Oxford University Press

Dicionarios

Monolingües

- Collins Cobuild English Dictionary
- Oxford Advanced Learner's Dictionary
- Cambridge Advanced Learner's Dictionary

Bilingües

- Gran Diccionario Oxford Español–Inglés, Inglés–Español. 3ª edición
- Collins Spanish–English, English–Spanish

NIVEL AVANZADO C1.1

ENGLISH FILE C1.1, fourth edition, by Christina Latham-Koenig, Clive Oxenden, Jerry Lambert & Kate Chomacki. Student's Book and Workbook with Key Pack. Oxford University Press

NIVEL AVANZADO C1.2

ENGLISH FILE C1.2, fourth edition, by Christina Latham-Koenig, Clive Oxenden, Jerry Lambert & Kate Chomacki. Student's Book and Workbook with Key Pack. Oxford University Press

NIVEL AVANZADO C2

MY GRAMMAR LAB ADVANCED C1/C2, by Mark Foley and Diane Hall. (ISBN: 9781408299111) Ed. Pearson.

BIBLIOGRAFIA DE CONSULTA RECOMENDADA:

Destrezas orais

- Fontes reais coma conferencias, documentais, noticias, series ou películas.

Gramáticas con exercicios

- Advanced Grammar in Use (with answers), by Martin Hewings, Cambridge University Press
- How English Works, by M. Swan. Oxford University Press
- Natural Grammar, by S. Thornbury. Oxford University Press
- Grammar in View 3 Self-Study Guide Upper-Intermediate to Advanced. McGraw-Hill
- Advanced Learners' Grammar (with answers), by M. Foley & D. Hall. Longman
- Advanced Language Practice (with key), by Michael Vince. Macmillan Heinemann

Vocabulario

- English Vocabulary in Use Advanced, by McCarthy & O'Dell. CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS
- Test Your English Vocabulary in Use Upper-Intermediate, by McCarthy & O'Dell. Cambridge University Press
- English Idioms in Use, by McCarthy & O'Dell. Cambridge University Press
- English Phrasal Verbs in Use, by McCarthy & O'Dell. Cambridge University Press
- Language Activator for Upper-Intermediate – Advanced Learners. Longman
- The Heinemann English Wordbuilder, by Guy Wellman (descatalogado pero fácil de atopar de 2ª man en Internet)

Fonética e pronuncia

- Sounds English, by J.D. O' Connor. Longman
- Pronunciation Tasks, by M. Hewings. Cambridge University Press
- English Pronunciation in Use - Advanced

Dicionarios

Monolingües

- Collins Cobuild English Dictionary
- Oxford Advanced Learner's Dictionary**
- Cambridge English Pronouncing Dictionary
- Oxford Dictionary of English
- Oxford Dictionary of Collocations
- Macmillan English Dictionary for Advanced Learners

Bilingües

- Gran Diccionario Oxford Español–Inglés, Inglés–Español. 3ª edición
- Diccionario Collins Spanish–English, English–Spanish

10. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC

Vivimos nun mundo globalizado onde as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na vida das persoas, tanto na vida cotiá como na profesional, privada ou no tempo de lecer, están a cada paso máis presentes, e a aprendizaxe de linguas non é ningunha excepción a esta tendencia: os recursos en liña que permiten axudar a esta aprendizaxe multiplícanse de forma exponencial.

Parte do noso alumnado está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais: resultarlle moito máis satisfactorio facer actividades de aprendizaxe non só centradas na cultura escrita e impresa senón tamén na cultura dixital. Outros alumnos, aínda que non dominan eses recursos, están interesados en facelo.

Polo tanto, resulta conveniente utilizar, ademais dos recursos tradicionais dispoñíbeis no centro (chave USB, MP3, ordenador portátil), outros presentes en Internet, tendo en conta que a EOI está equipada con conexión ADSL, wifi, paneis dixitais, iPads, e espazos de traballo que permiten tanto o acceso colectivo (durante a clase) como o acceso individual (fóra da aula) a recursos existentes na rede. Para actividades na aula, contamos con 20 tabletas que, conectadas á wifi, e previa reserva no programa de reservas, o profesorado pode usar co alumnado cando se requira acceso a materiais diferentes, busca de información e uso de plataformas diversas, o cal pode ser especialmente importante para as tarefas de mediación.

As vantaxes do uso das TIC no ensino de idiomas son, entre outras, a motivación (carácter innovador e interactividade), o método e rigor, o traballo ao ritmo persoal, a autonomía e a interdisciplinidade. Máis especificamente, Internet supón outra forma de estar en contacto coa lingua auténtica, fai entrar o mundo exterior na aula e serve como punto de partida para múltiples actividades.

Así pois, convén:

- favorecer o uso de redes sociais e da web como ferramenta tanto de recepción como de produción de información e interacción / intercambio con outros usuarios da lingua aprendida (uso de blogs, podcasts, etc.).
- fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia que utilicen as TIC (chat, correo electrónico, foros, telefonía ou videoconferencia a través de Internet, co programa Skype, por exemplo): estes recursos permiten realizar proxectos tanto con participantes de países nos que o inglés tamén se estuda ou é vehículo de comunicación ou nos que se traballe de forma multilingüe.
- favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na web (como por exemplo, a través das *webquests*: investigacións a través de Internet), utilizando o inglés, e promover a creación de *webquests* para usalas nas clases, como actividades complementarias ou de síntese da materia.
- promover o uso de plataformas de xestión de aulas virtuais, como Moodle: son ferramentas útiles para construír o coñecemento no traballo en grupo e tamén para a titoría e a orientación individualizada do alumnado. Trátase, en definitiva, de favorecer a continuidade fóra da aula do

proceso de aprendizaxe. Crear unha aula virtual de apoio á docencia, aínda que non é obrigatorio para o profesorado nos cursos presenciais, pode resultar beneficioso para o alumnado en función do seu perfil, pois nel podería ter unha listaxe de enlaces, material audiovisual para a comprensión oral, tarefas interactivas, así como recibir avisos, suxestións e propostas de traballo do profesorado, participar en foros, etc.

- incentivar a difusión dos materiais e dos contidos creados polo alumnado e o profesorado en Internet, por exemplo mediante a publicación nun blog.
- tests en liña e boletíns pedagóxicos.
- as actividades que fomenten o uso das TIC son valiosas ferramentas para poñer en práctica o traballo por tarefas, enfoque metodolóxico que defende o MECR.

Ademais, todos os libros de texto elixidos polo departamento teñen versión dixital que se pode utilizar na clase e ferramentas online para a práctica autónoma do alumnado.

11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Decreto 191/2007 do 20 de setembro establece na súa disposición adicional cuarta que:

“1. No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir as disposicións vixentes na materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá adoptar as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, estas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto.”

Atención á diversidade nas Escolas oficiais de idiomas

Enténdese a ATENCIÓN Á DIVERSIDADE como o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo intentan dar resposta ás necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado do centro e, entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada en moitos casos de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica, ou sensorial.

No caso das EOI, as actuacións máis cotiás son as que se refiren por unha banda ao alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, e por outra aos que teñen algún tipo de discapacidade sensorial, fundamentalmente, problemas de vista ou audición.

Clases con alumnado con diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma

As probas de clasificación que se realizan nas EOI deberían asegurar unha homoxeneización de niveis dentro dos mesmos cursos, pero o feito é que isto non sempre é o caso. Por outro lado, o Decreto 191/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos de nivel básico e intermedio establece que o título de Bacharel habilita para acceder directamente aos estudos de idiomas de nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato, e permite o acceso a calquera nivel ou curso a través da validación de títulos ou certificados recollidos na normativa, o que fai que en moitas ocasións convivan nas aulas alumno/as que tiveron contacto coa lingua hai moito tempo, pero teñen niveis de competencia só nalgúns destrezas, alumno/as que levan moitos anos fora das aulas e perderon contacto con calquera tipo de

aprendizaxe, e alumno/as que presentan niveis homoxéneos de competencia dentro das catro destrezas.

A solución ao problema dos distintos niveis de competencia dentro do mesmo curso non é doada. O primeiro paso debería ser o de presentarlles este tipo de situación como algo totalmente normal, xa que está claro que calquera intento de solución ten que pasar pola cooperación entre eles, polo que é esencial recalcar a necesidade do traballo en equipo e da utilización da lingua obxecto de estudo na comunicación dentro da aula.

O traballo en parellas ou grupos é fundamental se queremos involucrar a todos os membros da clase. Xuntar alumnos/as con distintos niveis de competencia asegura unha participación óptima nas actividades de clase. Uns poden entrevistar os outros, e se os que teñen maior nivel de competencia saben asumir ese papel de axudante ou mentor, a actividade, lonxe de ser frustrante ou aburrida, terá un efecto altamente positivo.

Outra acción educativa que pode ter resultados produtivos é a de traballo por medio de proxectos. Este tipo de traballo pode funcionar positivamente cando se xuntan outra vez grupos de distinto nivel, pero tamén con grupos homoxéneos, se se lles asignan aos distintos grupos tarefas adecuadas, o que lle proporciona a cada grupo o nivel adecuado de dificultade e impide que se vexan desmotivados, pola excesiva facilidade da tarefa nun caso ou dificultade noutro.

Outro aspecto a traballar refírese ao traballo de casa. Se se lles da a todos o mesmo traballo para casa sen ter en consideración os distintos niveis de competencia, os resultados van ser, evidentemente, dispares. O traballo para casa ten como obxectivo consolidar o traballo na aula, e para que sexa efectivo, é importante que a esixencia da tarefa estea en consonancia co nivel de competencia do alumno/a; así, as tarefas para os menos avanzados deben ser menos esixentes, o que axuda por un lado a motivalos e por outro proporcionalles práctica adicional en aspectos da lingua que aínda non dominan, e as do alumnado máis competente deben ser máis estimulantes, o que fai que non perdan motivación e continúen a progresar.

A inclusión de actividades complementarias dentro da aula é fundamental para solucionar o problema dos alumno/as con distintos ritmos de aprendizaxe, de maneira que os menos avanzados teñan a posibilidade de reforzar certas áreas, e os máis avanzados dispoñan de material extra. As actividades deben ser integradoras, permitindo deste xeito que os alumno/as saquen vantaxe dos seus puntos máis fortes.

De vez en cando haberá que incluír actividades deliberadamente fáciles para que o alumnado con menor nivel de competencia leve a cabo as tarefas con éxito, xa que isto permitirá aumentar a súa confianza.

Recoméndase que o profesorado achegue aos alumnos que o desexan material suplementario para que poidan practicar pola súa conta, xa que o estudo dunha lingua consiste fundamentalmente na práctica. Para isto, o profesor poderá facilitar fotocopias, ligazóns, material de audio, etc., ben fisicamente ou ben a través dun aula virtual.

A programación de aula debe incluír todo este tipo de material adicional para o alumnado que necesite esta axuda extra para acadar os obxectivos, e para os que necesitan avanzar máis rapidamente (*remedial work, repetitive activities and expansion activities*)

Alumnado con discapacidade sensoriais

Aínda que algunhas das estratexias mencionadas anteriormente poden ser válidas tamén para estudantes con algunha discapacidade, queda claro que esta situación presenta outros problemas adicionais, que en moitos casos afectan ao resto do alumnado, ao profesor, e que lle impiden ao alumnado discapacitado enfrontarse con éxito ás actividades e levar o ritmo da clase.

Para evitar todas estas frustracións, é fundamental que o enfoque sexa multisensorial e multitarefa. É evidente que unha clase dedicada exclusivamente á comprensión lectora resultará atractiva para certo tipo de alumnado, negándolle a aqueles con algunha discapacidade visual a oportunidade de participar. Do mesmo xeito, unha actividade de audición resultará menos atractiva para aqueles que teñan algún tipo de discapacidade auditiva. Un achegamento multisensorial, onde se integren as catro destrezas de ler, escoitar, escribir e falar fará que este alumnado teña máis posibilidades de éxito.

Outro tipo de solución, unha vez detectados estes problemas, pasa por facer unha distribución da clase de xeito que o alumnado con discapacidades auditivas poida escoitar ao profesor ou o material auditivo con máis facilidade e os que teñen discapacidades visuais poidan ver o escrito no encerado máis claramente. As actividades fotocopiabíles e os exames pódense entregar tamén en un formato máis grande (A3 en lugar de A4, por exemplo), e o uso de auriculares individuais podería solucionar os problemas do alumnado con discapacidade auditiva.

Por outra banda, hai que procurar dotar a aula e o centro dos recursos adecuados; por exemplo:

- que os alumnos en cadeira de rodas teñan unha mesa de maior altura ou de altura regulable, e que a súa aula estea situada na planta baixa preferiblemente ou ben que teñan acceso a ela no ascensor.
- no caso de ter aulas con mesas de pa, que haxa algunha adecuada para os alumnos zurdos.
- que as persoas con problemas de mobilidade nas mans poidan usar o ordenador para as tarefas de expresión escrita, etc.

En xeral tratarase de que o alumnado con algún tipo de discapacidade se sinta totalmente integrado, para o cal a dirección do centro e as autoridades educativas deberán adoptar as medidas oportunas.

Alumnado con dificultades cognitivas e/ou de memoria de traballo

A modo de recomendación, propóñense algunhas estratexias para minimizar as dificultades de aprendizaxe previndo unha sobrecarga da memoria de traballo, promover as funcionalidades de traballo e empregar estratexias de aula e impacto no deseño das unidades didácticas:

- Reducir as intervencións faladas do profesorado, canto máis fala máis ten que loitar o alumnado por entender.
- Avaliar as demandas de traballo das actividades de aprendizaxe e reducir a dificultade de procesamento. As actividades que supoñen demandas dun almacenamento moi grande/de memoria de traballo implican frecuentemente a retención de cantidades significativas de material verbal cun contido relativamente arbitrario (por exemplo, lembrar secuencias de tres ou máis números ou palabras que non se relacionan entre si).
- Dar tempo de procesamento extra para contestaren preguntas (tempo de espera); simplificar a **cantidade de procesamento mental dándolles "pistas" escritas no taboleiro**.
- Acrecentar o grao de significado e de familiaridade do material que hai que lembrar (personalizar e contextualizar).
- Repetir información importante (repetición espazada), deterse de cando en cando e preguntarlles que resuman o que aprenderon até o momento.
- Dividir instrucións que teñen múltiples pasos en pasos separados, dándolles tempo para realizar os pasos; darlles instrucións escritas como referencia; reestruturar tarefas complexas (dividir en anacos máis pequenos).
- Animar a usar axudas para a memoria (información chave, incluídos os obxectivos das unidades ou actividades, criterios de avaliación, etc.; usar mapas conceptuais; apoios visuais).
- Empregar diferentes organizadores gráficos para ensinar novos conceptos e informacións.
- Minimizar a ansiedade e temores do alumnado, porque impactan na capacidade cognitiva.
- Proporcionar recursos prácticos (na súa mesa, se se precisar) para reducir a sobrecarga de memoria, por exemplo, comezos de oracións, soletreo de vocabulario chave, papel pautado, etc.

- Reducir a cantidade total de material que haxa que almacenar ou lembrar (por exemplo, acurtar as oracións que teñan que escribir ou o número de ítems que teñan que lembrar).
- Usar técnicas de ancoraxe para asegurar que poidan ligar coñecementos previos, proporcionar o contexto, desenvolver rutinas, etc.

O procesamento oral na memoria de traballo supón grandes dificultades, por exemplo, seguir as instrucións orais, coller apuntamentos nas conferencias, respostas escritas a preguntas orais, etc. Por tanto, debemos reducir as cargas da memoria de traballo por medio de:

- Simplificar as instrucións e dividilas en pasos individuais (con axuda de axudas de memoria se for posible).
- Dividir as preguntas en segmentos para minimizar a carga de memoria.
- Repetir o contido varias veces para que o alumnado o ouza e procese claramente.
- Animar o alumnado a pedir información cando se require.
- Dar ao alumnado máis tempo de agarda para poderen procesar a información.

Cómpre, ademais, lembrarmos que:

- Cada estudante ten un nivel e función de memoria de traballo e dificultades cognitivas diferentes.
- A memoria de traballo es as dificultades cognitivas van afectar o desempeño nas probas de avaliación.
- A ansiedade, o estrés e o medo engaden máis problemas ás dificultades cognitivas e á memoria de traballo.
- alumnado que ten moitas dificultades cognitivas e/ou moitos problemas de memoria de traballo na súa L1 vai ter aínda moitos máis coas dificultades cognitivas e coa súa memoria de traballo nunha L2.

Organizadores gráficos facilitadores da memoria de traballo e que palían as dificultades cognitivas:

- mapas conceptuais e 2 columnas pros/contras (para remuíños de ideas, revisión, vocabulario, conceptualización, etc)
- fichas boca abaixo para descubrir pares, con imaxes, palabras, sons, grafías, etc
- arañeiras ou mapas conceptuais (vocabulario)
- dados
- nubes de palabras (vocabulario, conceptos)
- gráficos: liñas, de barras, tarta.
- ["decision tree"](#): elaborar instrucións para resolver un problema
- [diagrama de Venn](#): mostrar similitudes e diferencias
- Smart Art de ciclo: mostrar un proceso de causas-consecuencias
- Liñas temporais: tempos verbais
- Mostrar información sobre cinco tipos de dietas por categorías: táboa ou gráfico, fichas con nomes dos tipos de dietas e outras con definicións, e unilos (isto xa non sería presentación, sería o exercicio)
- Clasificar características: [Diagrama de Carroll](#)
- [Placemat](#): Debater, contrastar.

12. OUTROS CURSOS

Ademais dos cursos ordinarios, o departamento ofrece unha serie de cursos denominados monográficos adaptados ás necesidades e intereses de colectivos específicos ou do público en xeral que non conducen a titulación ningunha. O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das actividades de lingua que se estean a traballar. Esta avaliación terá unicamente valor orientador para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

Dada a tipoloxía dos cursos, non existe unha avaliación formal nin certificación ao remate dos mesmos.

Á marxe tamén dos cursos ordinarios, a EOI de Santiago de Compostela é centro de apoio tutorial para o alumando da modalidade de inglés a distancia *That's English*. Este alumnado si ten dereito a presentarse ás probas de certificación do nivel correspondente para obter certificado ou, no seu caso, título oficial.

12.1. CURSOS MONOGRÁFICOS

O departamento ofrece unha variedade de cursos monográficos nas diferentes sedes da escola. A secuenciación de obxectivos e contidos dos mesmos preséntase a continuación.

Actualización de destrezas comunicativas dirixido ao público xeral. Nivel B2. (60 horas 1º e 2º cuadrimestre). Sede: Vite.

UNIDADE 1: EDUCATION & WORK			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións.		
PCTO	Preguntar e responder en distintos tipos de entrevistas, persoais ou profesionais. Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico.		
MED	Transmitir oralmente ou por escrito a terceiras persoas o sentido xeral ou os detalles máis relevantes de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sobre os temas da unidade.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento das convencións e normas de cortesía no contexto dunha entrevista de traballo.	Planificar a propia aprendizaxe establecendo obxectivos. Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, axuda doutros/as falantes...) na propia aprendizaxe. Relacionar a información nova con coñecementos previos.	Comparar e contrastar alternativas. Pedir opinións sobre algo ou alguén. Recoñecer o grao de formalidade de diferentes tipos de situacións de conversación. Negociar un acordo.	Conversas formais e informais. Entrevistas (persoais e de traballo).
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Morfoloxía do adxectivo composto. Oración simple: posición e concordancia dos elementos (direct and indirect questions, subject questions).	Descrición de persoas: adxectivos de personalidade. Educación e traballo: entrevistas de traballo.		Entoación adecuada en preguntas. Acentuación e uso do guión curto en adxectivos compostos.
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, seguindo as argumentacións. Discrimina patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. Comprende diferentes tipos de textos orais transmitidos nos medios de comunicación.		
PCTO	Interactúa de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade nas que expón as súas opinións e as argumenta. Participa en conversas sinxelas nas que se solicite información utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación. Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as.		
MED	Resume e transmite de maneira oral a información de documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.		
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre. 4 sesións de 2 horas		Materiais didácticos dispoñibles na aula virtual, materiais auténticos extraídos de internet, fotocopias e outros recursos educativos.	

UNIDADE 2: HEALTH & SPORTS			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender programas de actualidade sobre temas de saúde, dieta, deportes, etc.. Comprender ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre ir ao médico e emerxencias médicas. Comprender textos orais sobre bos hábitos e desordes do sono.		
PCTO	Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre o seu tratamento. Describir de xeito preciso e bastante detallado a aparencia física de persoas. Falar sobre un estilo de vida saudable: dieta, sono, deporte.		
MED	Resumir ou reformular oralmente informacións breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises sobre os temas desta unidade).		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
A importancia das dietas equilibradas e outros hábitos de vida saudables.	Adecuar a produción oral á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro en cada caso. Interpretar unha infografía e transmitir esa información.	Entender un diagnóstico simple. Comprender e expresarse con suficiencia en contextos médicos. Describir como levar unha vida saudable: dieta, sono e deporte.	Instrucións e indicacións. Audiovisuais. Presentacións.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Posición e concordancia dos elementos da oración. Posición e gradación do adxectivo. O aspecto. Uso do present perfect simple e present perfect continuous.	Identificación persoal: descrición da aparencia física de persoas. Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: sensacións, doenzas, servizos de saúde, medicina tradicional e alternativa. Léxico relacionado coa comida, deporte e hábitos de vida saudable.	Pronuncia do vocabulario do tema.	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre doenzas, dieta e hábitos de vida saudable. Comprende descricións detalladas sobre comida. Comprende as razóns polas que facer deporte e ter unha dieta saudable son boas para todo o mundo.		
PCTO	Desenvólvese en transaccións da vida cotiá no contexto da saúde. Describe de xeito preciso e bastante detallado aparencia física. Inicia, mantén e remata conversas sobre dieta e vida saudable, xustificando as súas opinións e respectando as quedas de palabras. Fala de facer deporte e como iso afecta positivamente a saúde. Fala de consellos para durmir mellor.		
MED	Transmite as ideas dunha infografía.		
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre. 4 sesións de 2 horas		Materiais didácticos dispoñibles na aula virtual, materiais auténticos extraídos de internet, fotocopias e outros recursos educativos.	

UNIDADE 3: TRAVEL & THE ENVIRONMENT			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender programas de actualidade transmitidos nos medios de comunicación, sobre temas de turismo, viaxes, medio ambiente e clima. Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.		
PCTO	Reflexionar e falar sobre como a industria turística afecta ao medio ambiente, analizar os nosos hábitos de consumo para axudar co medio ambiente e reducir a pegada de carbono. Falar da conexión entre o cambio climático e o tempo. Resolver problemas relativos a viaxes, aeroportos e aloxamento, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.		
MED	Resumir oralmente unha secuencia de acontecementos.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecementos e aplicación dos aspectos sociolingüísticos e socioculturais relativos ás viaxes, transporte e outros servizos públicos. Conciencia ecolóxica e medio-ambiental. Diferenzas socioculturais na percepción de fenómenos meteorolóxicos.	Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave. Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito. Examinar o proceso de mediar e resumir información importante.	Describir os efectos do turismo e transporte no medio ambiente. Describir condicións de clima extremas. Expresar intención ou vontade. Presentar unha reclamación. Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado. Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística.	Conversas formais e informais Debates e discusións formais Audiovisuais.
V – Sintácticos	VI – Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Tempos verbais: Correlación temporal. Colocación dos adverbios. Verbos seguidos de infinitivo e -ing.	Viaxes e medios de transporte. Air travel Tipos de vacacións e aloxamento. Léxico relacionado co medio ambiente. Léxico relacionado co clima e climas extremos.	Pronuncia do vocabulario do tema. Fonemas vocálicos nas formas irregulares de pasado. Pronunciación da terminación do pasado -ed.	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende textos producidos en diferentes situacións comunicativas que conteñen informacións precisas, por exemplo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas. Comprende ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre medio ambiente e/ou clima extremo.		
PCTO	Realiza intercambios de información sobre asuntos relacionados coas viaxes, medio ambiente, clima, utilizando fórmulas simples. Inicia, mantén e remata conversas sobre o medio ambiente e clima extremo xustificando opinións e respectando as quendas de palabra.		
MED	Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.		
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre. 4 sesións de 2 horas		Materiais didácticos dispoñibles na aula virtual, materiais auténticos extraídos de internet, fotocopias e outros recursos educativos.	

UNIDADE 4: FEELINGS & GENDER	
Obxectivos específicos por actividades de lingua	
CTO	Distinguir o ton e o carácter dun texto oral, e interpretar o que escoita con bastante precisión. Comprender ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre recordos de infancia. Comprender descrições detalladas sobre discusión e hábitos que molestan.

	Comprender ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre diferenzas de xénero.		
PCTO	Debater as razóns polas que os desacordos ás veces poden derivar en conflitos máis serios. Expresar remordimentos sobre o que se fixo (ou non) no pasado. Reflexionar e falar sobre a igualdade de xénero no deporte e outros ámbitos da vida cotiá.		
MED	Transmitir as ideas dunha infografía relacionada cos temas da unidade.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos		II - Estratéxicos	III - Funcionais
Coñecemento dos marcadores lingüísticos das relacións sociais, na vida cotiá, os valores e crenzas. Resolución de conflitos e desacordos. Diferenzas de xénero.		Examinar o proceso de mediar información e transmitila. Autoavaliar as producións propias. Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos	Describir como expresar remordimentos. Expresar acordo e desacordo coas opinións doutros, xustificando as súas opinións. Sintetizar unha información. Facer aclaracións, rectificacións etc. Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Estruturas para expresar <i>regrets</i> e expresar <i>agreement and disagreement</i> .		Léxico relacionado cos xestos, linguaxe corporal e sentimentos. Descrición de persoas: estados de ánimo, sentimentos.	Pronunciación do léxico do tema.
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre desacordos e conflitos.		
PCTO	Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e os interpreta identificando con precisión os argumentos, os matices e as posturas concretas. Inicia, mantén e remata conversas expresando acordo e desacordo, e xustifica as súas opinións. Pode expresar distintos tipos de sentimentos adecuados ás situacións nas que se atopa.		
MED	Transmite a información básica dun texto ou infografía relacionados cos temas da unidade.		
Temporalización		Recursos	
1º cuatrimestre. 4 sesións de 2 horas		Materiais didácticos dispoñibles na aula virtual, materiais auténticos extraídos de internet, fotocopias e outros recursos educativos.	

UNIDADE 5: FILMS, BOOKS & MUSIC			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible e articuladas con claridade. Comprender a información nun vídeo sobre a importancia da música en películas e/ou outros aspectos da vida diaria.		
PCTO	Debater os distintos tipos de libros, filmes e música que nos gustan. Facer unha recensión oral dun libro ou filme. Facer comentarios sobre películas, libros ou outras manifestacións artísticas.		
MED	Resumir a trama e a secuencia de acontecementos de películas e novelas.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos		II - Estratéxicos	III - Funcionais
			IV – Discursivos

Reflexión sobre actividades culturais de diversos tipos.	Examinar o proceso de mediar información e transmitila. Autoavaliar as producións propias. Reflexionar sobre o progreso de aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos.	Describir distintos tipos de filmes, libros e música. Sintetizar unha información. Facer aclaracións, rectificacións etc. Discutir sobre a información recibida.	Facer unha mediación: interpretar unha infografía e transmitir esa información. Recensión dun filme ou libro.
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII - Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
A voz pasiva. Verbos dos sentidos. Adxectivos rematados en -ed e -ing	Actividades artísticas: cine, literatura, música e teatro. Léxico relacionado con películas, libros e música.	Pronuncia das silent letters Pronunciación do léxico do tema.	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprender ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre libros. Comprende ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre a música e historia da música		
PCTO	Inicia, mantén e remata conversas sobre actividades de lecer. Inicia, mantén e remata conversas sobre cine, música e libros, xustificando as súas opinións e respectando as quendas de palabras. Fala sobre libros ou películas que se viron.		
MED	Transmite a información básica dun texto ou infografía relacionados cos temas da unidade. É quen de resumir e explicar a trama e a secuencia de acontecementos de películas e novelas.		
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre. 4 sesións de 2 horas		Materiais didácticos dispoñibles na aula virtual, materiais auténticos extraídos de internet, fotocopias e outros recursos educativos.	

UNIDADE 6: CRIME & THE MEDIA			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender descrições detalladas de noticias sobre distintos tipos de delitos. Comprender textos orais sobre como protexer o noso fogar. Comprender ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre noticias e headlines relacionados co crime.		
PCTO	Dar opinións e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre os temas da unidade. Falar sobre crimes reais e ficticios e noticias relacionadas co crime xustificando as súas opinións e respectando as quendas de palabras. Falar sobre como ter o noso fogar seguro. Debater sobre os riscos da rede e cales son as mellores fontes de información.		
MED	Transmitir as ideas dunha infografía. Resumir e transmitir oralmente o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións ou actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, relativos aos temas da unidade.		
Competencias e contidos			
I - Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos

Crimes reais e no cine. A prensa.	Examinar o proceso de mediar información e transmitila. Reflexionar sobre o progreso de aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos.	Dar consellos sobre a mellor maneira de evitar crimes. Reporting news.	Estruturar unha presentación oral na aula sobre o crime.
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII - Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Voz pasiva Estilo indirecto Expresar <i>advice</i>	Léxico relacionado con crimes e delitos e penas. Léxico relacionado cos medios de comunicación	Pronunciación do léxico do tema.	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende ideas e conceptos básicos nun texto oral sobre delitos e tipos de delitos. Comprende noticias sobre o tema da unidade.		
PCTO	Inicia, mantén e remata conversas nas que se expresa acordo e desacordo sobre delitos e as súas penas. Pode facer recomendacións e dar consellos sobre como protexer o fogar de roubos. É quen de facer unha presentación na que se fale de crimes reais ou ocorridos en películas.		
MED	Transmite a información básica dun texto ou infografía sobre os temas da unidade.		
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre. 4 sesións de 2 horas		Materiais didácticos dispoñibles na aula virtual, materiais auténticos extraídos de internet, fotocopias e outros recursos educativos.	

UNIDADE 7: ADVERTISING, MONEY AND SHOPPING (FASHION)			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre roupa e moda e descrições detalladas sobre a vestimenta. Comprender exposicións relativamente complexas sobre os temas da unidade, a velocidade normal, en lingua estándar cunha pronuncia clara.		
PCTO	Falar de campañas publicitarias: slogans, logos, e debater como os anuncios xogan coas emocións. Falar sobre a moda e a roupa coa que un se viste xustificando as súas opinións e respectando as quendas de palabras. Describirse a si mesmo ou a terceiros destacando como van vestidos. Falar de tendas emblemáticas.		
MED	Transmitir a información dun texto ou infografía. Tomar notas para terceiras persoas recollendo os puntos máis relevantes nun relatorio claramente estruturado sobre cuestións relacionadas cos temas da unidade.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento e aplicación na comprensión de textos dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á publicidade e a moda. Recoñecemento dos valores e costumes relacionados coa vestimenta e a moda.	Traballar de forma colaborativa achegando información. Autoavaliar as producións propias. Reflexionar sobre o progreso propio na aprendizaxe da lingua e a consecución dos obxectivos. Recoñecer as dificultades de comprensión.	Describir como as campañas de anuncios afectan a distintos comportamentos. Describir como o que levamos posto nos define.	Estruturar un texto para facer unha mediación: interpretar unha infografía e transmitir esa información. Estruturar unha presentación oral na aula sobre os temas da unidade.
V - Sintácticos		VI - Léxicos	VII - Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Direct and indirect questions. Comparatives. Substantivos contables e incontables	Léxico relacionado coa publicidade, as compras e a moda. Descrición da aparencia: roupa, complementos. Actividades económicas e comerciais.	Pronunciación do léxico do tema.
Criterios de avaliación		
CTO	Comprender ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre moda e roupa. Comprende textos orais bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, etc. relacionados cos temas da unidade.	
PCTO	Inicia, mantén e remata conversas sobre moda e roupa. Describe a unha persoa, facendo fincapé en como vai vestida.	
MED	Transmite a información básica dunha infografía ou texto sobre os temas da unidade.	
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre. 3 sesións de 2 horas		Materiais didácticos dispoñibles na aula virtual, materiais auténticos extraídos de internet, fotocopias e outros recursos educativos.

UNIDADE 8: SCIENCE & TECHNOLOGY			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender instrucións e indicacións técnicas de produtos de uso común. Comprender ideas e conceptos concretos nun texto oral sobre tecnoloxía, internet e/ou redes sociais.		
PCTO	Realizar unha presentación simple e curta sobre os temas da unidade, expoñendo experiencias, feitos etc. Falar sobre inventos e avances científicos e tecnolóxicos.		
MED	Reelaborar información procedente de distintas fontes, sintetízala e comunícala de maneira oral.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecementos e aplicación dos aspectos sociolingüísticos e socioculturais relativos á ciencia.	Traballar de forma colaborativa Organizar o material de aprendizaxe.	Expresar opinións sobre avances científicos e tecnolóxicos.	Audiovisuais
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Cuantificadores.	Ciencia e tecnoloxía: avances e tecnolóxicos.		Pronunciación do léxico do tema. Cambio de patróns de acentuación en procesos de derivación morfolóxica.
Criterios de avaliación			
CTO	É capaz de seguir en liñas xerais as instrucións en textos técnicos e con vocabulario específico, aínda que poida omitir algún detalle. Segue as fases detalladas en instrucións e entende normativas con vocabulario técnico e específico.		
PCTO	Exprésase sobre os temas da unidade con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir.		
MED	Media entre falantes transmitindo información específica, opinións e argumentos e ofrecendo as opinións propias con amabilidade e claridade. Transmite a información básica dunha infografía sobre os temas da unidade.		
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre. 3 sesións de 2 horas		Materiais didácticos dispoñible na aula virtual, materiais auténticos extraídos de internet, fotocopias e outros recursos educativos.	

Curso para colectivo profesional: xornalistas. Nivel B2. (60 horas, 1º e 2º cuadrimestre). Sede: Vite.

Este curso está dirixido a xornalistas profesionais e profesorado de xornalismo que desexen desenvolver as súas competencias de comprensión e expresión oral con especial fincapé nos seguintes aspectos:

- a comprensión oral de textos xornalísticos extraídos da radio, televisión e outros medios da internet
- a expresión oral para a locución de textos xornalísticos na radio, televisión e outros medios
- a expresión oral para a realización de entrevistas nestes medios
- a expresión escrita para a redacción de noticias e entrevistas nestes medios
- a perfección da pronuncia e entoación

Obxectivos específicos por actividades de lingua, competencias e contidos e criterios de avaliación

UNIDADE 1: The interview			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.		
CTE	Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.		
PCTO	Interactuar espontaneamente en conversas sobre tema de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.		
PCTE	Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.		
MED	Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as convencións sociais.	- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos. - Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.	- Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas. - Sintetizar unha información.	- Conversas formais e informais - Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Posición e concordancia dos elementos da oración - Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersoal - Correlación temporal nas oracións	- Traxo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...	- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.		
CTE	Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.		
PCTO	Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.		
PCTE	Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.		
MED	Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como o ton e as intencións dos e das falantes de maneira organizada e en lingua estándar.		
Temporalización		Recursos	

1º cuadrimestre 5 sesións de 2 horas	Aula virtual Moodle, material audiovisual extra da internet (opcional), materiais de elaboración propia (opcionais) segundo á discreción do profesor.
-----------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

UNIDADE 2: The newspaper			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.		
CTE	Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.		
PCTO	Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.		
PCTE	Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.		
MED	Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou rler as seccións difíciles.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesia, rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida.	- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. - Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.	- Pedir opinións sobre algo ou alguén. - Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.	- Conversas formais e informais - Debates e discusións formais - Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas... - Informes, resumos e esquemas
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
- O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto	- Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet....	- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...		
CTE	Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.		
PCTO	Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados ao propósito comunicativo.		
PCTE	Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.		
MED	Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.		
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre 5 sesións de 2 horas		Aula virtual Moodle, material audiovisual extra da internet (opcional), materiais de elaboración propia (opcionais) segundo á discreción do profesor.	

UNIDADE 3: Social media	
Obxectivos específicos por actividades de lingua	
CTO	Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
CTE	Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.

PCTO	Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.		
PCTE	Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.		
MED	Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortésia, rexistros nas seguintes áreas: as convencións sociais, os valores e crenzas.	- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. - Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.	- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc. - Discutir sobre a información recibida.	- Presentacións
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos	- Actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas... - Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...	- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...		
CTE	Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.		
PCTO	Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.		
PCTE	Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico e propio do nivel.		
MED	Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.		
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre 5 sesións de 2 horas		Aula virtual Moodle, material audiovisual extra da internet (opcional), materiais de elaboración propia (opcionais) segundo á discreción do profesor.	

UNIDADE 4: Television	
Obxectivos específicos por actividades de lingua	
CTO	Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.
CTE	Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
PCTO	Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.
PCTE	Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p.e. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

MED	Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou rler as seccións difíciles.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesia, rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos.	- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos. - Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.	- Reproducir mensaxes e opinión doutras persoas. - Sintetizar unha información. - Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.	- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado - Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Uso da impersonalidade	- Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía... - Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais... - Educación: o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...	- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas. - Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...).	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fio condutor.		
CTE	Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.		
PCTO	Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.		
PCTE	Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.		
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet	

UNIDADE 3: HEALTH + FOOD + SPORT			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender programas de actualidade transmitidos nos medios de comunicación, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida.		
PCTO	Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre o seu tratamento.		
MED	Resumir ou reformular oralmente ou por escrito informacións breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises).		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecementos dos marcadores de relacións persoais e servizos públicos. Respecto pola opinión allea.	Adequar o discurso á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas en cada caso.	Entender e aventurar un diagnóstico simple. Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. Construír argumentos razoados.	-Instrucións e indicacións -Audiovisuais -Presentacións
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Posición e concordancia dos elementos da oración. Posición e gradación do adxectivo. O aspecto. Uso do present perfect simple e present perfect continuous.	Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: partes do corpo, sensacións, doenzas, servizos de saúde, medicina tradicional e alternativa, coidado do sono. Deporte e hábitos saudables.	A entoación, o ritmo e o acento en enunciados.	

	Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía.	
Criterios de avaliación		
CTO	Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, seguindo as argumentacións.	
PCTO	Desenvólvese en transaccións da vida cotiá explicando o motivo dun problema.	
MED	Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.	
Temporalización		Recursos
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet

UNIDADE 4: TRAVEL + ENVIRONMENT			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.		
PCTO	Resolver problemas relativos ao aloxamento, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.		
MED	Resumir ou reformular o contido e ideas principais dun documental.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecementos e aplicación dos aspectos sociolingüísticos e socioculturais relativos ás viaxes, os servizos públicos e aos libros e á lectura en xeral. Conciencia ecolóxica e medio-ambiental. Diferenzas socioculturais na percepción de fenómenos meteorolóxicos.	Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave. Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.	Especular sobre causas e consecuencias. Expresar intención ou vontade. Presentar unha reclamación ou queixa. Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado. Presentar unha reclamación ou queixa.	-Conversas formais e informais -Debates e discusións formais -Audiovisuais -Textos xornalísticos -Informes, resumos e esquemas
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Tempos verbais: Correlación temporal nas oracións. O futuro perfecto e o futuro continuo. O uso de adverbios en predicións. Oración composta. Subordinación: -condicionais tipo 0 e tipo 1. -temporais de futuro.	Viaxes e medios de transporte. Clima, condicións atmosféricas e ambiente: meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais.		A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende textos orais bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, documentais.		
PCTO	Fai presentacións breves sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias.		
MED	Reelabora información procedente de distintas fontes, sintetízaa e comunícaa de maneira oral.		
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet	

UNIDADE 5: FILMS + MUSIC + BOOKS	
Obxectivos específicos por actividades de lingua	
CTO	Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible e articuladas con claridade.

PCTO	Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela. Facer comentarios sobre películas, libros ou outras manifestacións artísticas.		
MED	Resumir a trama e a secuencia de acontecementos de películas e libros.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Reflexión sobre actividades culturais de diversos tipos: o cine, a televisión, a música, a literatura.	Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.	Sintetizar unha información. Facer aclaracións, rectificacións etc. Discutir sobre a información recibida.	Conversas formais e informais Películas, programas de TV.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto	Actividades artísticas: cine, teatro, música, literatura.	Fonemas vocálicos nas formas regulares de pasado.	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende textos bastante extensos como: películas de trama sinxela, series, representacións teatrais.		
PCTO	Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais, pedindo información e ofrecendo razoamentos e explicacións.		
MED	Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as.		
Temporalización		Recursos	
1º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet	

UNIDADE 6: FASHION + SHOPPING			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.		
PCTO	Describir de xeito preciso e bastante detallado a aparencia de persoas e prendas de vestir. Resolver problemas relativos a actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.		
MED	Resumir ou reformular oralmente informacións breves dos medios de comunicación ou doutras fontes.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecementos dos marcadores de relacións persoais e servizos públicos. Recoñecemento dos valores e costumes relacionados coa vestimenta e a moda.	Adequar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas en cada caso.	Desenvolverse con soltura nun comercio. Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. Construír argumentos razoados.	-Audiovisuais -Anuncios publicitarios
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Posición e concordancia dos elementos da oración. Posición e gradación do adxectivo.	Actividades económicas e comerciais. Política e sociedade: modas e tendencias sociais.	A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, seguindo as argumentacións.		
PCTO	Desenvólvese en transaccións da vida cotiá explicando o motivo dun problema. Describe de xeito preciso e bastante detallado a aparencia física e prendas de vestir.		
MED	Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.		
Temporalización		Recursos	
2º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet	

UNIDADE 7: MONEY + HOUSING			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			

CTO	Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.		
PCTO	Dar opinións e argumentar en conversas e debates sobre asuntos económicos e a vivenda.		
MED	Resumir ou reformular o contido e ideas principais dun documental ou programa de noticias.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento e aplicación na comprensión de textos dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á economía e á vivenda.	Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.	Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.	Textos orais: -Conversas formais e informais -Audiovisuais Textos escritos: - artigos xornalísticos
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Expresión da condición. Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais	Actividades económicas e comerciais. Vivenda, fogar e contorna.		A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas aos temas da vivenda e a economía.		
PCTO	Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos.		
MED	Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.		
Temporalización		Recursos	
2º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet	

UNIDADE 8: ADVERTISING + BUSINESS			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, a velocidade normal, en lingua estándar cunha pronuncia clara.		
PCTO	Dar opinións e argumentar en conversas e debates sobre o mundo empresarial e a publicidade		
MED	Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento e aplicación na comprensión de textos dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á publicidade.	Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.	Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. Construír argumentos razoados.	Textos orais: - Anuncios publicitarios - Audiovisuais Textos escritos: - Anuncios publicitarios
V - Sintácticos	VI - Léxicos		VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos
Substantivos contables e incontables Oración simple Oración composta	Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas, industria... Información e medios de comunicación: publicidade		Procesos propios da lingua: patróns de acentuación en palabras con prefixos e sufixos.
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas aos temas dos negocios e a publicidade.		
PCTO	Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais, pedindo información e ofrecendo razoamentos e explicacións.		

MED	Reelabora información procedente de distintas fontes, sintetízaa e comunícaa de maneira oral.	
	Temporalización	Recursos
	2º cuatrimestre 6 sesións de 2 horas	Fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet

UNIDADE 9: CRIME + MEDIA			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender as liñas argumentais e as ideas principais de textos orais e escritos de certa complexidade.		
PCTO	Dar opinións e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre o crime e os medios de comunicación.		
MED	Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises).		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecemento e aplicación na comprensión de textos dos aspectos socioculturais relativos ao quebrantamento da lei e aos distintos delitos. Reflexión sobre os aspectos socioculturais relativos aos medios de comunicación.	Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.	<ul style="list-style-type: none"> ● Expresar e pedir opinións sobre comportamentos, feitos e situacións; razoar argumentos. Sintetizar información. Expresar información de xeito impersoal por medio da voz pasiva. Referir o contido dunha información periodística.	<ul style="list-style-type: none"> ● Textos orais: ● - Conversas formais e informais - Audiovisuais. Textos escritos: - Textos xornalísticos
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	
Uso da impersonalidade e voz pasiva. O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto.	Información e medios de comunicación Política e sociedade: lei, delitos e penas. Traballo e profesión: medios de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> ● Fonemas que presentan dificultades. Percepción e utilización dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.	
Criterios de avaliación			
CTO	Comprende textos xornalísticos sobre temas de actualidade transmitidos por distintos medios onde o autor adopta certos puntos de vista e expresa opinións, de maneira implícita e explícita.		
PCTO	Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais, pedindo información e ofrecendo razoamentos e explicacións.		
MED	Reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir a información orixinal da fonte. Compara e contrasta información de distintas fontes e resume os aspectos máis relevantes.		
Temporalización		Recursos	
2º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet	

UNIDADE 10: SCIENCE + TECHNOLOGY			
Obxectivos específicos por actividades de lingua			
CTO	Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa relacionada cos temas da ciencia e novas tecnoloxías.		
PCTO	Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.		
MED	Resumir ou reformular o contido e ideas principais dun documental ou programa de noticias.		
Competencias e contidos			
I – Socioculturais e sociolingüísticos	II - Estratéxicos	III - Funcionais	IV - Discursivos
Coñecementos e aplicación dos aspectos sociolingüísticos e socioculturais relativos á ciencia.	Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)	Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións. Construír argumentos razoados. Comparar e contrastar alternativas.	Textos orais: - Debates e discusións formais - Audiovisuais. Textos escritos: - Infografías, resumos e esquemas.
V - Sintácticos	VI - Léxicos	VII – Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	

Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores.	Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos.	Cambio de patróns de acentuación en procesos de derivación morfolóxica.
Criterios de avaliación		
CTO	Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, sobre os temas da ciencia e a tecnoloxía.	
PCTO	Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre os temas das novas tecnoloxías e a ciencia, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.	
MED	Reelabora información procedente de distintas fontes, sintetízaa e comunícaa de maneira oral.	
Temporalización		Recursos
2º cuadrimestre 6 sesións de 2 horas		Fotocopias, audios e vídeos, recursos en internet

12.2 CURSOS CALC E FOR

Os Cursos de Actualización Lingüística do Profesorado (CALC) e Actualización e Perfeccionamento de Destrezas Comunicativas dirixido ao Profesorado (FOR), están orientados ao desenvolvemento das destrezas escritas e orais e da competencia comunicativa nunha lingua estranxeira, co fin de que o profesorado participante consiga a capacidade expresiva necesaria para poder impartir as súas aulas baixo estas premisas. Por este motivo, os CALC están dirixidos, preferentemente, ao profesorado de centros plurilingües e seccións bilingües que debe dar a súa materia en lingua estranxeira, pero pode matricularse calquera profesor que desexe acreditarse para impartir áreas, materias ou módulos non lingüísticos nunha segunda lingua.

Os CALC organízalos a Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, ofértanse a través do CAFI e dos Centros de Formación e Recursos e son impartidos por profesorado das Escolas oficiais de idiomas. Estes cursos teñen como obxectivo a preparación do profesorado para a superación das probas de certificación e no departamento de inglés da EOI de Santiago impártense nos niveis Intermedio B2, Avanzado C1 e Avanzado C2 na sección de Sar e no nivel Avanzado C1 na sección de Ribeira. As persoas asistentes recibirán un certificado polas 60 horas de formación recibidas, pero non a acreditación de nivel lingüístico, para o que deben superar as probas de certificación oportunas.

G2301068 Actualización e perfeccionamento de destrezas comunicativas dirixido ao profesorado. Inglés nivel B2. Sede: Sar.

Obxectivos

1. Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar.
2. Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade.
3. Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade.

Contidos

1. Expresións de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros e que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, así como riqueza léxica.
2. Intercambio de información en conversas con fluidez, eficacia e espontaneidade, en diferentes ámbitos de interacción social, destacando as ideas principais e defendendo opinións e puntos de vista con claridade.
3. Contidos (léxicos, discursivos, funcionais e situacionais) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.
4. Priorización das tarefas vinculadas co eido educativo

5. Énfase na autonomía da aprendizaxe e a autoavaliación

6. Utilización das TIC.

S2301069 Actualización e perfeccionamento de destrezas comunicativas dirixido ao profesorado. Inglés nivel C1. Sede: Sar.

Obxectivos

1.Comprensión oral. Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes.

2.Expresión e interacción oral. Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos.

3.Expresión e interacción escrita. Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais.

Contidos

1.Expresións de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros e que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, así como riqueza léxica.

2.Intercambio de información en conversas con fluidez, eficacia e espontaneidade, en diferentes ámbitos de interacción social, destacando as ideas principais e defendendo opinións e puntos de vista con claridade.

3. Contidos (léxicos, discursivos, funcionais e situacionais) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

4. Priorización das tarefas vinculadas co eido educativo

5. Énfase na autonomía da aprendizaxe e a autoavaliación

6. Utilización das TIC.

S2301070 Actualización e perfeccionamento de destrezas comunicativas dirixido ao profesorado. Inglés nivel C2. Sede: Sar.

Obxectivos

1.Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos e

2.Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, unha ampla gama de textos orais e escritos extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, adecuados á expresión de matices

3. Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha

1. A sociedade: medios de comunicación, educación, sanidade, xustiza...

2. As relacións persoais, as actividades comerciais, bens e servizos...

3. As actividades artísticas, ciencia e tecnoloxía.

4. As relacións sociais, académicas e profesionais.

5. Recursos idiomáticos: expresións idiomáticas e coloquiais. Rexistro e estilo.

6. Énfase na autonomía da aprendizaxe e a autoavaliación e uso das TIC.

S2301030 Curso de actualización lingüística e comunicativa (CALC). Inglés nivel B2. Sede: Sar.

Obxectivos

1. Comprender textos orais e escritos extensos, ben organizados e lingüisticamente complexos en lingua estándar, sobre temas de ámbito específico e facendo uso de estratexias comunicativas.

2. Producir con corrección textos orais e escritos de extensión variada, ben estruturados e con precisión e fluidez sobre unha ampla serie de temas e adecuados ao contexto.

3. Contextualizar as interrelacións entre a lingua e as distintas áreas que se imparten no centro, facendo fincapé nos temas, textos, competencia profesional, situacións, aspectos socioculturais e léxico.

Contidos

1. Expresións de certa complexidade lingüística, en lingua estándar, nunha variedade de rexistros e que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes, así como riqueza léxica.

2. Intercambio de información en conversas con fluidez, eficacia e espontaneidade, en diferentes ámbitos de interacción social, destacando as ideas principais e defendendo opinións e puntos de vista con claridade.

3. Contidos (léxicos, discursivos, funcionais e situacionais) que reflicten os ámbitos e situacións comunicativas propias do contexto das áreas obxecto de estudo.

4. Priorización das tarefas vinculadas co eido educativo.

5. Énfase na autonomía da aprendizaxe e a autoavaliación.

6. Utilización das TIC.

S2301031 Curso de actualización lingüística e comunicativa (CALC). Inglés nivel C1. Sedes: Sar (presencial) e Ribeira (semipresencial).

Obxectivos

1. Utilizar o idioma con fluidez e naturalidade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, adaptándose con facilidade a unha gama extensa de situacións e rexistros.

2.Comprender e producir textos complexos sobre temas xerais, da súa especialidade e/ou dos ámbitos académico e profesional, cun bo dominio dun repertorio amplo de recursos lingüísticos.

3.Contextualizar as interrelacións entre a lingua e as distintas áreas que se imparten no centro, facendo fincapé nos temas, textos, competencia profesional, situacións aspectos socioculturais e léxico.

Contidos

1.A comunicación: idiomas e sociedade.

2.As relacións persoais, a cultura, a economía, o mundo natural,...

3.As relacións sociais, académicas e profesionais.

4.Recursos idiomáticos: usos idiomáticos frecuentes.

5.Énfase na autonomía da aprendizaxe e a autoavaliación.

6.Utilización das TIC.

S2301033 Curso de actualización lingüística e comunicativa (CALC). Inglés nivel C2. Sede: Sar.

Obxectivos

1.Utilizar o idioma dun xeito fluído, natural e preciso, tanto na linguaxe oral coma na escrita, adaptándose con facilidade a unha ampla gama de situacións e rexistros.

2.Comprender e producir textos complexos sobre temas xerais, da súa especialidade ou específicos, cun bo dominio dun repertorio amplo de recursos lingüísticos e un alto grao de corrección.

3.Empregar mecanismos de organización e cohesión textual apropiados ao nivel e á finalidade de cada discurso e contexto.

Contidos

1.A sociedade: medios de comunicación, educación, sanidade, xustiza...

2.As relacións persoais, as actividades comerciais, bens e servizos...

3.As actividades artísticas, ciencia e tecnoloxía.

4.As relacións sociais, académicas e profesionais.

5.Recursos idiomáticos: expresións idiomáticas e coloquiais. Rexistro e estilo.

6.Énfase na autonomía da aprendizaxe e a autoavaliación e uso das TIC.

12.3. THAT'S ENGLISH

As características, estrutura, o currículo e as probas correspondentes aos niveis Básico A2, Intermedio B1, Intermedio B2 e Avanzado C1 das ensinanzas de réxime especial de Inglés adaptadas á modalidade de educación a distancia mediante o programa *That's English* son as descritas no Real Decreto 1041/2017, Real Decreto 1/2019, Decreto 81/2018 do 19 de xullo da Consellería de Educación, e na normativa da Dirección Xeral de Formación Profesional sobre a organización dos niveis básico A2,

intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 das ensinanzas de inglés de réxime especial na modalidade de educación a distancia, mediante o programa *That's English*, a Instrución 6/2023.

No curso 2023-2024 o departamento de inglés impartirá as seguintes titorías, en horario de mañá e tarde:

Nivel	Curso	Módulo
Intermedio B1	Intermedio B1	Intermedio B1.1
		Intermedio B1.2
Intermedio B2	1º Intermedio B2	Intermedio B2.1
		Intermedio B2.2
	2º Intermedio B2	Intermedio B2.3
		Intermedio B2.4
Avanzado C1	Avanzado C1	Avanzado C1.1
		Avanzado C1.2

Ao remate dos módulos B1.2, B2.4 e C1.2 o alumnado deberá superar as probas terminais de certificación dos niveis intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 respectivamente. Estas probas son unificadas para todo o alumnado que curse ensinanzas de idiomas de réxime especial, independentemente da modalidade (presencial ou a distancia) cursada.

13. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Avaliación da programación e instrumentos

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen.

Podemos identificar diferentes elementos avaliábeis partindo do proceso ensino-aprendizaxe e a súa modelación en sentido sistémico. Estes elementos non son máis que a composición do propio proxecto curricular, se ben esta análise terá que ser feita dende unha perspectiva práctica e concreta tendo en conta: que metas se presentan, arredor de que contidos xira, que medidas de intervención didáctica se presupoñen, que materiais e recursos didácticos se utilizaron, que sistemas de avaliación se aplicaron e a funcionalidade procedimental xeralmente empregada.

Avaliación dos obxectivos

- Adecuación dos obxectivos xerais de nivel.
- Se se relacionan con todos os niveis evolutivos do alumno.
- Se os requirimentos se adaptan ós coñecementos e capacidades reais dos alumnos nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Se teñen redundancias ou contidos innecesarios

Avaliación dos contidos

- Se concretan os obxectivos propostos
- Se se adaptan ao currículo vixente.
- Se amosan unha lóxica interna.
- Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe
- Se inclúen autoavaliación do estudante (nas súas propias metas)

Avaliación do conxunto da experiencia educativa

- Se a súa estrutura permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.
- Se a súa estrutura e oferta permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requirimentos, propostas e ideas dos alumnos.
- Se ten en conta o proceso de autoavaliación e autoaprendizaxe do alumno.
- Se permite a adquisición de aprendizaxe instrumental por parte do alumno.

Avaliación dos recursos didácticos

- Se apoian a interacción entre os estudantes e entre profesor-estudantes.
- Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fin didácticos do tipo de trípticos, periódicos, etc.
- Se os recursos son útiles para o desenvolvemento dos contidos e a consecución dos obxectivos.
- Se permiten a práctica de diferentes formas de expresións.
- Se son atractivos na presentación dos temas.
- Se estimulan as diferentes formas receptivas.
- Se son adecuados para o seu uso creativo.
- Se estimulan a participación activa do estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.
- Se o estudante participa dalgún xeito na súa escola.

Para analizar estes aspectos, a programación didáctica estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación didáctica á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se considere oportuno. Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

1. Reunións de coordinación. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, permitindo adaptala ás necesidades do alumnado e facendo os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito. O seguimento da programación tamén se poderá facer perante enquisa mensual que se faga de forma virtual.
2. Reunións de avaliación final. Estas reunións de final de curso terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, reflectindo na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformulados.
3. Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos a reformar que se consignen na memoria serán tidos en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.
4. Enquisas de satisfacción entre o alumnado. Este instrumento permite coñecer a opinión do alumnado respecto á adecuación do libro de texto, das actividades propostas, da temporalización seguida e do traballo de aula, entre outros datos.
5. Estatísticas. Despois de feita a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto ao número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica.

Un dos instrumentos usados na aula para a valoración do desenvolvemento da programación son as táboas de autoavaliación do Portfolio Europeo das Linguas, as cales son útiles para que o profesor faga una reflexión sobre o enfoque do curso e para que os alumnos reflexionen sobre a seu grao de adquisición das competencias do nivel.

14. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Os procedementos que se usarán para realizar a avaliación interna do departamento son os seguintes:

Observación

A observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados. A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas, do contacto co profesorado do departamento tanto persoalmente como por correo electrónico, e das queixas de alumnas e alumnos.

Reflexión en grupo

Isto pode facerse entre os seguintes colectivos:

- Entre todo o profesorado nas reunións de departamento.
- En reunións entre as distintas xefaturas de estudo e a xefa do departamento para analizar as necesidades que poidan ter as distintas seccións.
- Nas reunións de coordinación de nivel e entre a xefatura de departamento e os coordinadores.
- Na CCP e outras reunións co equipo directivo.

Enquisas

Unha vez no curso envíarase unha enquisa ao profesorado do departamento para analizar o funcionamento do mesmo. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:

- Anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir algunha á man e non se farán preguntas identificadoras.
- Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.
- Brevidade.

O modelo de enquisa relativo á avaliación interna do departamento que se enviou a última vez é este:

Cuestionario sobre o funcionamento do departamento de inglés (Curso 2023/24)

Traballo de coordinación docente

Que aspectos organizativos cres que se deben manter como ata o de agora porque funcionan ben?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta ás reunións de departamento?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta á elaboración da programación?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta ao banco de materiais?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta á elaboración das probas finais?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta á comunicación e coordinación entre seccións?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta á acollida e apoio ao profesorado novo ou profesorado substituto?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta á acollida e apoio ao profesorado novo ou profesorado substituto?

Probas libres e probas finais

Que aspectos organizativos cres que se deben manter como ata o de agora porque funcionan ben?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta a organización do calendario, a administración das probas e outras tarefas relacionadas?

Actividades culturais e de promoción do idioma e biblioteca

Que aspectos organizativos cres que se deben manter como ata o de agora porque funcionan ben?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta á programación e realización de actividades culturais?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta á actividade da biblioteca, coma compra e xestión de fondos bibliográficos, actividades de promoción da lectura, etc.?

Que aspectos cres que poden mellorar no que respecta ao material e recursos didácticos do departamento?

Observacións finais

Aproveita este espazo para comentar calquera outro aspecto que non aparecese mencionado nas preguntas anteriores.

15. PROCEDIMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

Como en calquera aspecto da vida, tamén nos centros de ensino é necesario, antes de deseñar e intervir, realizar un estudo previo – análise de necesidades – que nos permita calcular coa maior exactitude posíbel os aspectos en que debemos centrar o noso traballo formativo, como debemos realizalo e secuencialo, etc.

É importante que a análise das necesidades non sexa realizada “de arriba para abaixo”, é dicir, que non sexan exclusivamente os membros dos equipos directivos, da inspección ou da Consellaría os que determinen cales son as necesidades que ten o profesorado; para isto é importante lembrar que as necesidades non son só déficits ou carencias e que existen necesidades de diferente tipo:

- Normativas: aluden ao establecido por lei normal ou social.
- Sentidas: percepcións subxectivas de cada persoa.
- Expresas: esixencias xeneralizadas.
- Comparativas: derivadas da diferenza entre grupos en igualdade de condicións onde un posúe algo que os outros non teñen.
- Prospectivas: fan referencia a necesidades que xurdirán no futuro.

Os procedementos básicos que se utilizarán para detectar as necesidades de formación do profesorado do departamento serán principalmente tres:

Observación

A simple observación persoal permítenos detectar problemas, necesidades e carencias que poderían ser remediados a través da acción. A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas ou estrañas e das queixas de alumnas e alumnos.

Reflexión en grupo

A través das reunións de departamento, as reunións da CCP, as reunións de coordinación ou outras xuntanzas informais, faranse chegar á dirección as necesidades formativas que se vaian detectando.

Enquisas

As enquisas periódicas poden ser tamén ferramentas útiles para detectar as necesidades de formación entre o profesorado do departamento.

Esta programación didáctica foi elaborada polo profesorado integrante do departamento de inglés e coordinada pola xefatura do departamento.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2023